²⁹ Non obstante, o TC non realiza unha configuración correcta da natureza deste tributo, na opinión de GARCÍA FRÍAS, M^a. A., “La constitucionalidad del recargo catalán sobre «la tasa estatal que grava las máquinas tragaperras» (STC 296/1994, do 10 de novembro)”, en *JT*, n.º 68/1995, páx. 20-21.

³⁰ *Ibid.*, páx. 22. Así mesmo, sinala que “a este aspecto terminolóxico se le ha dado excesiva importancia y es un falso problema”, sobre todo se se atende á natureza xurídica das recargas, como veremos.

tributos cedidos. A principal característica que achegou este cambio é a simplificación das normas sobre recargas. Así, por unha parte, eliminouse o inciso final do art. 12.1 LOFCA, que permitía o establecemento de recargas sobre os impostos non cedidos que gravasen a renda ou o patrimonio das persoas con domicilio fiscal no territorio da Comunidade Autónoma. Este cambio, sen embargo, é totalmente aparente, pois no primitivo texto aludíase, aínda sen nomealo, ó IRPF, que agora, ó ser un tributo susceptible de cesión, poderá ser recargado de igual forma, co que perdía o seu sentido a subsistencia dese último inciso do precepto ó que nos referimos.

Segundo o art. 11 da LOFCA, só serán susceptibles de cesión os seguintes impostos:

- a) Imposto sobre a renda das persoas físicas, con carácter parcial co límite máximo do 30 por 100.
- b) Imposto sobre o patrimonio.
- c) Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.
- d) Imposto sobre sucesións e doazóns.
- e) A imposición xeral sobre as vendas na súa fase minorista.
- f) Os impostos sobre consumos específicos na súa fase minorista, salvo os recadados mediante monopolios fiscais.
- g) Os tributos sobre o xogo."

Así, pois, só caberá establecer recargas autonómicas sobre estes impostos. As dúbidas poden xurdir en relación a dous aspectos concretos que poden coarta-lo establecemento de recargas. Por unha parte, determinar se o límite do 30 por cento que opera na cesión do IRPF opera tamén como límite á recarga, é dicir, se esta, no caso de establecerse, debería recargar só ata o límite desa porcentaxe do imposto estatal ou se, pola contra, ese límite non xoga en relación coas recargas, cuestión que gaña en interese dende o momento en que se suprimiu da LOFCA a posibilidade de recargar aqueles impostos estatais non susceptibles de cesión que gravasen a renda ou o patrimonio das persoas físicas domiciliadas no territorio da Comunidade Autónoma. Por outra parte, a atribución ás CCAA de competencias normativas en relación ós tributos cedidos, fará, ó noso xuízo, que as recargas teñan un escaso atractivo para as CCAA, que previsiblemente optarán, aínda que tamén nos parece unha opción pouco atractiva para elas, polo uso desas potestades normativas antes que polo establecemento de recargas, da cal só a mención pode producir un efecto negativo pouco desexable.

No referente ó IRPF, consideramos que a LOFCA, ó limita-la posibilidade das recargas ós tributos susceptibles de cesión, está

en realidade buscando que as recargas non poidan supoñer unha medida que provoque desigualdades das prohibidas polo art. 157 CE, co que intenta que esta figura só sexa aplicable a aqueles tributos máis facilmente localizables en relación cunha determinada comunidade. Precisamente cremos que esta é a causa da desaparición da posibilidade xenérica de establecer recargas no IRPF, contemplada con anterioridade. Destas consideracións, e dado que na actualidade podería falarse, unha vez atribuída capacidade normativa ás CCAA sobre os tributos cedidos, máis que dun IRPF en dous tramos, de dous impostos (ou, polo menos, dúas partes) claramente diferenciados, podería deducirse que no novo sistema LOFCA non é viable unha recarga xeral sobre o IRPF senón que esta posibilidade se limita ó que podemos denominar «IRPF autonómico».

Sen embargo, dado que a localización territorial en relación co IRPF a rexeitou o TC, polo menos como esixencia ríxida, cremos que tamén pode defenderse que o tributo susceptible de cesión é o IRPF no seu conxunto, con independencia do límite ata o que efectivamente se poida ceder –ou efectivamente se ceda– en cada momento concreto. Con esta segunda interpretación habería que chegar á conclusión de que podería recargarse sobre todo o IRPF, con independencia dos límites cuantitativos nos que se cifre a cesión.

3.3. Límites á potestade de recargar. Principios constitucionais e recargas.

Dentro dos límites á potestade autonómica de establecer recargas, hai que partir, como non podía ser doutro modo, da única norma específica sobre esta figura (deixando a un lado as que só se limitan a enuncialo), que non é outra que o art. 12 da LOFCA. Con respecto a isto, neste precepto atópanse, ó noso xuízo, dous grandes límites á posibilidade de recargar: por unha parte, o contido no parágrafo 1º de artigo, consistente na delimitación do ámbito obxectivo das recargas ó dos tributos susceptibles de cesión ás CCAA, ó que xa aludimos. O outro grande límite é o contido no apartado 2º do precepto, ó que podemos denominar límite na configuración da recarga.

Este último, pola súa vez, presenta dous aspectos distintos: en primeiro lugar, sinálase que as recargas non poderán supoñer “unha minoración nos ingresos do Estado por ditos impostos”, o que simplemente se traduce en prohibi-la consideración da recarga como deducible no imposto-base, cuestión que puxo unanimemente de manifesto a doutrina³¹. Sen embargo, tamén se puxo de relevo que as recargas deducibles sobre os impostos

³¹ JIMÉNEZ COMPAIRED, I., “La constitucionalidad del recargo del 3 por 100 sobre la cuota líquida del IRPF en cuanto ingreso o recurso de la Hacienda Autonómica. (Notas a la Sentencia del Tribunal Constitucional 150/1990, de 4 de octubre)”, en *Civitas-REDF*, n.º 69/1991, páx. 117; RODRÍGUEZ MONTAÑÉS, M.ª. P., *Los recargos como ingreso tributario de los Entes Públicos territoriales*. IEF, Madrid, 1991, páx. 89; GARCÍA FRÍAS, M.ª. A., *La financiación... cit.*, páx. 168 e LÓPEZ DÍAZ, A., “Régimen jurídico...”, cit., páx. 95.

efectivamente cedidos non diminuírían os ingresos do Estado, senón os da propia Comunidade Autónoma, co que en principio sería viable tal deducibilidade. Non obstante, a medida non tería demasiado sentido en tanto que non produciría un incremento dos ingresos das comunidades autónomas³².

En segundo lugar, esíxese que as recargas non desvirtúen “a natureza ou a estrutura dos impostos sobre os que recaen”. Esta idea foi interpretada pola doutrina de diversos modos. Así, sinaláronse diversas circunstancias: afectaríalle á natureza do tributo base o establecemento dunha recarga que invertese a progresividade (Cors Meya³³), que se esixe para unha vinculación máxima ó tributo-base, o que suporía que a recarga sobre un imposto persoal e directo debe establecerse sobre a cota líquida (García Frías³⁴); ou que simplemente se reitera nesta limitación a prohibición de ter en conta a recarga no imposto-base (Rodríguez Montañés³⁵ e López Díaz³⁶). Dende o noso punto de vista, o precepto significa tanto como dicir que a través dunha recarga non poderá, en ningún caso, incidirse sobre o feito imponible do imposto-base, para varia-la súa configuración en calquera sentido (por exemplo, ó establecer un mínimo exento para a recarga distinto do propio do imposto base), nin tampouco sobre os elementos de cuantificación dese feito imponible ata o punto –base ou cota– que actúe como base imponible da propia recarga.

Na redacción do art. 12 da LOFCA, sen embargo, botáronse de menos por parte de certos autores dúas referencias que limiten o ámbito das recargas: por unha parte, a existencia dun límite cuantitativo máximo que deben respectar tódalas CCAA no establecemento de recargas, como garantía da igualdade e do respecto ós equilibrios interrexionais. Conectada a ela está a presumible necesidade dunha lei que desenvolvese as recargas dun modo específico, que responden ás necesidades de coordinación de tódalas posibles recargas autonómicas. Ámbalas cuestións, a primeira das cales xa se puxo de manifesto nos debates parlamentarios da lei³⁷, resolveunas o TC na S. 150/1990, ó sinalar que non resulta precisa, dende un punto de vista xurídico e sen entrar nos criterios de oportunidade política, unha lei estatal que coordine as recargas, e aclarar que a existencia de autonomía financeira permite a existencia de desigualdades entre as cargas tributarias que se deberán soportar nas distintas CCAA.

Doutra banda, apuntamos que, para algúns autores, a recarga pode configurarse como un tributo propio da Comunidade. En tal caso, como xa puxemos de relevo, debería terse en conta o artigo 9 da LOFCA (e -por remisión deste- o art. 6), con tódolos

³² Cfr., LÓPEZ DÍAZ, A., “Régi-men jurídico...”, cit., páx. 95.

³³ CORS MEYA, F. X., “Los recargos...”, cit., páx. 420-421.

³⁴ GARCÍA FRÍAS, M^a. A., *La financiación...*, cit., páx. 169.

³⁵ RODRÍGUEZ MONTAÑÉS, M^a. P., *Los recargos...*, cit., páx. 90-91.

³⁶ Cfr., LÓPEZ DÍAZ, A., “Régi-men jurídico...”, cit., páx. 96.

³⁷ Cfr., MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA, *Ley Orgánica...*, cit., páxs. 425 e segs., nas que figura unha emenda formulada no Congreso dos Deputados que solicitaba o establecemento de límites cuantitativos ás recargas. Outras dúas emendas en idéntico sentido presentáronse no Senado (cfr., *Ibid.*, páx. 493-494).

seus límites á potestade impositiva das CCAA. Xa adiantámola nosa opinión con respecto a isto, e sinalamos que tales límites practicamente deixarían baleira de contido a posibilidade de zestablecer recargas sobre os impostos sobre a renda ou sobre o patrimonio, posto que poderían dar lugar a gravame, case con seguridade, de bens situados, ou rendas orixinadas, fóra do territorio da Comunidade, como por outra parte sinalou o TC na súa S. 150/1990³⁸, na que afirma que “estando fóra de toda dúbida que a Comunidade Autónoma [...] pode establecer recargas sobre os impostos estatais, é tamén indubidable que ningún dos límites constitucionais que condicionan o exercicio de dito poder tributario pode ser interpretado de tal maneira que faga inviable o exercicio daquela potestade tributaria”.

Neste punto, sen embargo, hai que ter presente que, segundo algúns autores, a LOFCA non estaría facendo outra cousa, neste artigo 9, que desenvolve los límites previstos no artigo 157.2º da CE. Aínda así, pode sosterse que a lei puido excederse dos límites marcados pola CE, que só impide o gravame de bens situados fóra do territorio da CA. Non obstante, esta apreciación non a compartiu a doutrina, que sinalou que o termo «bens» debe tomarse nun sentido amplo, e debe entenderse como referido a todo aquilo que sexa susceptible de considerarse como «riqueza gravada»³⁹.

Sen embargo, o propio TC, na S. 150/1990, sinalou que o límite do art. 157.2º CE non intervén en relación coas recarga sobre o IRPF, posto que este “lles prohíbe ás comunidades autónomas adoptar as medidas tributarias sobre bens situados fóra do seu territorio, pero non sobre a renda das persoas con domicilio fiscal no seu territorio, aínda que esta renda proveña, en parte, de bens localizados fóra da Comunidade Autónoma” (f. x. 5º). Segundo Jiménez Compaired, o Tribunal con esta interpretación, “trata de evitar el vaciamiento de contenido de una potestad que le corresponde a la Comunidad Autónoma, soslayando los obstáculos que la hacían impracticable”⁴⁰. O problema, ante esta interpretación, non se encontra, pois, no IRPF, senón máis ben na posibilidade de establecer recargas no imposto sobre o patrimonio, como sinalaron García Frías⁴¹ e López Díaz⁴².

Un último límite ó establecemento de recargas por parte da Comunidade Autónoma sobre os impostos estatais vén dado, como non podía ser doutro modo, pola propia natureza de prestacións tributarias que teñen as recargas. Asentado este punto de partida, resulta evidente que a configuración destas debe respecta-los principios constitucionais en materia tributaria, sina-

³⁸ Que sinala expresamente, no seu f. x. 5º, que a extensión ás recargas autonómicas sobre impostos estatais do “conxunto de principios que o lexislador estatal preveu no artigo 9 da LOFCA unicamente en relación cos impostos propios das comunidades autónomas [...] máis alá incluso da súa complexa instrumentación técnica, conducirla a deixar baleiro de contido o art. 12 da LOFCA e a facer, en parte, impracticable o mandato do propio art. 157.1.a) da Constitución”.

³⁹ Vid., JIMÉNEZ COMPAIRED, I., “La constitucionalidad...”, cit., páx. 112.

⁴⁰ *Ibid.*

⁴¹ GARCÍA FRÍAS, M^a. A., *La financiación...*, cit., páx. 170.

⁴² LÓPEZ DÍAZ, A., “Régimen jurídico...”, cit., páx. 90.

ladamente os de igualdade e capacidade contributiva e o seu correlato da prohibición de confiscatoriedade. Con respecto a isto, cremos que pouco cabe dicir que non se dixera xa en relación con estes principios.

Neste punto, a posible vulneración do principio de igualdade no establecemento de recargas por parte dunha CA foi obxecto de pronunciamento polo TC na tan citada S. 150/1990, que afirmou respecto disto que o exercicio da competencia "para establecer recargas sobre os impostos estatais non require [...] unha xustificación explícita da desigualdade tributaria que produce, xa que é unha manifestación da súa autonomía financeira, que ten lugar no marco da Constitución, do Estatuto e da LOFCA". Ademais, sinalouse que "a exacción dunha recarga autonómica [...] non quebra a igualdade de posicións xurídicas fundamentais dos cidadáns no cumprimento dos deberes que lles impón o art. 31 da Constitución; se así fose, quedaría radicalmente eliminada a potestade das comunidades autónomas para establecer recargas, en contradición coas previsións constitucionais".

En canto ó outro grande principio ó que nos referiamos, o de capacidade contributiva, hai que ter en conta que pola propia natureza e estrutura das recargas, estas respectarán tal principio en tanto en canto este sexa respectado polo imposto-base na delimitación do seu feito imponible, e difícil –se non imposible– será a creación dunha recarga que, establecida sobre un imposto na definición do cal se teña en conta a capacidade contributiva, non respectase ese principio⁴³. Por iso, o grande reto na configuración das recargas autonómicas, ó noso xuízo, está no principio de non confiscatoriedade, se ben coa definición que deste nos deu o TC, que considera que só existirá confiscatoriedade cando se esgote a riqueza gravable (f. x. 9º S. 150/1990), dificilmente se arbitrará unha recarga tal que leve á vulneración deste principio. Non obstante, o xogo do límite da non confiscatoriedade, á que só podería chegarse por unha acumulación abusiva de recargas, fai que a doutrina recorra á necesidade de coordinación entre os distintos niveis territoriais no establecemento das recargas⁴⁴.

⁴³ Así o consideran tamén GARCÍA FRÍAS, M^a. A., *La financiación...*, cit., páx. 141 e RODRÍGUEZ MONTAÑÉS, M^a. P., *Los recargos...*, cit., páx. 111.

⁴⁴ GARCÍA FRÍAS, M^a. A., *La financiación...* cit., páx. 155.

4. Perspectivas de futuro. A recarga como vía para o financiamento autonómico e a súa viabilidade práctica

Unha vez analizado o réxime xurídico das recargas, é conveniente realizar unha valoración destas como medio de financiamento das comunidades autónomas e unha análise das súas perspectivas de futuro. Con respecto a isto, pode dicirse que, sintetizando os achegamentos realizados sobre a recarga, existen unha serie de vantaxes do recurso a esta vía, ás que haberá que ponderar cos inconvenientes que tradicionalmente poñen de relevo os estudiosos da materia⁴⁵.


Como **vantaxes** das recargas citáronse a súa sinxela utilización, a súa doada articulación xurídica e a súa aceptabilidade técnica, o seu potencial recadatorio, a súa facilidade de xestión e administración e, o feito de que psicolxicamente é mellor aceptada polo contribuínte, ó ir "camuflada" nun tributo estatal (non estamos de acordo con este último argumento, senón que cremos que a propia idea de recarga resulta especialmente gráfica e por iso facilmente perceptible polo cidadán).

Os principais **argumentos utilizados en contra** foron a súa condición de concepto tributario "parasito" (idea coa que non estamos de acordo, pois o parasito non só vive por conta do outro suxeito, senón que o prexudica, cousa que non acontece coa recarga e o imposto recargado), os excesos de tributación ós que poden dar lugar (cuestión que, en todo caso, dependerá da presión fiscal do tributo-base, e non do feito da propia recarga. Por outra parte, o feito de que se note o exceso de tributación da recarga demostra a súa validez como instrumento para a consecución da corresponsabilidade fiscal), a posible desidia na súa xestión ó non estar esta en mans do titular do mesmo (tam pouco cremos que poida aceptarse este argumento, pois a Administración xestora será a titular do imposto-base, co que terá interese directo na recadación), e a susceptibilidade de crear agravios comparativos entre as CCAA (xa nos referimos a este problema e á solución que lle deu o TC).

Réstannos simplemente dúas consideracións para rematar este repaso sobre a figura das recargas autonómicas sobre impostos estatais como medio de financiamento. A primeira delas, é a consideración, nun sistema tributario coordinado e lóxico, das recargas como medio principal de financiamento autonómico. Neste sentido, cremos que a recarga é vía ideal para conseguir a tantas veces argumentada corresponsabilidade fiscal. Así, nun sistema como o que propoñemos, ó lado dos impostos estatais e dos autonómicos, que deberían ser propios en todo caso e non

⁴⁵ Unha síntese dos diferentes argumentos pode verse en GUERVÓS MAILLO, M^a. A., "Los recargos tributarios autonómicos como instrumento de protección ambiental", en *Impuestos*, n.º 9/1996, páx. 120-123.

simplemente cedidos, por máis que se ceda tamén capacidade normativa, deberían situarse as recargas como forma de complementa-lo financiamento dos entes territoriais. Deste modo, conseguiríase simplifica-lo sistema, sobre todo no plano da xestión, aforraríanse con isto os custos derivados da duplicidade de administracións e, por último, o cidadán podería coñecer con exactitude cáles dos seus tributos lles corresponden ás distintas administracións. Así o pensou tamén o chamado Libro Branco, que considerou como unha das vías adecuadas para o novo sistema de financiamento autonómico, “el establecimiento, primero, de unos recargos compensados sobre un espectro de impuestos estatales más la posibilidad de variarlos en su cuantía hacia arriba o hacia abajo”, que “permitiría situar el grado de corresponsabilidad en los niveles deseados”⁴⁶.

Sen embargo, aínda que consideramos esta como a vía deseable, tememos que o presente, e sobre todo o futuro da recarga, serán outros ben distintos. Non cremos que sexa pesimismo, senón simple realismo, o feito de intuír que, ó escaso predicamento que tivo tradicionalmente a figura da recarga, da que se criticou todo, empezando pola propia denominación, haberá que unirle unha previsible evolución (ou tal vez, mellor, unha involución) que levará a que as recargas non pasen de ser, no mellor dos casos, simples proclamacións normativas. Non parece moi posible que unha opción de financiamento da que gozaban unhas CCAA carentes de potestades normativas sobre os impostos cedidos, nos que só poderían actuar a través da recarga, e que sen embargo foi moi pouco usada, por non dicir simplemente non utilizada, vaia gañar predicamento nunhas CCAA que foron investidas de poderes normativos nos mesmos impostos sobre os que poderían establecer recargas, o que lles permitirá fuxir dos fantasmas que sempre, se ben inxustamente, acompañaron esta figura. 

⁴⁶ MONASTERIO ESCUDERO, C., PÉREZ GARCÍA, F., SEVILLA SEGURA, J.V. e SOLÉ VILANOVA, J., *Informe sobre el actual sistema de financiación autonómica y sus problemas*, IEE, 1995, páx. 67-68.

Os proxectos progresistas das deputacións de 1842

Catedrático de Historia do
Dereito e das Institucións.
Universidade de Santiago de
Compostela

Pedro Ortego Gil

A cordado polas Cortes que a Rexencia fora única, Espartero nomeou, con data 21 de maio de 1841, a Antonio González como presidente do Consello de Ministros. Ó día seguinte expuxo perante o Senado a orientación política que quería darlle ó seu Goberno. Do seu discurso podemos entresacar un parágrafo que, de forma implícita, lle afecta ó Goberno provincial. Di así “El Gobierno interior del país es bien cierto que tiene una parte en el supremo del Estado, pero cuenta con elementos inferiores que proponen otra parte del Poder ejecutivo, y como en esta no tenga todo lo necesario para ser fuerte en utilidade de la Nación, se hacen precisas las leyes orgánicas, que el Gobierno presentará a la deliberación de las Cortes; mas en la situación en la que nos encontramos, en esta situación critica en que hay que luchar con graves inconvenientes y dificultades, es imposible presentarlas tan pronto como era de desear”¹.

¹ Tomado de NIDO y SEGALVERA, Juan del, *Antología de las Cortes de 1840 a 1846*, Madrid, 1910, páx. 358.

Poucos días despois designábase unha Comisión “que teniendo presente los buenos principios que hoy se conocen en administración, y aprovechando las lecciones que hayan podido aprender en los diferentes destinos que han desempeñado sus individuos”, elaborase con brevidade os proxectos de lei para “poner en armonía con la Constitución y demás leyes las de los ayuntamientos y Diputaciones provinciales, en el método de su elección, y en lo relativo a sus atribuciones respectivas, como también de fijar de un modo claro y terminante las facultades y deberes de los Jefes políticos”².

A pesar da brevidade solicitada, o certo é que tardaron varios meses en presentarse os proxectos de lei relacionados co réxime provincial e municipal. Con data 14 de marzo de 1842 presentouse perante o Senado o proxecto sobre organización e atribucións dos concellos³, mentres que os relativos a deputacións e xefes políticos non se presentaron ata o 18 de abril seguinte⁴. Para dictaminar sobre estes dous últimos proxectos nomeouse unha comisión da que formaban parte Álvaro Gómez Becerra, Juan Lasaña, Francisco Romo y Gamboa, o Conde de Soto-Ameno e Martín de los Heros⁵.

Hai que resaltar, ademais, que con esta medida se abandonaba a vía da autorización lexislativa para poder promulgar un texto orgánico, como se intentara en 1840 co Proxecto de deputacións que foi presentado xunto co de autorización ante o Congreso dos Deputados. Ó mesmo tempo, hai que destacar que no ano 1842 se alteraba a tramitación parlamentaria ordinaria pois, enviouse o texto primeiro ó Senado, o cal era legalmente posible pero non habitual. Dende a perspectiva das circunstancias políticas era, sen embargo, a máis conveniente para o gabinete⁶.

Dende unha perspectiva xeral e comparativa, Concepción de Castro afirma que, aínda que estes proxectos “se caracterizan por su espíritu liberal y bastante descentralizador, se hallan a medio camino entre la organización de 1823 y la que el progresismo parecía dispuesto a aceptar en 1838-1840, bajo el gobierno de los moderados”⁷. Así o manifestaba a exposición que precedía o proxecto no seu parágrafo segundo, ó dicir que, “no cree el Gobierno que en España puede ni debe llevarse la centralidad del poder al extremo a que ha llegado en otras naciones por causas antiguas y diversas; pero si entiende que necesitamos alguna más de la que hoy existe si hemos de ser nación libre y ordenada en el interior, fuerte y respetada en el extranjero”.

Apoiábanse en que a Constitución de 1837 esixía a reforma das deputacións provinciais, e posto que estas aínda se rexían pola

² Formaban parte dela o ministro da Gobernación da Península, como presidente e os seguintes deputados a Cortes: Francisco Cabello –xefe político en varias provincias–, Javier Quinto –xefe de sección do dito ministerio–, Francisco Ferro Montaos –alcalde que fora de Madrid–, Félix Domenech –alcalde que foi de Barcelona–, Juan Francisco Morate –secretario da Deputación de Madrid– e José Posada –catedrático da Universidade de Oviedo–. Real Orde do 8 de xuño de 1841, en *Gaceta de Madrid*, 9 de xuño de 1841, n.º 2427.

³ *Diario de Sesiones del Senado* (=D.S.S.), Apéndice segundo, páxs. 455 a 462. O Proxecto leva data do día anterior.

⁴ D.S.S., n.º 43, páx. 652 e apéndice. O Proxecto de deputacións tamén pode consultarse en *Gaceta de Madrid*, 22, 23, 24 e 25 de abril de 1842, n.º 2751 a 2754; mentres que o de xefes políticos se encontra nas do 25 e 27 de abril, n.º 2754 e 2756.

⁵ D.S.S., Sección do 19 de abril de 1842, n.º 44, páx. 696. Elixíron como presidente a Gómez Becerra e por secretario a Romo, en D.S.S., Sección do 25 de abril de 1842, n.º 46, páx. 730.

⁶ Neste sentido CASTRO, Concepción de, *La Revolución liberal y los municipios españoles*, Madrid, 1979, páxs. 163 e 164.

⁷ *La Revolución liberal*, páx. 161.

Lei do 3 de febreiro de 1823, era preciso adoptar unha nova regulación. Buscábase unha nova transacción, aínda que agora dende o sector político progresista, admitindo algúns aspectos da concepción administrativa dominante e algunhas notas que propuxeran os moderados con anterioridade.

Consta o proxecto que presentou o Goberno, por man de Facundo Infante, de seis títulos, as súas rúbricas e orde correspóndense co establecido polos anteriores membros da Comisión do Congreso no ano 1838 e no 1840. Isto é, organización, cualidades para ser elector e deputado, modo de face-las eleccións, sesións, atribucións e orzamento provincial. En total son 74 artigos os que constitúen o dito texto.

O seu art. 1 ampliará a composición da Deputación con respecto á que estaba instaurada. Hai que sinalar, sen embargo, que desaparecía a figura do Intendente de Facenda, posto que as súas funcións as pasaba a asumir o xefe político⁸, co que xa se anunciaba o que se establecería con carácter definitivo no ano 1849.

Respecto dos deputados provinciais amplíase o seu número, "haciendo más representativos a estos organismos", como afirma Concepción de Castro⁹. As regras de representación eran: un deputado por cada un dos partidos xudiciais que compoñen a provincia, sendo o mínimo de nove¹⁰; se a poboación dos partidos excedera de sete mil veciños, elixirían dous deputados; as cidades con máis dun xulgado de primeira instancia, formarían tantos partidos como foran estes; e, nas provincias que non houbera nove circunscricións xudiciais, os partidos con maior poboación, anque non alcanzasen a citada cifra de sete mil veciños, elixirían dous ata completa-lo número de nove. Do mesmo

⁸ O art. 1 do Proxecto sobre gobernos políticos non deixaba dúbida: "En cada provincia habrá un jefe político; esta autoridad desempeñará las funciones que hoy le están cometidas por la ley y las de los intendentes, cuyo empleo queda suprimido". Chegouse a afirmar que con este texto, os xefes "serán en adelante lo que han debido de ser siempre: los jefes superiores de la provincia en el orden civil", en *Gaceta de Madrid*, 2 de maio de 1842, n.º 2761.

⁹ *La Revolución liberal*, páxs. 162 e 163.

¹⁰ A Lei do 15 de xaneiro de 1837 dispuxo que o número de deputados provinciais sería igual ó de partidos xudiciais, sempre que estes non baixaran de sete, como fixara o R.D. do 21 de setembro de 1835. O art. 69 da Constitución daquel ano declarou que "en cada provincia habrá una Diputación provincial compuesta del número de individuos que determine la ley, nombrados por los mismos electores que los Diputados a Cortes". No seu desenvolvemento a Lei do 13 de setembro de 1837 sobre organización das deputacións provinciais establecía que as deputacións se comporían *por agora* do Xefe político, do Intendente e "de un número de diputados igual al de los partidos judiciales en que se divide, siempre que estos no bajen de siete, que ha de ser el minimum de los diputados".

xeito que se elixían os deputados propietarios, había que proceder á designación dos suplentes¹¹.

Recuperando a proposta dalgún texto anterior, a Deputación debían renovala, cada tres anos, terceiras partes¹². Para determinar cáles eran os deputados que debían substituírse por primeira vez, procederíase por sorteo. Pero como podía existir un número de deputados que non fora múltiplo de tres, o último inciso do art. 4 viña dispoñer que "si hubiese un quebrado se renovará en el primer año, si dos el segundo se comprenderá en la segunda renovación"¹³.

A súa elección correspondíalles ós electores de deputados a Cortes, o que de modo implícito supón unha remisión á lei electoral xeral, que era a que indicaba cáles eran os requisitos para ser elector¹⁴. En cambio si se determinaban as cualidades para poder ser elixido deputado provincial: ser elector conforme á Lei electoral, de maneira que coinciden o número de electores e de elixibles e residir e ter veciñanza polo menos con tres anos de antigüidade¹⁵, sen que fora necesario tela no partido polo que se saía elixido, o que provoca en determinados casos a dobre elección.

A cualificación do cargo era a acostumada de honorífico, grauíto e obrigatorio durante os tres anos do mandato¹⁶. Non obstante, quedaban incapacitados para chegar a ser deputados, segundo o art. 7, os seguintes individuos: os debedores ós fondos públicos apremados; os arrendatarios, administradores e os seus fiadores dos terreos municipais ou provinciais; os contratistas de obras provinciais e os seus fiadores; os que percibiran soldo ou retribución con cargo ós fondos provinciais ou municipais; os empregados en servizo activo, ben foran da Casa Real ou do Estado; e, os ordenados *in sacris*¹⁷. As exclusións, salvo as dúas últimas, teñen un marcado carácter económico, pois trataban de impedir malversacións de fondos públicos unha vez que se accedese ó cargo. En canto á exclusión de empregados públicos ou da Real Casa podía solucionarse mediante unha referencia xenérica no punto anterior, aínda que non se incluían, loxicamente, nesta inhabilitación o xefe político porque era o presidente nato da corporación. Esta última medida impedía que a dependencia do Poder executivo fora absoluta, non só formal, senón tamén material. Por último, en canto ós clérigos ordenados, recollíase algunha proposta do trienio aínda que non desboto a súa inclusión expresa no texto por evidentes motivos políticos.

O art. 8 do Proxecto do 18 de abril de 1842 reproduce o seu correlativo do Proxecto de 1840 ó referirse ás escusas que podían

¹¹ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 2. En parecidos termos o art. 3 do Proxecto do 21 de marzo de 1840, que consideraba un número de suplentes igual ó de propietarios.

¹² Proxecto do 18 de abril de 1842, arts. 3 e 4. Fronte á duración de catro anos e renovación por metade do art. 3 do Proxecto de 1840, optábase agora polos tres anos e renovación por tercios.

¹³ Era unha medida lóxica, similar ás renovacións bianuais, nas que se mandaba saír na primeira a maior parte se o número era impar. A regra arriba mencionada responde ó seguinte suposto: se foran 10 deputados, renovaríanse sucesivamente 4, 3 e 3; se se tratara de 11, 4, 4 e 3.

¹⁴ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 5, primeiro do título II, que reproduce o primeiro inciso do art. 4 do Proxecto de 1840.

¹⁵ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 6. Aumentouse nun ano a residencia que o art. 6 do Proxecto de 1840 fixara en dous. De acordo co art. 16 do Proxecto de concellos do 13 de marzo de 1842, non podían ser nomeados para cargos municipais os que non levaran tres anos de veciñanza e residencia na vila, coas matizacións que se incluían a continuación.

¹⁶ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 3. Reproduce os termos do art. 3 do Proxecto de 1840.

¹⁷ O art. 7 do Proxecto de 1840 só excluía os mencionados nos catro primeiros lugares.

¹⁸ A regulación é semellante á establecida trala promulgación da Lei electoral o 20 de xullo de 1837 que influíu no modo de celebra-las eleccións para o nomeamento de deputados provin-

ciais, posto que o art. 4 da Lei do 13 de setembro de 1837 dispuxo que, "para hacer estas elecciones se observarán las reglas y formalidades prescritas en el capítulo IV de la Ley electoral de 20 de julio último, con las modificaciones indispensables que el Gobierno determinará". No seu desenvolvemento, o Goberno dictaría a Orde do 6 de novembro daquel ano que regula o proceso electoral con minuciosidade.

¹⁹ Salvo a distinción de tres posibilidades diferentes –extraordinaria, ordinaria e parcial, o que hai que poñer en relación co art. 12 do proxecto progresista– reproduce nos seus termos o art. 9 do Proxecto de 1840.

²⁰ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 12. Os arts. 2 da Real orde do 24 de outubro de 1839 e 3 do Decreto do 13 de outubro de 1840, normas certamente especiais por estar destinadas a renovacións concretas, fixaban os días de comezo con maior concreción, aínda que con referencia ó 10 de novembro.

²¹ Existe un matiz importante en relación co art. 10 do Proxecto moderado de 1840, pois mentres neste se encomendaba a división dos partidos administrativos en distritos ó xefe político, oíndo a Deputación; o texto progresista atribuíalle, de acordo cos seus postulados, esta tarefa á Deputación Provincial, aínda que a súa aprobación lle correspondera ó citado delegado ou ó propio Goberno. O art. 9 da Real orde do 24 de outubro de 1839 ordenaba que a fixera o xefe político coa Deputación.

²² Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 11.

²³ Hai que poñelo en relación cos arts. 11 e 13 do Proxecto de 1840, así como os arts. 6 e 7 do Decreto do 13 de outubro de 1840.

alegarse para non acceder ó cargo: cando foran reelixidos sen gardar un espazo de tempo de dous anos, os sexaxenarios e os deputados a Cortes, senadores e os individuos de concello –esta inclusión era unha novidade– se non transcorrese un ano dende que cesaron nos seus empregos.

O réxime electoral, regulado no título III, seguía as pautas marcadas por propostas anteriores ó recoller unha minuciosa regulación sobre esta materia¹⁸. A convocatoria de eleccións podía verificarse por real convocatoria se fora extraordinaria; ou ben por orde do xefe político se fose ordinaria, isto é, a renovación por terceiras partes cada tres anos, ou parcial nalgunha provincia¹⁹. A elección dos deputados provinciais comezaría, se fose ordinaria, o 1 de novembro; se extraordinaria, o día que fixara a convocatoria real; e se parcial, o que designara na súa orde o xefe político. Estas convocatorias debían publicarse no *Boletín Oficial da Provincia* con suficiente anticipación, e comunicar tamén o local no que debía reunirse a xunta electoral²⁰.

Ó recoller disposicións incluídas con anterioridade en leis ou decretos específicos sobre eleccións de deputacións, o art. 10 do proxecto que nos ocupa viña ordenar que a Deputación formara os distritos electorais de acordo coa comodidade dos electores, sinalando como cabeza os pobos que "por su mayor centralidad faciliten la concurrencia, a no ser que su designación se comprenda en la ley de división territorial". Verificada esta división pasaríase ó xefe político, e se non se opuxera, comunicarlle ós concellos afectados para o seu coñecemento, ó tempo que a mandaría publicar no boletín oficial para que chegara a noticia dos electores. Se, polo contrario, estivera disconforme coa división e o sinalamento, devolveríalle o expediente, coas súas observacións á Deputación Provincial, para que as tomara en conta e modificara o anterior acordo. Pero se a Deputación insistira no por ela acordado, o xefe trasladaríallo ó Goberno para que este decidira en última instancia²¹. Acordada e aprobada a división electoral non podería variarse, salvo que se modificara a división territorial vixente²². Esta norma sería aplicable ós supostos de modificación ou alteración dos límites provinciais, o que obrigaría a ampliar ou reducir os distritos, aínda que estes podían ser distintos para cada unha das eleccións.

Rompendo coa regra marcada polo Decreto do 13 de outubro de 1840 que sinalaba un total de cinco días para as votacións de distrito, aínda que de conformidade co Proxecto de 1840, o art. 13 do texto progresista dispoñía que as eleccións duraran catro días: o primeiro deles para a designación da mesa electoral, e os tres restantes para as votacións²³.

O primeiro día baixo a presidencia do alcalde, ou de quen fixera as súas veces, iniciárase a votación para a elección da mesa electoral definitiva²⁴. Con este obxecto constituiríase previamente unha mesa provisional composta polo alcalde e dous electores por el designados, para que fixeran de escrutadores. De inmediato, os electores pasarían a designar, nas súas papeletas, os candidatos a presidente e catro secretarios escrutadores, que comporían a definitiva. A atribución destes encargos faríase entre os cinco primeiros que máis votos obtiveran pola súa orde. Se os designados non contaran con maioría absoluta, procederíase a unha nova elección, pero só entre os que obtiveran máis votos, en tal caso bastaría a maioría relativa. Os empates resolveríase a sorte²⁵. Se por ventura, esta operación electoral que debería iniciarse ás nove da mañá se terminase antes de transcorrer as seis horas que cada día se destinaban á elección, procederíase de forma inmediata á votación para deputados provinciais. Pero se non se elixira a mesa dentro deste horario, ampliaríase todo o necesario ata constituíla²⁶.

As votacións efectuaríanse mediante papeletas rubricadas. Os votantes apuntaríanse co seu nome e veciñanza despois de comprobada a súa inclusión nas listas, que debían estar na mesa²⁷. As papeletas conterían tantos nomes cantos foran os deputados para elixir, e un suplente por cada partido. As que contiveran máis nomes quedarían anuladas, como os nomes repetidos ou que non puideren lerse. Si valerían as demais, anque incluísen menos nomes dos necesarios²⁸.

Concluída a votación de cada día, a mesa electoral verificaría o escrutinio confrontando o número de votos co de votantes, redactaría a acta e resolvería as reclamacións que se presentasen²⁹. Rematado o escrutinio, anunciaríase o resultado e queimaríanse as papeletas³⁰. Durante os días que durara a votación procederíase, antes das oito da mañá do día seguinte, a publicar na parte exterior do edificio onde se fixeran as votacións, a lista de electores que votaron e o resumo do escrutinio³¹.

Ás dez da mañá do día seguinte ó que concluíse o período de votación, a mesa formaríase un resumo xeral de votos e redactaría a acta final, con mención das reclamacións formuladas, o número de electores, votantes e votos de cada candidato, tamén deben asinala os seus compoñentes³². Tralo cal se nomearía un comisionado para que levara a copia certificada da acta e acudira ó escrutinio xeral da cabeza de partido³³.

O escrutinio debía facelo na cabeza de partido unha xunta xeral composta polo concello en pleno daquela –sen voto nas resolucións– e os comisionados dos distritos. Presidiríaa o alcalde,

²⁴ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 13, que reproduce substancialmente o art. 11 do Proxecto de 1840.

²⁵ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 14, que coincide co previsto no art. 12 do Proxecto de 1840.

²⁶ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 15.

²⁷ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 16, que concorda co previsto nos arts. 13 e 14 do Proxecto de 1840.

²⁸ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 17, último inciso, que reproduce con algunha matización o art. 16 do Proxecto de 1840.

²⁹ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 17, primeiro inciso, que reproduce o disposto no art. 15 do Proxecto de 1840.

³⁰ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 18, que reproduce con algunha excepción –electores por público– o art. 17 do Proxecto de 1840.

³¹ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 19, que reproduce case literalmente o art. 18 do Proxecto de 1840.

³² Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 20, aínda que con algún engadido –expresión de protestas e reclamacións na acta– vén reproducir os arts. 19 do Proxecto de 1840 e 8 do Decreto do 13 de outubro de 1840, pero este último sepárase nalgúns aspectos da regulación arriba mencionada.

³³ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 21, que reproduce con diferente redacción o art. 20 do Proxecto de 1840.

³⁴ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 22, que reproduce os termos do art. 21 do Proxecto de 1840, se ben este non contiña ningunha matización ou previsión similar á recollida no primeiro precepto sobre negárllle-lo voto ós concelleiros do concello da cabeza de partido na adopción de resolucións.

³⁵ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 23, que concorda co art. 22 do Proxecto de 1840.

³⁶ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 24.

³⁷ Proxecto de 18 de abril de 1842, arts. 24 e 28. Ata este texto nunca se recollera que se lle enviaran dúas copias ó xefe político, xa que o normal é que só se lle remitise unha. Concorda no esencial cos arts. 23 e 25 do Proxecto 1840.

³⁸ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 25, que coincide no fundamental co art. 24 do Proxecto de 1840.

³⁹ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 26, que reproduce en termos similares o último inciso do art. 24 do Proxecto de 1840.

⁴⁰ Proxecto do 18 de abril de 1840, art. 27, que reproduce algún dos preceptos propostos por Silveira en 1838.

⁴¹ Os arts. 26 e 27 do Proxecto de 1840 encomendábanlle esta decisión ó xefe político, oída a Deputación. É evidente a diferente concepción política dos moderados -preponderancia das facultades do xefe político- e dos progresistas -prevalencia da Deputación-.

⁴² Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 30. O art. 28 do Proxecto de 1840 determinaba que resolvera o xefe de acordo coa Deputación, acerca de se o elixido tiña ou non as cualidades necesarias. En todo caso, a comisión de revisión de actas electorais viña existindo na totalidade das deputacións provinciais.

con asistencia dos catro secretarios-escrutadores -comisionados máis novos- ou os que houber se non chegaran a esa cifra. Se por calquera circunstancia non puidese acudir a esta localidade un dos comisionados, remitiríasele ó seu alcalde a acta, para que este a presentara na xunta xeral³⁴. Como podería suceder que un mesmo pobo formara dous ou máis partidos, por existir nel dous ou máis xulgados de primeira instancia, faríase o escrutinio xeral da mesma maneira, aínda que con separación entre eles e tamén no mesmo día³⁵.

A correspondente acta de partido, asinaríaa o alcalde, escrutadores e comisionados, con expresión das mesmas circunstancias vistas para as de distrito³⁶. O orixinal gardaríase no arquivo, pero remitiríanselle copias ó xefe político, quen quedaría con unha e lle entregaría a outra á Deputación³⁷.

Ás mesas de cada distrito electoral e ós comisionados das xuntas xerais de partido correspondíalles ir decidindo, cada día e por maioría absoluta de votos, tódalas dúbidas, reclamacións e queixas que puidesen derivarse das eleccións. Os empates decidiríanse concedéndolle voto de calidade ó máis ancián³⁸. O que non podía facer a Xunta Xeral de Escrutinio era anular as actas, posto que o seu papel se reducía a expresar, na que debía elaborar, as dúbidas e reclamacións promovidas, ademais das resolucións que recaesen³⁹.

O presidente en tódalas operacións electorais era o encargado de manter a orde e facer cumprir a legalidade, para o que o texto proposto o revestía e autorizaba con cantas facultades puidera necesitar⁴⁰.

Conforme ó art. 29, a Deputación Provincial nas primeiras sesións que celebrara no segundo prazo da súa reunión, tendo á vista a copia da acta remitida pola xunta de partido, decidiría sobre a validez ou a nulidade do nomeamento⁴¹, ademais da capacidade ou dos impedimentos legais dos designados. Non obstante, cando se procedera á renovación total dunha Deputación, o xefe político convocaría os que foran electos, que se constituirían en xunta preparatoria, baixo a presidencia daquel. Daqueles contra os que non houbera ningunha queixa ou reclamación, designaríase unha comisión de tres individuos para que examinaran as actas dun número igual de deputados; os cales, constituídos en comisión de revisión de actas, proporían a aprobación ou a reprobación dos restantes⁴².

Dous eran os supostos, segundo a renovación fora ordinaria ou extraordinaria. Na primeira non había problemas por que existían uns deputados xa designados. Pola contra, na renovación total, este complicado sistema de dúas comisións sucesivas

de tres deputados cada unha, para resolver exclusivamente se existían supostos de nulidade, era máis complexo. A teor do art. 31, se a Deputación declarara nula algunha das actas, pasaríaa informada ó xefe político, quen despois de agrega-lo seu informe, llo enviaría ó Goberno, a quen lle correspondería resolver con carácter definitivo⁴³.

Unha vez aprobadas as actas e recoñecida a aptitude ou a capacidade legal dos interesados, a Deputación Provincial comunicariallo ó xefe político, para que este fixera o propio co recentemente electo o antes posible⁴⁴.

No suposto de dobre elección por varios partidos xudiciais, o elixido debía manifestarlle ó xefe político por cál deles optaba, antes de tomar posesión, para que a dita autoridade convocara o suplente do partido polo que non optaría, co obxecto de completar así o mínimo legal esixido⁴⁵.

Unha vez que se lles comunicou a súa designación, os novos deputados debían acudir á capital co fin de presentarse perante o xefe político e agardar a que lles sinalara data para a súa toma de posesión. No día fixado debían prestar xuramento de mans do xefe político, conforme á fórmula ritual: "¿Juráis guardar la Constitución de la Monarquía española? ¿Juráis fidelidad de obediencia al Rey o Regente del Reino en su caso? ¿Juráis mirar en todo por el bien de la provincia y haberos bien y fielmente en el desempeño de vuestro encargo? Y responderá: Si juro. El presidente le dirá: Si así lo hicierais Dios os lo premie, y si no os lo demande, sin perjuicio de la severa responsabilidad que se os exigirá con arreglo a la ley"⁴⁶. Hai que resaltar que a única norma que, con relación ás deputacións, regulara en certa medida unha fórmula de xuramento para os seus vocais electos foi o Real decreto do 21 de setembro de 1835, se ben non de maneira tan detallada. Cabe destaca-la terceira pregunta que incidía na defensa do ben da provincia, aspecto por outra parte normal. En canto á responsabilidade había que estar ó disposto nos arts. 52 a 54 deste proxecto e que despois veremos.

Despois de todo este proceso, xa podían as deputacións comezar a desenvolver-las súas funcións. As sesións que vai celebrar a Deputación quedaban reguladas no título IV. Conforme ó art. 36 as corporacións provinciais debían celebrar cada ano dúas reunións ordinarias: a primeira do 9 de marzo ó 30 de abril; e, a segunda do 1 de decembro a 31 de xaneiro do ano seguinte. Este período de sesións podía ampliarse ata quince días máis en cada un deles⁴⁷. Todo con independencia das reunións extraordinarias que se puidesen celebrar, sempre que o Goberno ou o xefe político o considerara necesario⁴⁸. Hai que ter en conta

⁴³ Este precepto vén concordar na súa finalidade co art. 27 do Proxecto de 1840, aínda que neste se lle daba intervención ó Consello de Estado.

⁴⁴ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 32, concorda co art. 26 do Proxecto de 1840.

⁴⁵ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 33, reproduce con lixeiras variacións de redacción o art. 29 do Proxecto de 1840.

⁴⁶ Proxecto do 18 de abril de 1842, arts. 34 e 35.

⁴⁷ Este precepto introducía algunha novidade en canto á concreción de datas con respecto ó art. 31 do Proxecto de 1840. En todo caso, mantíñase, no fondo, a proposta introducida por Silvela nos seus textos de 1838 de dous períodos de sesións, o que se incluíría no Proxecto da Comisión do Congreso daquel ano e a través del nos textos posteriores. O mesmo cabe sinalar da ampliación do período de sesións, anque a duración da prórroga fora diferente segundo as propostas.

⁴⁸ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 36. Este precepto recollía no substancial a redacción que concretara o art. 32 do Proxecto de 1840.

que se establecían con claridade os períodos de sesións, posto que antes se deixaba á libre decisión do Goberno⁴⁹, ou se citaban os meses de celebración, se ben se lle deixaba ó Executivo a designación de datas⁵⁰. Ademais non se establecía un tope de sesións para celebrar durante este período, como o fixeran outros textos, entre vinte e trinta días, aínda que tamén se admitise a prórroga.

Para evitar alteracións desta norma e acabar con calquera intento de discrecionalidade das deputacións, o art. 37 do proxecto que nos ocupa –fiel reprodución do que xa dispuxeran os arts. 41 do Proxecto da Comisión do Congreso no ano 1838 e 33 do Proxecto do 1840– viña determinar que calquera reunión daquelas “fuera de los casos y épocas fijadas es nula, y de ningún valor cuanto en ellas se acordare, sin perjuicio de la responsabilidad en que por ello incurrieren los diputados”. Con iso, evidenciábase un dos puntos do achegamento ou transacción entre os postulados progresistas e moderados en canto á necesidade de somete-las deputacións ás directrices do Goberno.

A presidencia correspondíalle ó xefe político⁵¹. Cando este faltara ás sesións –por ocupacións perentorias, enfermidade ou ausencia– e posto que desaparecía a figura do intendente, era preciso solucionar quén debía asumir a presidencia en tales supostos. O art. 38 dispoñía que se elixira, na primeira sesión das súas reunións, de entre os deputados, un vicepresidente⁵².

Cando os deputados non puideran concorrer, debían comunicarllo ó xefe político, para que este llo fixera saber á corporación. Non obstante se os deputados convocados se atopasen na capital, non concorresen ó chamamento do presidente e non expresasen algún motivo que llo impedira, serían amostados por dúas veces. Se continuaran sen concorrer ou alegar causa que llo impedira, a Deputación podería multalos cunha cantidade que podería variar entre os cincocentos e os cinco mil reais⁵³, aínda que a súa imposición efectiva lle correspondera ó xefe político.

Como podería acontecer –e de feito sucedía na práctica– que as ausencias foran numerosas, o art. 41 do proxecto declaraba que se deixasen de asistir a maioría dos deputados, os que se reuniran cualificarían as escusas dos que faltaran, para poder acordar a imposición dunha multa a todos eles. E, se malia as sancións disciplinarias mencionadas, algún deputado continuara negándose a acudir ás sesións, os que se atoparen reunidos na capital fixarían un prazo para que se presentaran, e se aínda non concorreren, comunicarllo ó xefe político, que lle daría conta ó Goberno, ademais de convocalo suplente⁵⁴. O

⁴⁹ Proxecto da Comisión do Congreso de 1838, art. 39.

⁵⁰ Proxecto do 21 de marzo de 1840, art. 31.

⁵¹ O art. 15 do Proxecto de lei sobre gobernos políticos establecía que esta autoridade “es presidente nato de la Diputación provincial y de los ayuntamientos de la provincia. No podrá dejar de concurrir a las sesiones de aquella a no impedírselo motivos graves... Cuidará de que estos cuerpos celebren sus sesiones con arreglo a la ley”.

⁵² Rompiase deste xeito o costume que recolleran outros textos de lle encomenda-la vicepresidencia ó intendente e, no seu defecto, ó deputado de máis idade: por exemplo o art. 34 do Proxecto de 1840.

⁵³ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 40. O límite arriba citado de cinco mil reais era a cantidade máxima de multa que podía impoñer o xefe político, de acordo co art. 14 do Proxecto que os regulaba do 18 de abril de 1842. Pola súa parte, o art. 36 do Proxecto de 1840 sancionaba os reincidentes cunha multa entre os cincocentos e os dous mil reais, a imposición dos cales lle correspondía ó xefe político.

⁵⁴ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 42.

fundamento desta minuciosa regulación das sancións, fronte á concisión doutros textos anteriores, pode encontrarse na realidade diaria de calquera deputación provincial dende a súa instalación a partir de finais do ano 1812.

Respecto do concreto desenvolvemento das sesións, estas celebraríanse a porta pechada, salvo que a lei dispuxera o contrario⁵⁵. Como sucedía nas cámaras legislativas, nas discusións procederíase de forma alternativa falando uns en pro e outros en contra das decisións, aínda que ningún podería falar se o presidente non lle concedera a palabra, pois a este encomendábase a orde das sesións⁵⁶.

As votacións deberíanse efectuar por maioría absoluta, sen que ningún dos membros da corporación, o presidente incluído, puidera absterse de votar, aínda que se puidera salva-lo seu voto, facéndoo constar en acta⁵⁷. O art. 46 salvaba os empates de maneira similar a como o fixera a Lei de 1823, é dicir, producido o empate repetiríase a discusión e a votación na sesión inmediata, á que se convocaría os individuos que atopándose na capital non asistisen. Se de novo se producira o empate decidiría o voto de calidade do presidente, ou como di o precepto, "se tendrá por acordado el parecer de aquellos con quienes el presidente hubiera votado"⁵⁸. A votación secreta só tería lugar cando o pedise a metade máis un dos presentes⁵⁹, aínda que non podía adoptarse ningún acordo sen o quórum da maioría dos deputados⁶⁰.

Dentro da liña marcada polas propostas moderadas e co ánimo de exercer un maior control sobre estas institucións, os seus acordos, a teor do art. 47, debíaos executar o xefe político⁶¹. Non podía escusarse de levalos a cabo senón cando os ditos acordos non estiveran conformes coas atribucións da Deputación, aínda que para facelo llo debía comunicar á corporación e tamén o poría en coñecemento do Goberno⁶².

Durante os períodos nos que non estivera reunida a Deputación, aqueles negocios urxentes e peculiares desta serían resoltos polo xefe político, baixo a súa responsabilidade aínda que con audiencia dos deputados que se atoparen na capital. Como xa previra a Lei de 1823, o art. 51 do proxecto obrigaba a dar conta, tanto do expediente como da resolución, á Deputación na primeira sesión do inmediato período de reunións, para a súa aprobación⁶³. Non se introducía, en consecuencia, ningunha innovación, posto que as chamadas *comisións de despacho* viñan funcionando en tódalas deputacións provinciais.

Tódolos acordos das deputacións e os feitos máis notables que ocorreren en cada sesión redactaríaos o secretario nunha

⁵⁵ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 43, que vén a coincidir co primeiro inciso do art. 38 do Proxecto de 1840.

⁵⁶ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 44. *Vid.*, art. 15 do Proxecto de gobernos políticos do 18 de abril de 1842.

⁵⁷ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 45. Concorda co segundo e terceiro inciso do parágrafo primeiro do art. 38 do Proxecto de 1840.

⁵⁸ O texto moderado de 1840, no parágrafo segundo do seu art. 38 e de acordo cos postulados de facilita-lo control das deputacións por parte dos xefes políticos, atribuíalles a estes un voto de calidade para desfacer empates.

⁵⁹ Reproduce o parágrafo terceiro do art. 38 do Proxecto de 1840.

⁶⁰ O art. 37 do Proxecto de 1840 dispoñía que "para formar acuerdo se necesita que esté presente la mitad más uno de los diputados". Pero non debe esquecerse que mentres no dito texto o intendente formaba parte da corporación provincial, en 1842 quedaba excluído e, polo tanto, o quórum esixido era máis lóxico.

⁶¹ O fin, con distinta redacción, xa estaba previsto no primeiro inciso do art. 41 do Proxecto de 1840. O art. 16 do Proxecto de gobernos políticos incidía nesta cuestión.

⁶² Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 48. O art. 41 do Proxecto de 1840 decretaba a inexecución en caso de que excedese a Deputación, se ben ó Goberno lle correspondía a súa resolución. O art. 16 do Proxecto de gobernos políticos do 18 de abril de 1842 tamén era suficientemente explícito: "Compete exclusivamente al jefe político la ejecución de los acuerdos de la Diputación provincial".

⁶³ O art. 19 do Proxecto de gobernos políticos do 18 de abril de 1842 dispoñía: "No estando reunida la Diputación, el jefe político despachará los negocios urgentes con acuerdo de los diputados que residan en la capital, debiendo dar cuenta de lo obrado a aquella corporación en su más próxima reunión".

⁶⁴ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 50. O art. 39 do Proxecto de 1840 dispuxera que os acordos os asinarían aquel que presidira e o secretario.

⁶⁵ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 55, a finalidade do cal con diferente redacción era a prevista no art. 40 do Proxecto de 1840.

⁶⁶ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 56.

⁶⁷ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 49. En idénticos termos de supresión das secretarías das deputacións se pronunciaba o art. 42 do Proxecto de 1840, se ben o seu art. 35 establecía o nomeamento dun secretario e dun vicesecretario entre os deputados "que actuarán sólo mientras dure dicha reunión", ordinaria ou extraordinaria. O art. 7 do Proxecto de gobernos políticos do 18 de abril de 1842, dispoñía que "para el despacho de los negocios del Gobierno, así como para los de la Diputación e intendencia, cuyas secretarías quedan suprimidas, habrá una general de gobierno con un secretario, un vicesecretario y un oficial mayor de nombramiento real". O que quedaba completado co previsto no art. 9 do dito texto: "El secretario asistirá sin voz ni voto a las sesiones de la Diputación provincial, custodiará los papeles y libros de actas, cuidará del pronto despacho de todos los asuntos, así del Gobierno como de la Diputación y de hacienda".

acta, que debería aprobarse na sesión seguinte, antes de que se recollesen nun libro, con follas de selo de oficio e foliado. O secretario era responsable da súa exactitude e conservación. As actas quedarían autorizadas coas sinaturas do presidente, do vicepresidente e do secretario⁶⁴.

Como xa se recollera nos anteriores proxectos moderados, as comunicacións que as deputacións puidesen ter con outras autoridades, corporacións e particulares faríanse polo conducto do xefe político⁶⁵. Tamén a dita autoridade sería a vía pola que, a Deputación debería trasladarlle ó Goberno as súas exposicións sobre o interese xeral ou parcial da provincia; salvo que a exposición se referira ó xefe político, xa que neste caso se lle remitiría directamente ó Goberno, con independencia de remitirle a aquel unha copia desta exposición⁶⁶. Era evidente, unha vez máis, o achegamento das ideas progresistas sobre a Administración provincial ás propostas redactadas polos moderados. Non só se trataba de proceder a dictar unha nova regulación e derroga-la Lei do 3 de febreiro de 1823. A última finalidade era someter de forma mediata as deputacións ós dictados do Goberno, e nesta cuestión as diferentes tendencias do liberalismo estaban de acordo aínda que non o manifestaran abertamente.

Verbo deste achegamento de propostas, control das deputacións e redución de atribucións, a secretaría das mesmas sería a do respectivo Goberno político. A razón da unión xustificábase polo Goberno na súa exposición, ó afirmar que "la unión y la celeridad de la administración aconseja en concepto del Gobierno, las supresiones de propuestas de empleos de las Diputaciones e intendencias, reuniéndolas en una sola secretaría, y bajo las órdenes de un solo jefe, con economía considerable de gastos". Na súa virtude, o secretario do Goberno político instruiría os expedientes e prepararíalos para presentalos nas épocas nas que se reunira a Deputación. Ademais, no caso de ausencias ou enfermidades, sería substituído polo vicesecretario ou oficial maior do Goberno político⁶⁷.

Por outra parte, os arts. 52 a 54 deste Proxecto de abril de 1842 establecían as regras que se aplicarían para suspender ou disolver unha corporación provincial. Sistematizando as súas regras cabe sinalar que:

■ a suspensión ou separación de deputados, tralo oportuno expediente, corresponderíalle ó Rei; aínda que este se lle debería remitir ó tribunal competente para que iniciara a causa antes de oito días dende a suspensión ou a separación do deputado.

■ a suspensión de toda a corporación, competíalle tamén ó rei, "si así lo creyese conveniente al bien del país". A suspensión

só podía durar dous meses, salvo que as Cortes non estiveran reunidas, posto que neste caso a suspensión continuaría ata que o Goberno presentara un proxecto de disolución⁶⁸.

■ a disolución dunha deputación debería facerse por unha lei, en suma, corresponderíalles impoñe-la sanción máis grave ás Cortes⁶⁹.

É moi significativo para comprende-lo proxecto en todo o relacionado coas atribucións destes corpos provinciais, un artigo publicado pouco despois de presentarse o texto ante o Senado, que no fondo me parece escrito por un dos redactores do proxecto ou quizais por algún dos administrativistas que daquela destacaban:

"Las atribuciones de las Diputaciones provinciales están distribuidas en tres clases o categorías: primera de las cosas que deben acordar y determinar definitivamente; segunda, de aquellas en que de los fallos o resoluciones de las mismas Diputaciones puede apelarse al Gobierno; y tercera, de las en que deben utilizarse las luces y conocimientos prácticos y locales de aquellas corporaciones. En esta clasificación se distingue la administración propiamente tal de la provincia y la administración general del Reino; esto es, los intereses generales o de orden público, y los particulares de una división territorial; los unos son morales y políticos, los otros positivos y materiales. Estos, que se hallan contenidos en los doce párrafos del art. 57, están encomendados exclusivamente a las Diputaciones provinciales; y su fallo, como ya hemos dicho, es en estas materias definitivo. Pero cuando se trata de intereses generales del Estado, como en los cuatro casos que expresa el art. 58, es decir, cuando los acuerdos de las Diputaciones recaen sobre repartimiento de hombres para el reemplazo del ejército, o sobre las contribuciones generales, provinciales o municipales, o sobre nulidad o validez de las actas de elección para diputados provinciales, o sobre demarcación de distritos electorales; entonces aun cuando la administración general se vale para la ejecución de las leyes de la capacidad y experiencia de los representantes de la provincia, conserva siempre el derecho de enmendar sus acuerdos y de revocar sus resoluciones... se asegura a las mismas el grado de emancipación que les corresponde, dejando al poder supremo, representante del orden público y encargado de la ejecución de las leyes, libre y expedita su acción para administrar y gobernar el país, y asegurar el cumplimiento de la ley. No es tan fácil deslindar las atribuciones de las Diputaciones provinciales como las de los ayuntamientos. La unidad municipal es un elemento constitutivo de la sociedad; la provincia no es más que una fracción de la sociedad ya constituida, una mera división administrativa; por eso las más veces se confunden sus intereses con los del Estado... y por consiguiente las facultades de las Diputaciones se modifican por necesidad según la naturaleza de los intereses que predominan"⁷⁰.

⁶⁸ Fronte a estas posibilidades, o art. 43 do Proxecto de 1840 era máis conciso e propoñía unha solución máis inmediata, pois o xefe político "bajo su responsabilidad, y en casos muy graves, puede suspender las sesiones de la Diputación provincial y alguno o algunos de sus individuos, dando cuenta inmediatamente al Gobierno". Hai que destacar, sen embargo, que ó elevar un nivel a autoridade a quen lle correspondía suspender-los deputados -pois non se mencionan as sesións- e encomendárllle-la súa resolución definitiva ós tribunais -como recollera o art. 44 do Proxecto moderado-, se proporcionaban unha serie de garantías, que evitaban a discrecionalidade temperamental de calquera xefe político.

⁶⁹ Modificábase substancialmente o sistema proposto polo art. 44 do Proxecto de 1840, en virtude do que a disolución lle correspondería ó Rei, óndo o Consello de Estado. De novo se manifestaban os postulados progresistas, ó encomendarlle ó poder lexislativo e non ó executivo a sanción maior.

De acordo con estes principios, o art. 57 do proxecto establecía que “toca a las Diputaciones provinciales acordar y determinar definitivamente” –empregando a mesma expresión que xa utilizara o Real decreto do 21 de setembro de 1835⁷¹– sobre as seguintes materias: hora e local en que debían celebrarse as sesións; formación do regulamento que considerara necesario para a boa orde das sesións⁷²; as reclamacións que os particulares fixesen contra os acordos dos concellos nas súas atribucións⁷³; os impedimentos e excusas para servi-lo cargo de concelleiro⁷⁴, ademais dos expedientes instruídos con motivo do cambio de veciñanza dalgún deles; inclusión ou exclusión nas listas electorais⁷⁵; sistema de administración das propiedades provinciais, condicións do seu arrendo, nomeamento e soldo dos administradores; uso e destino dos edificios provinciais, así como os cambios ou permutas deles; litixios, accións activas ou pasivas que conviñera soste; aceptación ou renuncia de donativos, mandas ou legados á provincia; concesión ou denegación de moratorias e esperas para o pagamento de cantidades repartidas a unha vila para atende-los gastos provinciais⁷⁶; e, condo-

⁷⁰ *Gaceta de Madrid*, 25 de abril de 1842, n.º 2754.

⁷¹ No artigo da *Gaceta de Madrid* citado arriba interpretábase que ó predominar nas materias que se enumeraban os intereses locais e provinciais “en buena hora que la Diputación obre y resuelva sin restricciones y definitivamente”.

⁷² Bastantes deputacións provinciais xa tiñan os seus propios regulamentos de réxime interior, polo que o proxecto só se limitaba a recoñece-la realidade existente.

⁷³ Admitíase, polo tanto, estes recursos en parecidos termos a como o fixeron a Instrucción de 1813 e a Lei de 1823; co fin de separarse das propostas moderadas que lles encomendaban esta facultade ós consellos provinciais ou á Comisión de tres membros da Deputación que prevía o art. 51 do Proxecto de 1840. O que se completaría co recollido no art. 62 do Proxecto de concellos do 13 de marzo de 1842: “si algún vecino u otro interesado se sintiere agraviado de los acuerdos y determinaciones del Ayuntamiento, podrá acudir en queja a la Diputación pro-

vincial o al jefe político, según que el caso corresponda a una u otra autoridad”; con independencia da posibilidade de defende-los seus acordos prevista no artigo seguinte. Incluso, o art. 57 deste último texto, despois de enumera-las atribucións que lles correspondían ós concellos, determinaba que “cuanto se acuerde sobre los diferentes objetos de que trata este artículo podrá llevarse a efecto, quedando sujeto, sin embargo, a la revisión, suspensión o reforma de la Diputación provincial, o el jefe político si hubiere reclamación en contra”. Ademais, establecíase outra serie de supostos nos que os concellos necesitaban a autorización das corporacións provinciais para adoptar algunhas medidas –o art. 50 esixía o consentimento da Deputación para depoñe-lo secretario- ou para que os seus acordos fosen executivos –art. 58–. Nos casos nos que os concellos faltaren ó cumprimento das súas obrigas, as sobrepasasen ou non executasen ordes superiores, as deputacións no seu ámbito competencial podían sancionala, a teor do art. 72 do Proxecto do 13 de marzo de 1842.

⁷⁴ O art. 16.4º do Proxecto de concellos de marzo de 1842 dispoñía que “la Diputación provincial, por causas especiales, podrá dispensar este requisito –saber leer y escribir– y el de los huecos y parentescos en los pueblos que no pasen de 1.000 vecinos, oyendo al Ayuntamiento”. O art. 17 enumeraba as causas de excusa; os arts. 43 e 44 obrigaban a comunicarlle á Deputación Provincial o escrutinio xeral das eleccións e das persoas elixidas para os oficios municipais; e, o art. 48 establecía de comunicarlle á Deputación a instalación do novo concello.

⁷⁵ Este asunto era bastante importante, xa que ó non atribuírselles ós xefes políticos e manterse a normativa existente naquel momento, se amparaba unha maior imparcialidade no proceso electoral. O art. 21 do Proxecto de concellos do 13 de marzo de 1842 dispuxo que os que non se conformasen coa resolución da corporación municipal acerca da resolución sobre as listas electorais dos veciños para a súa elección, poderían acudir á Deputación Provincial.

⁷⁶ Algunhas destas materias enumerábanse no art. 46 do Proxecto de 1840, en virtude do cal as deputacións podían “deliberar y acordar”, pero non definitivamente pois só se levarían a efecto despois de que as aprobase o rei ou o xefe político.

nación da cota correspondente a un pobo no repartimento de gastos provinciais⁷⁷.

Como se pode comprobar, parece que se admiten unha serie de atribucións con relación a materias moi diferentes, pero que poden agruparse da seguinte maneira: réxime interno; resolución governativa de certos asuntos; administración do patrimonio provincial; e, xestión do orzamento provincial. Merece destacar o terceiro punto, que lles permitía ás deputacións resolver, dentro do marco das súas atribucións, as reclamacións feitas polos particulares contra os acordos municipais, facultade que se enmarca máis na liña trazada pola Lei de 1823, que polos proxectos moderados, dos que o proxecto que nos ocupa tomaba boa parte das materias⁷⁸.

Nun ámbito diferente, encóntranse as facultades que lles atribúen ás deputacións o art. 58, xa que sobre as materias que este enuncia, aquelas "acuerdan y determinan", pero "contra sus decisiones puede recurrirse al Gobierno". Na interpretación oficial ou oficialista xa aludida, entendíase que nestas materias prevalecía o interese nacional e "*se convierten en meras deliberaciones, los acuerdos de las diputaciones*"⁷⁹. Estes asuntos eran dos máis tradicionais encomendados ás ditas corporacións: reclamacións que fagan os concellos sobre a cantidade de homes que lles correspondese no repartimento da quinta do Exército; reclamacións dos pobos contra as cotas que lles correspondesen no repartimento de contribucións nas derramas de gastos provinciais⁸⁰; validez ou nulidade das eleccións de deputados provinciais e aptitude legal destes; e, demarcacións de cabezas de distritos electorais. Para salva-la executoriedade inmediata das súas decisións nestas materias, o último parágrafo deste precepto determinaba a obrigatoriedade dos seus acordos ata que recara resolución en contrario do Goberno, para o suposto que foran recorridos⁸¹.

Por fin, os arts. 59 e 60 determinaban os casos en que as corporacións provinciais debían ser oídas e os casos en que debían emitir informes, que non é senón unha modalidade de audiencia. Nestes casos entendíase que os acordos das deputacións sobre estas materias quedaban reducidos a simples *dictames y consejos*⁸². Debían ser oídas: na determinación das condicións de acordo coas cales se debían poxa-las obras da provincia, aínda que se satisfixeran con fondos do Estado; na dirección que debían toma-los camiños que atravesaran a provincia; demarcación dos límites provinciais e sinalamento dos de partido; concesión de feiras e de mercados; creación, supresión ou agregación de concellos e sinalamento de termos xurisdiccionais; e, for-

⁷⁷ Hai que advertir que aínda que non aparece mencionado, o presuposto municipal despois de ser discutido e aprobado, "pasará a la aprobación de la Diputación provincial con el informe de los síndicos", e se os ingresos non cubrisen os gastos, o concello «propondrá a la Diputación provincial los medios de hacerlo por algún arbitrio o repartimiento vecinal» segundo os arts. 91 e 93 do Proxecto de concellos do 13 de marzo de 1842.

⁷⁸ Resulta curioso que mentres o art. 45 do Proxecto de 1840 sinalaba que as deputacións podían "acordar definitivamente" sobre repartimentos de quintas e contribucións; e, no art. 46 só *acordar* unha serie de puntos -propiedades provinciais, por exemplo-; agora o Proxecto do 18 de abril de 1842 permite que o acordo sexa definitivo.

⁷⁹ *Gaceta de Madrid*, 25 de abril de 1842, n.º 2754.

⁸⁰ Hai que advertir que estas materias eran das que o art. 45 do Proxecto de 1840 lles permitía ás deputacións "acordar y determinar definitivamente con arreglo a las leyes".

⁸¹ Establecíase unha vía governativa na que se admitía un recurso de alzada contra a decisión da Deputación, a resolución do cal lle correspondía resolver ó Goberno. De novo, encontramos con coincidencias máis achegadas á Lei do 3 de febreiro de 1823 que ás concepcións moderadas do réxime provincial.

⁸² *Gaceta de Madrid*, 25 de abril de 1842, n.º 2754.

mación da estatística e do censo de poboación⁸³. Deberían emitir informes, ademais, sobre calquera asunto que estivera dentro das súas facultades, cando llo pedise o Goberno e o xefe político, porque xulgaran conveniente oílas⁸⁴.

En todo caso, convén poñer en relación tamén as atribucións e materias encomendadas ás deputacións co art. 47 do proxecto, que facultaba o xefe político para executa-los acordos da Deputación; e, ó mesmo tempo, co título II do Proxecto sobre gobernos políticos do 18 de abril de 1842, que lles concedía ós xefes políticos, entre outras, as seguintes atribucións: recadación e investimento dos fondos públicos; comunicarlles ós pobos as normas emanadas das autoridades civís; aprobar, en nome do Goberno, as contas de propios e arbitrios, despois de repasadas pola Deputación; da-lo seu parecer sobre o presuposto provincial e dos pobos ó remitilos á aprobación do Goberno; e, o servizo de bagaxes, aloxamentos e subministracións.

Merece tamén destacar que o art. 20 deste último proxecto citado, viña determinar que, "aun cuando el jefe político pida informe a la Diputación o ilustre la opinión de este cuerpo en las discusiones que preside, la responsabilidad de lo resuelto será de quien por la ley está obligado a deliberar sobre el asunto". A solución non parece clara, posto que habería que estar a cada caso en concreto, a cada unha das materias sobre as que recaera a potestade de ámbalas dúas autoridades, de modo que a responsabilidade sería de quen acordara dentro do marco das súas competencias. Desta maneira adoptábase unha solución similar á que xa establecera a Lei de 1823 para deslinda-la responsabilidade de deputacións e xefes políticos, segundo a natureza do negocio.

O título VI e último, do mesmo xeito que fixeran os proxectos anteriores dende o elaborado pola Comisión do Congreso en 1838, dedicábase á formación e contido do presuposto provincial. O art. 61, en consonancia coa atribución á Deputación de certas facultades que os textos moderados lles entregaban ós xefes políticos, preceptuaba que nos primeiros días do período de sesións que comezaba o 19 de marzo⁸⁵, a dita corporación se ocupara na formación discusión e votación do orzamento provincial que habería de rexer no ano seguinte. A aprobación deste mesmo correspondíalle ó Goberno, co cal se aceptaba o obxectivo final proposto desde 1838: o control centralizado da decisión económica das deputacións provinciais. Novo punto de acordo entre progresistas e moderados.

Os gastos podían ser obrigatorios e voluntarios de acordo co disposto nos arts. 62 e 63 do proxecto, que pola súa vez enu-

⁸³ Esta relación e a facultade concedida ás deputacións polo art. 59 do Proxecto de 1842 está, tamén, máis próxima á Lei de 3 de febreiro de 1823 que ás propostas moderadas elaboradas en 1838-40.

⁸⁴ A redacción do art. 60 do Proxecto de abril de 1842 difire do apartado 4 do art. 47 do Proxecto de 1840, xa que este se limitaba a indicar que "se oirá el informe de las Diputaciones provinciales... sobre cualquier otro asunto en que lo dispongan las leyes o tenga a bien el Gobierno oír su parecer".

⁸⁵ Existe unha contradicción entre os arts. 36 e 61 deste Proxecto en canto á fixación do día en que comezaba este período de sesión, posto que mentres o primeiro se refire ó 9 de marzo, o segundo faíno ó 19 do dito mes. Na miña opinión a dúbida debe salvarse a favor do día 9.

meraban os relacionados nos arts. 53 e 54 do Proxecto de 1840, tomados estes pola súa vez dos arts. 65 e 67 do Proxecto da Comisión do Congreso de 1838, aínda que con lixeiras modificacións de redacción e algunha novidade que non afecta ó substancial.

Eran gastos obrigatorios os seguintes: os que esixiran a conservación de predios provinciais, como o alugueiro e reparación dos destinados a usos da provincia; pago de contribucións polas propiedades provinciais; débedas sobre a provincia e os seus réditos; quión repartido á provincia para mante-los presos das audiencias, "entre tanto no se prescriba por medio de outra ley la forma en que estas atenciones deben ser cubiertas"; conservación e reparación de pontes, camiños, obras provinciais, "o en lãs que entre a parte con el Estado o con otra provincia"; os necesarios para establecementos de beneficencia e instrucción pública, "o el suplemento de gastos cuando dichos establecimientos tengan rentas por sí y no sean suficientes"; os indispensables para as xuntas provinciais de beneficencia e agravios en materia de quintas; os destinados ás eleccións a Cortes; a subscrición ó boletín oficial, á Gaceta "y cualesquiera otros periódicos, obras, memorias o folletos que se publiquen de orden del Gobierno, y se consideren útiles y necesarias para el fomento del comercio, agricultura, industria, artes e instrucción pública"; as dotacións de médicos de baños, é dicir, de balnearios; os que ocasionen as epidemias ou pragas; e, tódolos demais que polas leis se prescribieran a cargo das deputacións. Tódolos que non se incluían na enumeración de gastos obrigatorios terían a consideración de gastos voluntarios, entendendo por tales os que tiveran un carácter extraordinario.

O art. 64 recollía a distinción entre ingresos ordinarios e extraordinarios⁸⁶. O dito precepto e o seguinte reproducían literalmente os que enumeraban os arts. 56 e 57 do Proxecto do Goberno do 21 de marzo de 1840⁸⁷.

Para os gastos voluntarios que pretendere facer a provincia e para os ingresos destinados a cubrilos, polo seu carácter extraordinario, como tamén para contraer préstamos, a provincia necesitaría a autorización das Cortes por medio dunha lei⁸⁸. Pero cómo podería suceder que tódolos ingresos, ordinarios e extraordinarios, non foran suficientes para cubri-lo presuposto da provincia, o déficit salvaríase mediante unha contribución entre os pobos da mesma, "con arreglo a las bases de las contribuciones nacionales directas que corresponden a cada uno"⁸⁹. Isto con independencia da facultade recoñecida ó Goberno de desbotar calquera partida de gastos ou ingresos voluntarios; e da

⁸⁶ Fiel reproducción do art. 55 do Proxecto de 1840.

⁸⁷ Considerábanse ordinarios: as rendas dos predios rústicos e urbanos que teña ou poida ter a provincia; o produto dos portádegos e portaxes provinciais, e calquera outros arbitrios legalmente establecidos para os seus gastos; os réditos de censos, capitais postos a interese, e de papel do Estado; e, todo imposto, dereito ou percepción autorizado polas leis. Mentres que se incluían na clase de extraordinarios: o prezo en venda dos predios rústicos e urbanos e demais dereitos que se alleen; os donativos, legados e mandas feitos á provincia; o capital dos censos que rediman e o valor do papel do listado que se allee; o produto dos empréstitos que se contraían; e, todo ingreso accidental.

⁸⁸ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 68, que concorda co art. 61 do Proxecto de 1840.

⁸⁹ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 69, que corresponde co art. 60 do Proxecto de 1840, aínda que neste, a aprobación lle correspondía ó Goberno.

posibilidade de aumenta-la parte referente a gastos obrigatorios. Neste último suposto, debería o Executivo darlle audiencia ó xefe político e á Deputación⁹⁰.

Cando por calquera motivo imprevisto non se aprobase o presuposto antes de principia-lo ano, ordenábase que continuara rexendo o do ano anterior⁹¹.

A pesar de carecer de empregados propios a Deputación, establecíase que para a recadación dos fondos destinados a cubrir tódolos gastos e a cobranza dos ingresos ordinarios, a Deputación nomearía, baixo a súa responsabilidade, un recadador. Este estaría obrigado a prestar fianzas, a cobrar aqueles e gozaría dun tanto por cento do recadado⁹². O recadador non podía, baixo ningún pretexto, entregar cantidade ningunha sen a previa orde da Deputación, autorizada polo seu presidente, vicepresidente ou un vocal e o secretario. En caso de obrar contra esa prohibición, sería da súa conta a cantidade entregada⁹³.

O art. 72 variaba de forma substancial o réxime de fiscalización das contas. Mentres os proxectos da Comisión do Congreso de 1838 e do Goberno de 1840 lle encomendaban a misión da súa presentación ó xefe político, agora será o recadador o obrigado a facelo nos primeiros días da primeira época de reunións do ano, coa conta do recadado e investido e a documentación que o xustificara. A Deputación nomearía, entre os seus membros, unha comisión que examinara e dictaminara as contas. Aprobadas pola corporación, pasaríanselle ó xefe para que as completara co informe e llas remitira ó Goberno para a súa aprobación definitiva. O último paso era a publicación do orzamento e das contas no *Boletín oficial da Provincia*⁹⁴.

Concluía o Proxecto do 18 de abril de 1842 coa oportuna cláusula derogatoria da normativa vixente que fora contraria ó texto⁹⁵. Resulta obvio que esta medida afectaba, sobre todo, á Lei do 3 de febreiro de 1823 contra a que se aliaron no esencial moderados e progresistas entre 1838 e 1845, máis alá das súas discrepancias sobre a prevalencia do xefe político sobre a Deputación, ou viceversa.

Concepción de Castro, ó referirse ós proxectos provincial e municipal, afirma que "ambos proxectos ofrecen un modelo liberal y prudentemente descentralizador que corrige las deficiencias imputables a la Ley de 1823"⁹⁶. En efecto, fronte á mencionada Lei do trienio admítense unha maior intervención dos xefes políticos; redúcense e tásanse as sesións; e, sobre todo, redúcense as competencias das corporacións provinciais, pero non no extremo que se propuxera nos textos moderados. Fronte ós proxectos de 1838 e 1840, a estrutura dos cales copia con des-

⁹⁰ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 67, que reproduce o art. 59 do Proxecto de 1840, salvo a facultade de reducir que este incluía.

⁹¹ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 66, reprodución do teor do art. 58 do Proxecto de 1840.

⁹² Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 70. Os proxectos moderados encomendábanlle a xestión e a recadación ou á Tesourería de rendas da provincia ou á Pagaduría do Goberno político, posto que o obxectivo era controla-la súa actuación desde as oficinas provinciais do Executivo.

⁹³ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 70. Os proxectos moderados encomendábanlle a xestión e recadación ou á Tesourería de rendas da provincia ou á Pagaduría do Goberno político, posto que o obxectivo era controla-la súa actuación desde as oficinas provinciais do Executivo.

⁹⁴ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 73, que reproduce en termos similares o art. 65 do Proxecto de 1840.

⁹⁵ Proxecto do 18 de abril de 1842, art. 74, copia literal do art. 66 do Proxecto de 1840.

⁹⁶ *La Revolución liberal*, páx. 163.

caro, ampliábase o número de deputados provinciais, as facultades das corporacións –en especial sobre recursos e reclamacións– aumentan, admítase que teñan unha burocracia para a xestión económica e regúlase a responsabilidade tanto das deputacións como dos xefes políticos⁹⁷.

Na miña opinión, desde un punto de vista formal ou estrutural, segue o modelo do proxecto da Comisión do Congreso de 1838 a través do proxecto do Goberno do 21 de marzo de 1840. Non obstante, desde un punto de vista material, o proxecto afástase tanto da regulación do Trienio como dos proxectos moderados, para situarse máis na liña que marcara a Instrucción de 1813, pero adaptando esta concepción ós criterios dominantes na ciencia administrativa, ademais da lóxica acomodación ás novas circunstancias sociais e temporais.

Alejandro Oliván, para referirse ós proxectos municipal e provincial formados polo Goberno de Antonio González en 1842, achacáballes tres puntos débiles: a falta de claridade e explicación en materia de presupostos e contas, as atribucións impropriamente conferidas ás corporacións populares e a dependencia delas entre si. Aínda que non deixará de verse nelas “una tendencia reaccionaria a la centralización excesiva”, por atribuírle ó Goberno a aprobación dos orzamentos dos pobos e por someter a completa submisión as deputacións⁹⁸.

⁹⁷ De CASTRO sostén que “las Diputaciones reciben unas facultades bastante amplias, tanto en lo que se refiere a la administración provincial como a la supervisión y control de la municipal, aunque siempre pueda recurrirse contra sus acuerdos de gobierno”, en *La Revolución liberal*, páx. 163. Reproduce esta idea sen cita-la súa autora e reitera o mesmo erro na mención da fonte con respecto ós diarios de sesións, que non é o do Congreso senón o do Senado, Manuel SANTANA MOLINA ó sinalar que “bajo la regencia de Espartero se presenta un Proyecto de Diputaciones con los dos aditamentos que van a identificar a las Corporaciones provinciales de índole progresista: amplia base de representación, en número y sistema de elección, y también un amplio espectro de facultades, tanto en lo que se refiere a la administración provincial como en lo relativo al control de los Ayuntamientos”, en *La Diputación provincial en la España decimonónica*, Madrid, 1989, páx. 115. Na miña opinión, sen embargo, o control sobre os concellos redúcese a acordar e determinar definitivamente sobre as reclamacións que os particulares fixesen contra os acordos dos concellos nas súas atribucións -xa que de momento non se consideraba a creación de consellos de provincia-, moratorias ou esperas para pago das cantidades repartidas a unha poboación por gastos provinciais ou condonación da cota repartida a un pobo na derrama de gastos provinciais (art. 57.3, 11 e 12); acordar e determinar, sen prexuízo do recurso ante o Goberno, as reclamacións dos concellos contra o repartimento da quinta de mozos e das contribucións (art. 58.1 e 2), e, ser oídas na creación, supresión ou agregación dos mesmos e sinalamento de termos (art. 59.5). Mentres que con referencia á Administración provincial, baste remitirse á interpretación que se facía no artigo da *Gaceta de Madrid* xa citado, aínda que resulta obvio a ampliación de facultades en relación coas propostas moderadas incluídas nos proxectos do Congreso de 1838 e do Goberno de 1840, para posterga-las atribucións que lles recoñecía a vixente Lei de 1823.

Defendería o principio polo que as ditas corporacións non debían ter funcións de execución, aínda que si de deliberación, regularización e de censura⁹⁹. En consecuencia, sobre a Deputación debería recaer-la vixilancia dos intereses colectivos que afectarían ó todo ou a unha parte da provincia e tivesen que atenderse cos fondos desta, ademais do repartimento de contribucións¹⁰⁰.

Para negárle-la facultade de alleamento, Oliván acode á súa orixe electiva e á gratuidade con que desempeñaban as súas funcións os deputados provinciais, o que impedía colocalas baixo a dependencia do Goberno ou os seus axentes, e sen que estes puideran asumir-la responsabilidade dos seus actos. Iso provocaba que as deputacións foran independentes e irresponsables. Consecuencia destas apreciacións, "es que la corporación administrativa provincial no puede tener atribuciones de resolución definitivas, si no acaso en los repartimientos ni tampoco le corresponde intervenir en los negocios políticos, como las elecciones a Cortes, que no debe ejercer autoridad sobre las corporaciones locales, pues todo eso es propio de la administración general responsable"¹⁰¹. Incluso, rexeitaba por inconstitucional o asento, voto –de calidade en caso de empate– e presidencia que os xefes políticos tiñan nas deputacións¹⁰².

Desde un punto de vista político, se o Proxecto do ano 1840 admitiu algúns aspectos do programa progresista, agora co Proxecto do 18 de abril de 1842 vai suceder o contrario, é dicir, vanse admitir criterios sostidos polos moderados. Quizais, en último termo, esa busca da transacción, sen perder de vista as propostas de cada ideoloxía, pretendía darlle saída a un proxecto capaz de atender-la necesidade de reforma-la Lei de 1823. A centrali-

⁹⁸ *De la administración pública con relación a España*, Estudio preliminar de Eduardo García de Enterría, Madrid, 1954, páxs. 252 a 254.

⁹⁹ Os principios que propoñía para que rexeran concellos e deputacións eran os seguintes: "no debiendo las corporaciones tener otras incumbencias que las que puedan cumplidamente desempeñar en beneficio público, nunca conviene atribuirles funciones de ejecución"; e, "consistiendo las funciones que según su índole y composición pueden desempeñar satisfactoriamente los cuerpos colegiados en las de deliberación, de regularización y de censura, esas son, y no otras, las que les convienen y corresponden", en *De la administración*, páxs. 254 a 256.

¹⁰⁰ *De la Administración*, páxs. 259 e 260.

¹⁰¹ *De la administración*, páxs. 260 e 261. Para maior abastanza poñía de manifesto que "será bien hacer notar lo erróneo de la disposición contenida en los proyectos del Ministerio González, que requiere la intervención de una ley para la disolución de una Diputación provincial o de un ayuntamiento. La ley tiene por objeto derogar o modificar otra ley, crear derecho u obligaciones, pero de ninguna manera el cumplimiento de las leyes, que esa es simple medida de ejecución", en pág. 262.

¹⁰² *De la administración*, páxs. 267 e 268.

zación, sen embargo, era admitida desde ámbolos dous lados, e o único que os diferenciaba era o grao que debía alcanzar.

Naquel momento, sen embargo, as protestas contra o Proxecto do Goberno non se fixeron esperar. Cabe mencionarl as reaccións, entre outras, das seguintes deputacións provinciais: Guadalaxara¹⁰³, Soria¹⁰⁴, Baleares¹⁰⁵, Albacete¹⁰⁶, Castellón¹⁰⁷, A Coruña¹⁰⁸, Xirona¹⁰⁹, Granada, Huelva, Zaragoza¹¹⁰ e Barcelona¹¹¹. As numerosas críticas recibidas pola mingua de atribucións que supoñían para estes corpos e quizais tamén os precedentes políticos de 1840, deberon influír de maneira notable no ánimo do Goberno. A oposición ós proxectos baseábase na inclinación política que fixera caer o Goberno moderado, de maneira que a poboación se mostraba resentida ó admitir un gabinete progresista boa parte das propostas moderadas sobre o réxime provincial¹¹². A busca dunha saída ós intentos de re-

¹⁰³ Non se fixo esperar a súa réplica contra o Proxecto sobre organización e atribucións dos corpos provinciais. Na sesión desta corporación do 24 de maio de 1842, despois dunha detida conferencia, acordouse dirixir ás Cortes unha exposición. O contido é o seguinte: "La Diputación provincial de Guadalajara ha visto con sentimiento los dos proyectos de ley presentados por el Gobierno para la nueva organización de ayuntamientos y Diputaciones provinciales. Después del Voto Nacional solemnemente manifestado en el pronunciamiento de septiembre de 1840, parecía imposible ver otra vez restringidos los derechos propios de estos cuerpos populares y reproducidos los principios que allí se condenaron. Llena de esperanzas esta Diputación en la sabiduría y patriotismo de las Cortes descansa tranquila en que, desechando ambos proyectos, pondrán en su lugar las verdaderas y naturales funciones de estas autoridades tutelares de los pueblos para que con desembarazo, y siempre, puedan sostener su libertad y proveer al bien estar y prosperidad de los mismos", en Arquivo da Deputación de Guadalaxara, leg. 621.1, Sección do 24 de maio de 1842. Publicada no *Boletín Oficial da Provincia* do 1 de xuño de 1842. D.S.S., seccións do 30 de maio e 20 de xuño de 1842, ns. 67 e 69, páxs. 1136 e 1160, respectivamente, na última sesión acordouse que pasará á Comisión especial de deputacións.

¹⁰⁴ D.S.S., Sección do 20 de xuño de 1842, n.º 69, páx. 1160.

¹⁰⁵ D.S.S., Sección do 21 de xuño de 1842, n.º 70, páx. 1177; e diarios de sesións do Congreso dos Deputados (=D.S.C.D.), Sección do 20 de xuño de 1842, n.º 128, páx. 3576.

¹⁰⁶ D.S.S., Sección do 21 de xuño de 1842, n.º 70, páx. 1178.

¹⁰⁷ D.S.C.D., Sección do 30 de maio e 20 de xuño de 1842, n.º 127 e 128, páxs. 3568 e 3576. Acusaba o proxecto de infrinxilo art. 71 da Constitución e de atacalo art. 5 do título I da mesma.

¹⁰⁸ D.S.C.D., Sección do 20 de xuño de 1842, n.º 128, páx. 3576.

¹⁰⁹ D.S.C.D., Sección do 23 de xuño de 1842, n.º 131, páx. 3665. Atácao por inconstitucional.

¹¹⁰ D.S.C.D., Sección do 2 de xullo de 1842, n.º 138, páx. 3876.

¹¹¹ D.S.C.D., Sección do 13 de maio de 1842, n.º 114, páx. 3153. Consideraba esta Deputación que o proxecto era "un ataque manifesto a la Constitución, pues reduce a nulidad estos cuerpos, garantidos por el art. 69 de la Constitución. La Diputación provincial de Barcelona recuerda a las Cortes el alzamiento de 1 de septiembre de 1840 y las causas que lo produjeron".

¹¹² Para SANTANA MOLINA "el Proyecto tampoco llegó a aplicarse debido al pro-

ceso de la política de Espartero, primero, y de los sucesivos gobiernos de Joaquín M. López y Olózaga, después", en *La Diputación provincial*, páx. 116. Con independencia da vaga alusión que fai a tódolos acontecementos que sucederon entre o verán de 1842 e novembro de 1843 como fundamento da non promulgación do Proxecto de Facundo Infante, chama a atención o seu descoñecemento sobre a elaboración do Proxecto do 14 de novembro de 1842.

¹¹³ “En el panorama político de la Regencia había, por lo tanto, una cuestión muy concreta que era necesario resolver con urgencia, a saber: la de la intensidad de la intervención y control del poder central sobre los Ayuntamientos y Diputaciones. Cuestión que escondía otra más profunda y abstracta: la de determinar hasta qué punto y en qué medida los pueblos y provincias se integraban en el Estado o eran meros satélites de él, cuerpos exteriores aunque sometidos a su influencia”, como puxo de manifesto NIETO, Alejandro, *Los primeros pasos del Estado constitucional*, Madrid, 1996, páx. 89.

¹¹⁴ Hai que ter presente que a presidencia do Consello de Ministros a asumira Rodil, posto que Antonio González caera o 31 de maio. Os decretos que aceptaban as demisións dos ministros e o nomeamento dos seus substitutos, en *Gaceta de Madrid*, 17 de xuño de 1842, n.º 2807.

¹¹⁵ D.S.S., Sección do 27 de xuño de 1842, n.º 72, páx. 1210.

¹¹⁶ Arquivo do Congreso, serie xeral, leg. 104, n.º 344. Oficio do 1 de xullo de 1842. D.S.C.D., Sección do 3 de xullo de 1842, n.º 139, páx. 3904.

¹¹⁷ Mariano Torres, Solanot fue designado en lugar de Facundo Infante como Ministro de la Gobernación de la Península, en *Gaceta de Madrid*, 17 de xuño de 1842, n.º 2807.

¹¹⁸ *Gaceta de Madrid*, 6 de agosto de 1842, n.º 2857.

¹¹⁹ D.S.S., Sección do 16 de novembro de 1842, n.º 5, páx. 16 e Apéndice terceiro. Pode consultarse tamén o seu texto íntegro en *Gaceta de Madrid*, 20 de novembro de 1842, n.º 2963.

¹²⁰ D.S.S., Sección do 17 de novembro de 1842, n.º 6, páx. 43 e Apéndice segundo.

forma, deu lugar a textos como o Proxecto de abril que recollen elementos de tódalas posicións ideolóxicas en conflito¹¹³. Pero non foi este o único proxecto que se presentaría en 1842.

O 17 de xuño deste ano era nomeado como presidente do Consello do Consello de Ministros o Marqués de Rodil¹¹⁴, aínda que de feito o Goberno continuara en mans de Espartero. Como efecto de tal cambio, na sesión que celebrou o Senado o 27 de xuño de 1842 deuse conta dun oficio do ministro da Gobernación da Península, con data do día anterior, no que anunciaba a resolución do Rexente, do novo gabinete en suma, de retiralos proxectos de deputacións e gobernos políticos “para que el Gobierno pueda tomarlo en consideración”¹¹⁵. Decisión que lle comunicou o Senado ó Congreso dos Deputados¹¹⁶. En xullo de 1842 clausurábanse as Cortes, en novembro volveríanse reunir pero por un curto espacio de tempo, xa que o 3 de xaneiro de 1843 se ordenaba a súa disolución.

Entremetres e como ocorrera con anterioridade, o novo ministro da Gobernación¹¹⁷ a comezos de agosto nomeou unha comisión coa finalidade de proceder á redacción dun novo proxecto sobre deputacións provinciais e gobernos políticos, capaz de darlles resposta ás protestas das ditas corporacións e contar coa súa experiencia. Foron nomeados os senadores Álvaro Gómez Becerra e Juan Lasaña, e os deputados a Cortes Jacinto Félix Domenech e Francisco Quinto¹¹⁸. Os dous primeiros formaran parte da Comisión do Senado designada en abril para dictaminar sobre o proxecto presentado polo Goberno, na elaboración do cal participaran os dous deputados.

Con data 11 de novembro abría as súas sesións o Senado e non habían de transcorrer cinco sesións para que Mariano Torres y Solanot, ministro da Gobernación e senador pola provincia de Pontevedra, presentara un Proxecto de lei sobre organización e funcións das deputacións provinciais, que levaba data do 14 de novembro de 1842¹¹⁹. O día 16 leuse este proxecto, que quedaría completado con outro sobre autoridade e funcións dos xefes políticos, presentado ó día seguinte¹²⁰. Como sucedera co anterior texto sobre organización e atribucións das deputacións, presentouse outro coa esperanza de logra-la súa promulgación e, a pesar diso, tivo o mesmo resultado. Tamén como o seu precedente, foi o Senado, a Cámara que recibiu en primeiro lugar o proxecto que elevara á consideración das Cortes o Goberno.

O día 20 de novembro nomeouse a Comisión que habería de dictaminar sobre ámbolos dous proxectos, e anque se nomearon como comisións diferentes estaban compostas polos

mesmos senadores. Esta comisión estaba formada por Juan La-saña, o conde de Soto-Ameno, Martín de los Heros, Rodrigo Valdés Bustos e Tomás Sánchez del Pozo¹²¹. Estes homes a penas tiveron ocasión de iniciar os seus traballos posto que, se ben as Cortes foron disoltas o 3 de xaneiro de 1843, o Senado celebrou a súa última sesión o día 22 de novembro.

A pesar diso, cabe destacar dúas notas da nova proposta: a declaración implícita do Goberno da imperiosa necesidade e urxencia para dotar de novas leis a Administración provincial, xa sentida había anos e manifestou tamén despois, o que pode comprobarse pola rapidez con que se presentou este segundo Proxecto de 1842, a penas abertas as sesións das Cortes; e, en segundo lugar, o camiño que seguiría, que non é outro que o dos seus inmediatos antecesores, é dicir, non chegar a ser discutido e quedar esquecido nas páxinas do *Diario de sesións*¹²².

As numerosas críticas que caeron sobre o Proxecto do 18 de abril motivaron que o presentado en novembro fora moito máis progresista. Encomendáballes ás corporacións provinciais algunhas das facultades que os proxectos elaborados desde 1838 lles quitaban, e mantíñase máis na liña da Lei do 3 de febreiro de 1823, aínda que admitindo algún postulado moderado.

En opinión do Goberno, cada provincia era un centro de acción para que aquel cumprira as súas funcións e, pola súa vez, un ente que, na súa demarcación, tiña unha vida independente. Dúas son as consideracións esenciais do Proxecto de novembro a teor do disposto na súa exposición:

■ Conservar para o Rei, isto é, para o Goberno as prerrogativas que a Constitución lle outorgaba e, por iso, se considera a provincia como un centro de acción que lle facilitaba ó Executivo o cumprimento das súas funcións.

■ darlles “a los intereses provinciales legítimos la anchura necesaria para que no sean ahogados bajo el peso abrumador de una centralización rigurosa”, de onde deriva que a provincia adquira unha vida política, administrativa e civil, independente da acción central que na súa demarcación tiña o Goberno para facer posible o exercicio do Poder executivo.

Desde un punto de vista formal, consta o proxecto de once títulos e uns artigos transitorios, que en conxunto suman 77 artigos. As rúbricas dos títulos son as seguintes: organización das deputacións provinciais; das calidades necesarias para ser deputado provincial; da elección de deputados provinciais; da instalación das deputacións provinciais e da admisión de deputados; do presidente e vicepresidente; dos deputados; das sesións; atribucións das deputacións provinciais; dos suplentes; da

¹²¹ D.S.S., n.º 7, páx. 50. Repetían dous dos senadores que foran designados para dictaminalo anterior proxecto: De los Heros e Soto-Ameno.

¹²² Neste sentido o parágrafo primeiro da exposición que precede o Proxecto afirma: “Al retirar el Gobierno el proyecto de ley sobre organización y funciones de las Diputaciones provinciales, presentado en la anterior legislatura, contrao el deber de revisarlo para poder proponer la reforma que imperiosamente reclama la legislación actual, cuya insuficiencia y defectos por todos son reconocidos. Graves son las dificultades que desde luego se ofrecen a la formación de esta ley tan apetecida, y de tan mala suerte en sus diferentes ensayos. El Gobierno ha procurado vencerlo”. D.S.S., Sección do 16 de novembro de 1842, n.º 5, Apéndice terceiro.

recadación dos fondos provinciais; e, da responsabilidade dos deputados provinciais. A estrutura só respectou algunhas rúbricas, modificou outras e introduciu algunhas novidades, a pesar de manter un número de artigos similar ó do proxecto precedente.

Como pode comprobarse, nunha primeira aproximación, moitas eran as diferencias cos proxectos anteriores que seguiran o proxecto da Comisión do Congreso de 1838. Pero, entrando en aspectos materiais ou substanciais, tamén son numerosas as diferencias. Cabe mencionar que no comezo dun dos parágrafos da exposición que precede o proxecto se manifesta que "siendo las diputaciones provinciales a la vez corporaciones deliberantes y ejecutivas..." Deste xeito prodúcese unha importante ruptura coa pretendida natureza consultiva que os moderados lles atribuían a estes corpos provinciais nos proxectos de Silvela, da Comisión do Congreso de 1838 e do Goberno de 1840. O reflexo das críticas enviadas polas deputacións provinciais e o desexo de satisfacelas, posto que en boa medida sostiñan o Gabinete, son explícitos en materia de atribucións. Estas razóns motivaron a inclusión dunha longa exposición de motivos coa finalidade de xustificá-las novidades.

O art. 1 do proxecto que agora nos ocupa, marca unha das diferencias substanciais cos demais textos e constitúe unha das principais innovacións que se pretendieron introducir. O primeiro inciso xa era bastante expresivo: "El número de individuos de que se ha de componer cada Diputación provincial se determina por la población de la provincia". Para a súa determinación, o dito precepto ordenaba estar ó censo que rexera na elección a Cortes, de acordo coa seguinte escala:

Ata	200.000	almas	7	deputados
De	200.001 a 240.000	"	8	"
De	240.001 a 280.000	"	9	"
De	280.001 a 320.000	"	10	"
De	320.001 a 360.000	"	11	"
De	360.001 a 400.000	"	12	"
De	400.000 arriba	"	13	"

O Goberno xustificaba esta innovación, en virtude da que se pretendía atende-la poboación e non as demarcacións xudiciais para a determinación do número de deputados, porque era de xustiza, igualdade e analoxía coa elección de Deputados a Cortes. Ademais, sinalaba a exposición do proxecto que, "reformando, pues, la ley en este punto, se pone más en consonancia con nuestra organización política, y se da a las personas la representación que hasta aquí se daba a las localidades"¹²³. Esta representación favorecía os grandes núcleos urbanos, é dicir, os

¹²³ Rompiase a regra dun deputado por partido, criticada porque os partidos na súa "creación han atendido principalmente a la situación local, y a diferente objeto, son muy desiguales en población".

partidos das capitais, aínda cando estas xa se viran favorecidas se contaban con máis dun xulgado de primeira instancia.

Respecto da fixación do número de deputados dentro dun máximo e dun mínimo, xustificábase en que o curto número podía impedi-las deliberacións, e o amplo complicar ou embara-las discusións e a rapidez indispensables. Os límites inferior e superior de deputados foran xa obxectos de discusión noutros momentos históricos¹²⁴.

O cargo de deputado provincial era, como viña establecido en tódolos textos que precederon este proxecto, honorífico, gratuito e obrigatorio¹²⁵. Ós seus dereitos e deberes dedicábanse-lles os arts. 40 a 43, que son os que compoñen o título VI, anque fan referencia, de forma case exclusiva ó deber de asistencia. En efecto, determinábase a obriga de concorrer á capital cando a corporación tivese que celebra-las súas sesións¹²⁶. Se por calquera impedimento non puidesen asistir, poñeríano en coñecemento da Deputación por medio do seu presidente¹²⁷; aínda que unha vez abertas as sesións non poderían ausentarse da capital sen o coñecemento e permiso daquela¹²⁸.

A determinación da precedencia entre os mesmos deputados, o art. 43 dispoñía que habería que atender á "antigüedad de su entrada en la Diputación, y si entran muchos el mismo día, por la mayor edad". Esta regra protocolaria non se recollera nunca, salvo as referencias ó deputado nomeado en primeiro lugar ou ó de maior idade para a suplencia na presidencia. A única regra protocolaria que si era coñecida, era a relativa á presidencia do xefe e á precedencia da Deputación, en canto corporación, sobre calquera concello, recollida na Lei de 1823.

Para ser deputado provincial, o art. 8 do Proxecto de finais de 1842 esixía a concorrencia dos seguintes requisitos: ser elector a Cortes; ter veciñanza actual na provincia; e, ademais, a concorrencia dunha destas dúas notas: ser natural dela ou residir nela "por espacio de tres años continuos en cualquier tiempo después de cumplir la edad de 18 años". Este último requisito ampliaba de modo considerable as posibilidades para ser elixido, posto que non se esixía, como en textos anteriores¹²⁹, a residencia inmediatamente anterior á designación senón en calquera momento despois de cumprila idade mínima esixida, anque despois vivira fóra.

Non podían ser deputados provinciais, por exclusión legal: os deputados a Cortes e os senadores; os administradores, arrendatarios e os seus fiadores dos predios ou arbitrios da provincia; os contratistas e os seus fiadores de obras públicas provinciais; os que perciban soldos ou outras retribucións con cargo ós fon-

¹²⁴ Nos debates do texto constitucional gaditano chegouse a proponse un máximo de trece individuos, pero fixouse en sete. A partir de 1835 fixouse no número de partidos xudiciais. O art. 2 da Proposición de Silvela de 1838 optaba porque se computara de tantos individuos cantos foren os partidos administrativos sen que baixara en ningún caso de trece nin excedera de vinte.

¹²⁵ Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 6, que reproduce os arts. 3 dos proxectos de 1840 e abril de 1842.

¹²⁶ Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 40, que obrigaba a asistir "con puntualidad en desempeño de su honroso cargo".

¹²⁷ Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 41.

¹²⁸ Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 42.

¹²⁹ Cotéxese co art. 6 do Proxecto do 18 de abril de 1842, por exemplo.

dos provinciais ou municipais; os empregados do Estado ou da Casa Real en activo; e, os ordenados *in sacris* e os tonsurados que gocen do foro eclesiástico, ademais dos regulares profesos secularizados ou exlastrados¹³⁰. No fundamental quedarían reducidos ás seguintes categorías, como recollía o art. 7 do Proxecto do 18 de abril de 1842: membros das Cortes, persoas relacionadas ou que manexaran fondos económicos das provincias, os funcionarios dalgunhas administracións e os eclesiásticos en sentido lato. Estes últimos eran os máis afectados, xa que se estendeu a mención a outros que non só eran os ordenados, consecuencia da animadversión progresista polo eclesiástico ós citados en último lugar.

Os que foron designados, podían escusarse ou renunciar ó seu emprego, alegando algunha das causas seguintes: sexaxenarios, polo que se mantiña a idade que recolleran textos anteriores; os deputados que desempeñaron o seu encargo por dous anos como mínimo, foran reelixidos sen gardar un oco doutros dous; os individuos dos concellos que o foran polo menos por oito meses, e foran designados sen transcorrer un ano de oco desde que cesaron naqueles; e, os que foran elixidos deputados ou senadores, polo menos nunha lexislatura, se foran designados antes de transcorrer un ano de oco¹³¹. Ampliábanse, tamén, neste caso os supostos de escusa, que afectaban ós edís municipais e ós deputados provinciais, se ben coa limitación de estar un mínimo de tempo desempeñando as súas atribucións, que varían de acordo co cargo que exerceran con anterioridade.

Por outro lado, debe facerse notar xa, anque logo me estenderei sobre iso, que no Proxecto governativo de novembro de 1842 non se mencionarán como membros da Deputación nin o xefe político, nin o intendente, en contra do sistema establecido desde a Constitución gaditana. Se ben o art. 4 determinaba que cando concorrera o xefe político, ou quen fixera as súas veces, presidiría a Deputación sen voto, "pero exerciendo todas las funciones y autoridad del presidente", é dicir, que si lle correspondía a dirección das discusións en caso de acudir.

Como consecuencia do exposto, o art. 3 dispoñía que a Deputación tivera un presidente e un vicepresidente elixidos de entre os propios deputados¹³². A solución adoptada, por tanto, era a proposta dos textos moderados de Silvela¹³³ e da Comisión do Congreso en 1838¹³⁴. ¿Concesión ós moderados? Sen ningunha dúbida. Fronte á imposibilidade de reducir as atribucións destas corporacións, a súa presidencia non era obxecto de tan viva discusión. De novo as transaccións entre postulados de moderados e progresistas.

¹³⁰ Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 9.

¹³¹ Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 10. Esta relación estaba moito máis matizada cá do art. 8 do Proxecto de abril.

¹³² Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 30.

¹³³ O seu art. 15 dispoñía que "en la primera reunión de los diputados provinciales, presididos por el de mayor edad, y haciendo de secretario el más joven, nombrarán de entre ellos mismos su presidente y su secretario para cada sesión o temporada".

¹³⁴ O seu art. 5 dispoñía que "el Presidente y el Secretario de la Diputación serán de elección libre de los individuos de la misma".

As facultades destas novas figuras recolléronse nun título propio. De acordo co art. 37 do Proxecto de novembro, a duración nos seus respectivos cargos sería dun ano natural contado desde o día do seu nomeamento, anque podían ser reelixidos. Ó presidente, segundo o art. 38, correspondíanlle as seguintes atribucións: abrir, pechar, dirixir, mante-la orde e a regularidade nas sesións, sempre que non asistira o xefe político ou quen fixera as súas veces; abrir, con asistencia do secretario, a correspondencia dirixida tanto a el como á Deputación, dándolle o debido curso; asinar co secretario a correspondencia acordada pola corporación, e a que fora necesaria para executar os seus acordos; exercer unha *inspección vixiante* sobre o edificio da Deputación, as súas oficinas e empregados, dándolle conta a aquela do que for necesario. Esta misión, se o presidente ou o vicepresidente non residiran na capital desempeñaríaa un dos vocais que residira nela e a Deputación; como tamén convoca-los deputados cando o dispuxera o Rei ou por solicitude do xefe político. En caso de non poder desempeñar o presidente estas funcións, faríaa o vicepresidente¹³⁵.

¿Cal foi o motivo que dera lugar a que o xefe político e o intendente foran desprazados das deputacións? A exposición que precede o proxecto, nunha interpretación restrictiva do art. 69 da Constitución, poñía de manifesto que se as deputacións provinciais eran nomeadas polos mesmos electores de Cortes, e "aunque las Cortes constituyentes no aplicaron tan estrechamente este artículo, ha creído el Gobierno que debía negarse el carácter de individuos de las Diputaciones a los jefes políticos, a los intendentes o a los que hagan sus veces, porque es mejor entender literalmente el texto constitucional que sujetarlo a interpretaciones arbitrarias que podían desvirtuarlo". A pesar de tal razoamento, cómpre poñer en relación os arts. 4 do Proxecto de deputacións do 14 de novembro e 12 do texto sobre autoridade e funcións dos xefes políticos do 17 de novembro de 1842, xa que mentres o primeiro se limita a admitir a posibilidade de asistencia do delegado gubernativo –"cuando concurra el jefe político las presidirá sin voto"–, o segundo era tallante: "Concurrirán los jefes políticos a todas las sesiones de las Diputaciones provinciales y no dejarán de hacerlo sino por motivos graves, de que darán conocimiento al Gobierno, o por ocupación en otros negocios importantes y urgentes". Deste xeito a presidencia real continuábaa desempeñando o xefe político, a través do que o Goberno podía seguir controlando, polo menos, as deliberacións e a orientación política das deputacións¹³⁶.

Completaba a organización das deputacións, o seu aparello

¹³⁵ Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 39.

¹³⁶ A propia exposición o ratificaba de modo implícito ó afirmar que, "si en consecuencia de la disposición constitucional se quita a los jefes políticos el carácter de miembros de las Diputaciones, es muy conveniente que tengan conocimiento de sus deliberaciones y acuerdos: de otro modo no podría el Gobierno ejercitar la facultad que el art. 45 de la Constitución... Así oportunamente pueden prevenirse los extravíos y abusos, que no es de esperar se presenten con frecuencia".

burocrático. Nos proxectos anteriores, desde o de Silvela de 1838, ou se ordenaba desaparecer ou lle encomendaban estas tarefas á secretaría do Goberno político. O art. 5 do Proxecto de novembro de 1842 non só prevía a súa existencia, senón que sinalaba que as deputacións terían un secretario, un vicesecretario que sería o oficial maior “y los demás dependientes que necesite”. Apréciase certa similitude co que xa determinara respecto disto a Lei de 1823, anque esta falara de dous oficiais e salvara a posibilidade de ampliar ese número de acordo coas necesidades da propia Deputación. Parece que a admisión dunha oficina propia se encontraba dentro das concesións a estes corpos provinciais. O nomeamento e cesamento dos ditos empregados corresponderíalle á Deputación, así como a fixación do seu soldo ou calquera outro tipo de remuneración¹³⁷. Sobre as funcións ou misións que terían que desempeñar, só se recolle que o secretario elaboraría a acta de cada sesión e asinaría diversa documentación¹³⁸.

Respecto das eleccións, o art. 7 deste proxecto dispoñía a renovación total das deputacións cando se fixeran as eleccións a Cortes, coa obriga de cesar e disolverse na véspera do día en que comezaran as eleccións para substituílas. O Goberno afirmaba na súa exposición, que das diversas combinacións que podían seguirse, adoptara a que parecía derivarse do “nombre mismo que llevan estas corporaciones populares, su carácter de representación y la comunidad de origen con el Congreso”. De modo que esta simultaneidade na elección facilitaríase que tanto as corporacións provinciais como as Cortes representaran unha mesma opinión que, é obvio, sería a maioritaria. Con iso conseguiríase “una perfecta armonía muy conveniente para que no encuentren obstáculos la marcha de los altos poderes del Estado y la ejecución de sus resoluciones”. Nunca se expuxera de maneira tan explícita en ningún texto lexislativo, se ben en tódalas épocas se tratara de que así resultara na práctica. A indeterminación nos prazos de renovación era manifesta, a pesar do previsto nos arts. 11 a 14 do Proxecto de novembro. Con iso optábase por unha nova vía descoñecida ata entón, xa que as propostas desde 1838 marcaran prazos concretos.

O título III deste proxecto era o que desenvolvía o procedemento para verifica-las eleccións provinciais. Os arts. 11 a 13 dispoñían as regras que se van seguir nas eleccións ordinarias para comeza-la renovación de tódalas deputacións:

■ na Península, “en igual día de la segunda semana siguiente al de la publicación en la Gaceta de la Real convocatoria para la reunión de las Cortes y las elecciones generales, de manera que

¹³⁷ Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 58, n.º 4.

¹³⁸ Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 51.

publicada la convocatoria el domingo primero de junio, deben empezar las elecciones el domingo quince del mismo mes". Computábase, polo tanto, de data a data.

■ en Baleares e Canarias, por razóns evidentes, desde o día en que chegara ás súas capitais a Gaceta que contivera a convocatoria¹³⁹.

■ como excepción, se sucedera que o Rei non convocara as Cortes antes do 1 de decembro e nese mesmo ano concluíran o seu encargo os Deputados do Congreso, as eleccións para designalos novos comezarían o 1 de outubro; mentres que as de deputacións empezarían, tanto na Península como nas illas adxacentes, o terceiro domingo de setembro, reuníndose os electores, sen necesidade de convocatoria¹⁴⁰.

Do que se trataba era de anticipar as eleccións de deputacións coa finalidade de non entorpecelas de Cortes, en boa medida porque as ditas corporacións tiñan unha participación intensa nas eleccións xerais¹⁴¹. O sinalamento destes prazos, dicía a exposición que precedía o articulado, axustara "a la necesidad de estrecharlos en cuanto cupiese para que de este modo no se detuvieran las operaciones de la renovación del Congreso de los Diputados". Deste modo, ademais, anticipábase o coñecemento dun posible cambio na composición das cámaras, permitindo a intervención directa do Goberno, os seus axentes e outra serie de personaxes para remedialo co obxectivo de continuar no poder.

Isto polo que se refire ás eleccións ordinarias. Para as eleccións extraordinarias -fóra do prazo legal previsto- ou particulares dalgunha provincia, para designar a todos ou a algún dos deputados provinciais, a elección comezaría o día que dispuxere o xefe político, "dentro de los quince primeros siguientes al en que reciba el aviso oficial del suceso o de la disposición que haga necesaria la elección"¹⁴².

Non só se debería elixirlos deputados propietarios, senón que o seu art. 16 ordenaba que se elixiran igual número de suplentes, da mesma maneira que xa previran diferentes textos anteriores. Serían chamados para ocupar o posto dos primeiros cando quedara vacante por calquera causa; e, cando fora suspendido o propietario, anque neste caso só serviría o seu encargo durante o tempo que durara a suspensión¹⁴³.

Co fin de determinar o número de electores, rexerían as últimas listas que serviron para as eleccións a Cortes, coas debidas rectificacións¹⁴⁴. Norma obvia, porque os electores dunha e doutra institución eran os mesmos.

Para facelas eleccións, as provincias dividiríanse en tantas

¹³⁹ Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 12.

¹⁴⁰ Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 13, que se remite ó art. 27 da Constitución.

¹⁴¹ A exposición do texto apuntaba o seguinte razoamento: "Variando la forma en cuanto a que los Diputados a Cortes sean elegidos por provincias, y los provinciales por demarcaciones no es posible que las elecciones se hagan simultáneamente. El Gobierno cree que deben anticiparse las de los diputados provinciales, estrechando los términos para que entren en el que debe mediar desde la Real convocatoria hasta la reunión de Cortes. Esto lo aconseja el influjo e intervención que la ley electoral da a las Diputaciones en las elecciones de Diputados a Cortes y propuestas de Senadores; y ya que sea imposible evitarlo, ejerzan las nuevas Diputaciones, expresión de la opinión presente del cuerpo electoral".

¹⁴² Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 14. Modificábase profundamente o contido dos arts. 9 e 12 do Proxecto de abril daquel ano.

¹⁴³ Proxecto do 14 de novembro de 1842, título IX, arts. 63 e 64.

¹⁴⁴ Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 15.

¹⁴⁵ Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 2.

¹⁴⁶ A exposición manifestaba respecto disto: "Los otros artículos del Proyecto suponen hecha la división de las provincias en demarcaciones, y de las demarcaciones en distritos electorales.

Pero esta división no está hecha, y ha parecido conveniente dar la iniciativa a las Diputaciones provinciales, concediendo la aprobación al Gobierno dando cuenta a las Cortes. Así, al mismo tiempo que se consulta a la brevedad y a la urgencia, pueden ejercitar las Cortes las atribuciones que les corresponden, conservando salvas e ileas sus facultades”.

¹⁴⁷ Proposición de Silvela, art. 2: “Se compondrá de tantos individuos cuantos sean los partidos administrativos en que se halle dividida la provincia... Los partidos administrativos serán por ahora los judiciales”. Reproducido no art. 2 do Proxecto da Comisión do Congreso de 1838.

¹⁴⁸ Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 17. Existe unha diferenza substancial co art. 13 do Proxecto do 18 de abril de 1842 que fixaba a hora da reunión e a presidencia da mesa electoral.

¹⁴⁹ O art. 18 do Proxecto do 14 de novembro de 1842 dispón: “Las elecciones de diputados provinciales durarán tres días, empezando por la formación de la mesa, en lo cual se invertirá el tiempo necesario, aunque exceda de una hora, pero concluyendola en el primer día”. Hai unha redución do período electoral proposto noutros textos xa que, por exemplo, o art. 13 do Proxecto de abril establecía que as eleccións duraran catro días.

¹⁵⁰ Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 19.

¹⁵¹ Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 19. A solución contraria propuxéaa o art. 17 do texto de abril.

demarcacións de poboación, aproximadamente iguais, como número de deputados compuxesen a corporación, de conformidade coa táboa máis arriba mencionada, de modo que cada unha destas circunscricións elixira un deputado¹⁴⁵. Como podían existir problemas na división destas demarcacións, os arts. 75 e 76, incluídos dentro do grupo final dos preceptos transitorios, dispoñían que despois da promulgación da lei, as deputacións procederían a dividi-las provincias en demarcacións e estas en distritos electorais do modo máis conveniente, cómodo e beneficioso para as vilas. Esa operación debería realizarse no prazo de vinte días. O expediente da división remitiríase ó Goberno para que o aprobara e lles dera conta diso ás Cortes¹⁴⁶.

En realidade estábanse establecendo os requisitos necesarios para crea-los partidos administrativos que se pretenderon implantar cos textos moderados de 1838¹⁴⁷. As demarcacións son circunscricións determinadas de forma aleatoria, dunha poboación aproximadamente igual, que poderían coincidir ou non cos partidos xudiciais existentes. Aquelas serían as grandes divisións da provincia e o número destas variaría entre 7 e 13. Pero como podía ser molesto ou difícil que os electores dunha demarcación acudiran á cabeza, establecíase o sistema xa coñecido de dividir estas circunscricións noutras inferiores que serían os distritos electorais. Hai que ter tamén presente que a división en demarcacións se facía atendendo ó número de almas ou de habitantes, non ó de electores.

O día fixado para inicia-las eleccións, acudirían os electores ás súas respectivas cabezas de distrito¹⁴⁸. O período electoral duraría tres días, e dedicaríase o tempo que fora necesario do primeiro día para a formación da mesa¹⁴⁹. Ata ese momento, era tradicional dedicar-lles un día máis ás votacións, para o que se destinaba como facía este proxecto, o primeiro á formación da mesa.

Nas papeletas expresaríanse os nomes do deputado propietario e suplente, coa advertencia de que se contiver máis nomes, só valerían os dous primeiros, e serían nulos os demais¹⁵⁰. Deste xeito, a case totalidade das papeletas serían admitidas, anque só se lles dese validez a eses dous primeiros nomes¹⁵¹.

O terceiro día despois de realiza-lo escrutinio xeral do distrito, ás dez da mañá reuniríanse os comisionados de cada un dos que formaran a demarcación na vila cabeza desta, coas actas respectivas. Se non puideran concorrer a esta localidade, remitiríanlle a acta ó alcalde do concello cabeza de partido. Para verifica-lo escrutinio xeral da demarcación formaríase unha xunta composta polos comisionados e polos membros do con-

cello, baixo a presidencia do seu alcalde, se ben só terían voto os representantes dos distritos. Non obstante, se a unha localidade, pola súa numerosa poboación, lle correspondera nomear máis dun deputado, o concello dividiríase en tantas seccións cantas foren as demarcacións, concorrendo deste modo ós respectivos escrutinios¹⁵².

Esta xunta comezaría por nomear entre os comisionados un secretario, facendo os demais de escrutadores. De modo inmediato e sen interrupción, faríanse separadamente os escrutinios de deputado propietario e suplente. Resultarían elixidos para cada caso os que maior número de votos obtiveren¹⁵³. Unha vez concluído o escrutinio xeral da demarcación, elaboraríase a acta electoral e dúas copias, asinadas polo presidente, os escrutadores e o secretario. As copias debíanselles enviar sen demora á Deputación e ó xefe político¹⁵⁴. Ó mesmo tempo o alcalde citado, como presidente, avisaría sen tardanza e por medio de oficios os deputados propietario e suplente electos, “advirtiendo al primero, cuando las elecciones sean ordinarias, que para el sexto día debe hallarse en la capital de la provincia”. A mesma advertencia lle faría se as eleccións foren extraordinarias e a Deputación estiver reunida¹⁵⁵.

A resolución das dúbidas e reclamacións que ocorreren durante a elección, resolveríase a Xunta Xeral da Demarcación ou as mesas de distrito. Diso debían deixar constancia nas actas coa debida expresión e claridade. As resolucións adoptaríanse por maioría de votos e, en caso de empate, decidiría o presidente da mesa nos distritos ou o comisionado de máis idade na Xunta de demarcación. En todo caso o que non podía facer a Xunta Xeral de Demarcación era anula-la acta electoral de ningún distrito¹⁵⁶.

Cotexando o articulado deste título III con outros textos anteriores evidéncianse numerosas lagoas. Por exemplo e por só citar unha delas: a publicación das listas electorais e dos escrutinios. Quizais esta foi a razón de incluír unha cláusula de remisión á lei electoral que rexera “en todo lo demás no prescrito especialmente en esta ley”¹⁵⁷.

Concluídas estas operacións e para verifica-la instalación da Deputación, debían acudir os deputados electos á capital dentro dos seis días seguintes ó que recibiran o oficio do seu nomeamento. Unha vez reunida a maioría deles, constituiríanse en xunta preparatoria, que presidiría, se non concorrera o xefe político, o deputado máis ancián e faría de secretario o que o fora da Deputación¹⁵⁸. Esta xunta nomearía unha comisión composta por tres individuos, que debía examina-la legalidade das

¹⁵² Proxecto do 14 de novembro de 1842, arts. 20 e 21. En termos similares ós arts. 20 a 23 do Proxecto do 18 de abril de 1842.

¹⁵³ Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 22.

¹⁵⁴ Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 24. No texto do 18 de abril establecerase que as dúas copias se lle enviarían ó xefe, que lle pasaría unha á Deputación.

¹⁵⁵ Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 25. Solución diferente á adoptada no art. 32 do Proxecto do 18 de abril.

¹⁵⁶ Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 23.

¹⁵⁷ Proxecto do 14 de novembro de 1842, o art. 26.

eleccións e as calidades dos demais deputados¹⁵⁹. Tamén se nomearía unha comisión de tres membros que examinara se concorrían os requisitos necesarios nos da primeira. Tralo que se suspendería este acto de instalación, para que ámbalas dúas comisións presentaran os seus dictames¹⁶⁰. Reunida de novo esta xunta preparatoria, resolveríase sobre o dictame relativo ós tres deputados da primeira comisión, e solucionaríase o correspondente á aprobación das súas actas e admisión dos electos que se presentasen despois do resolto por aqueles¹⁶¹. Verificada esta operación, e na mesma sesión, nomearíase o presidente e o vicepresidente, co que quedaría a Deputación instalada de forma definitiva¹⁶². Esta regulación recoñecía, con algunha precisión, a realidade vixente sobre a legalidade das actas presentadas.

Estas eran as regras no suposto de renovación ordinaria, porque se fora extraordinaria a instalación verificaríase a partir do décimo quinto día, salvo que o xefe político abreviara os prazos por esixencia dos negocios públicos¹⁶³.

Os arts. 32 e 33 do proxecto regulaban a instalación da Deputación no suposto de renovación parcial da maior parte da Deputación. Os que quedaren concorrerían á xunta preparatoria, que presidiría o presidente, o vicepresidente ou o deputado máis ancián dos que subsistiran, pero salvando a presidencia do xefe político se asistira. As comisións de revisión de actas electorais estarían formadas polos que quedaran, e se non fosen suficientes, completaríanse cos que se acaban de elixir –presuntos denomínoas o proxecto–. Neste caso non se procedería ó nomeamento de presidente ou vicepresidente, se continuaran sendo deputados os que desempeñaran estes cargos.

Pola contra, se a renovación parcial fose da menor parte, a Deputación resolvería sobre a legalidade da elección e as calidades dos que se acaban de designar. Como esta era unha regra sinxela, aplicaríaselles tamén ós deputados que se presentaron despois de instalada a corporación, ben se renovase esta total ou parcialmente¹⁶⁴.

Os deputados que fosen electos por dous ou máis partidos deberían decidir por cál deles optaban, no día en que tomaran posesión na Deputación¹⁶⁵. As razóns da posible dobre elección xa foron apuntadas ó trata-lo proxecto anterior.

Hai que ter presente que o último precepto deste Proxecto do outono de 1842, o art. 77, incluído dentro dos transitorios, viña a dispoñer que “verificada la aprobación, y cuando se hayan promulgado las nuevas leyes de ayuntamientos y jefes políticos, se elegirán las nuevas Diputaciones con arreglo a esta ley,

¹⁵⁸ Proxecto do 14 de novembro de 1842, arts. 25 e 27.

¹⁵⁹ Cuestión xa prevista no art. 16 do R.D. do 21 de setembro de 1835, e que recolleu con posterioridade a Orde do 6 de novembro de 1837.

¹⁶⁰ Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 28. En termos similares o art. 30 do Proxecto do 18 de abril de 1842.

¹⁶¹ Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 29.

¹⁶² Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 30.

¹⁶³ Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 31.

¹⁶⁴ Proxecto do 14 de novembro de 1842, arts. 34 e 35.

¹⁶⁵ Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 36.

que empezará a regir entonces". Con iso produciríase unha *vacatio legis* indeterminada, que dependía do que tardaran as Cortes en discutir e aproba-las aludidas leis, que completarían as reformas provinciais. Non obstante, a renovación despois da entrada en vigor das tres leis permitía uniformar estas institucións en consonancia coa concepción política que as informaba.

Respecto das sesións, quedaban reguladas no título VII do proxecto. O que non se determinou era un calendario preestablecido de reunións, nin sequera o seu número, como se fora recollendo en tódolos textos desde a Constitución de 1812. As sesións serían públicas cando o prescribira a lei, ou cando as deputacións o acordaran. Disto dedúcese que o art. 45 recoñecía de modo implícito que estes casos eran os excepciónais, debendo se-lo habitual que as reunións foran secretas¹⁶⁶.

O quórum esixido para a celebración das sesións da Deputación fixouse na maioría dos deputados que a formaran¹⁶⁷, o cal resulta obvio xa que só eles formaban a corporación. Mentres que para adoptar acordos e resolucións se requiría que votaran a favor a maioría dos presentes. Ademais, prohibíaseles ós deputados o absterse nas votacións, anque calquera deles podía salva-lo seu voto, facéndoo constar en acta. As votacións serían públicas, e resérvase o voto secreto para a elección de persoas¹⁶⁸.

Cando nunha votación non se alcanzase a maioría nun mesmo sentido non podería adoptarse ningunha resolución. Para evita-lo dito obstáculo, os arts. 48 e 49 establecían o seguinte método para solucionalo: repetiríase a discusión e a votación na sesión seguinte, tomando tamén parte nesta, os deputados que non concorresen á anterior; se non se conseguira a maioría na segunda sesión, entenderíase desbotado o dictame, a proposición, proposta ou petición; e, se como consecuencia dese rexeitamento ou pola natureza do asunto fora necesario tomar unha resolución positiva, nomearíase unha comisión composta por deputados das distintas opinións coa finalidade de presentarlle ó Pleno un informe, no que se conciliaran as diferentes opinións. Regra novidosa en relación con textos anteriores.

Ó secretario correspondíalle redactar acta da sesión, que asinarían o que presidira, outro deputado e aquel¹⁶⁹.

Xa sinalai que non se fixaba un calendario ríxido de sesións. Así o poñía de manifesto con claridade o art. 52, ó sinalar que "las Diputaciones se reúnen ordinariamente para celebrar sus sesiones, y suspenden estas cuando ella mismas lo acuerdan, según lo exijan los negocios de su cargo. También acuerdan los días y las horas en que han de tener las sesiones. Cesan y se di-

¹⁶⁶ Recollíase, polo tanto, o establecido no art. 43 do Proxecto de abril de 1842.

¹⁶⁷ Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 44.

¹⁶⁸ Proxecto do 14 de novembro de 1842, arts. 46, 47 e 50. Recolle substancialmente o previsto no art. 45 do Proxecto de abril.

¹⁶⁹ Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 51. Reproduce no fundamental o último inciso do art. 50 do Proxecto de abril.

suelven cuando lo dispone la ley". Esta discrecionalidade contrasta cos proxectos anteriores, que fixaban de modo taxativo os períodos de sesións, as datas de inicio e conclusión, o número de sesións ou o horario de cada unha delas. Agora óptase exactamente polo contrario, por deixar á discrecionalidade das corporacións provinciais todo o referente ó seu método de traballo, sen interferencia de poderes alleos e, polo tanto, recoñécese a facultade de adapta-lo método ou número de sesións á cantidade de asuntos a tratar.

Non obstante, podían suspenderse as sesións das deputacións: polo Rei sempre e cando a suspensión non superara os trinta días; e, por iniciativa dos xefes políticos dirixida ó presidente da Deputación, só por dez días, concorrendo motivos graves e xustos, dándolle conta diso ó Goberno sen dilación. Existía unha excepción á posibilidade de suspensión, xa que non podían usar desta facultade nin o Goberno nin o xefe, cando as deputacións estivesen reunidas para desempeñar as funcións que lles encomendaba a lei electoral; e, sen que puidesen facelo máis dunha vez por ano¹⁷⁰. Hai que resaltar que non se trataba de suspenderlos deputados como regulaban textos anteriores e ó que o presente lle dedicaba un título específico, senón de interromper as sesións.

A circunstancia de deixar os xefes políticos de pertencer á Deputación e a misión que lles incumbía de executar a lei, facía moi conveniente que aqueles tiveran coñecemento do que esta corporación acordaba. De aí que o art. 56 establecera que as deputacións non puideran celebrar ningunha sesión sen coñecemento do xefe político, para o que se lle pasaría aviso con vintecatro horas de antelación. En caso de non cumprir con este deber, sería nulo e sen ningún efecto o que se fixera contravindo o mesmo. Todo o cal hai que poñer en directa relación co xa mencionado acerca da obrigação que tiñan os xefes políticos de asistir ás sesións das deputacións, de acordo co previsto no proxecto que regulaba a súa autoridade e funcións do 15 de novembro de 1842. De novo e fronte ós aparentes postulados progresistas, o que se estaba recollendo de modo implícito era o control das deputacións por parte do axente do Goberno nas provincias.

Por outra parte, para solucionar os negocios urxentes, cando a Deputación non estivera reunida –ou como dicía o art. 57, “no tenga abiertas sus sesiones”–, despacharían e resolverían os deputados que residiran na capital se non eran menos de tres; xa que se non os houbera se chamarían os que se encontraran máis próximos ata completa-lo dito número. A súa re-

¹⁷⁰ Proxecto do 14 de novembro de 1842, arts. 53 a 55.

solución sería con coñecemento do xefe político, provisional e coa obriga de sometela a un novo acordo da Deputación cando esta se reunira. Creo innecesario volver incidir na tradicional existencia das chamadas *comisións de despacho* e que este precepto viña consolidar.

O título VIII do Proxecto do 14 de novembro de 1842 estaba dedicado ás atribucións das deputacións provinciais. Para desempeñar de forma correcta estas atribucións, os corpos provinciais debían formar e instruí-los oportunos expedientes para asegurar “el acierto, la justicia y la conveniencia pública en las resoluciones”¹⁷¹. Máis que un mandato, tratábase dunha declaración de principios á que debían axustar a súa actuación as deputacións.

Se estudiamos con certo detemento as competencias que se lles atribuían ás deputacións sobre as materias enumeradas nos arts. 58, 60 e 61 deste texto, poderemos comprobar cómo no fondo se estaba reproducindo a distinción entre intereses provinciais e nacionais; entre facultades plenamente decisorias, deliberacións e dictames/consellos. A fundamentación pode encontrarse na interpretación que se fixo na *Gaceta de Madrid* acerca do título V do Proxecto do 18 de abril e que reproducín máis arriba. A lista de materias sobre as cales as ditas corporacións podía decidir definitivamente, ampliábase ata achegarse á Lei de 1823, pero eran asuntos de natureza provincial e que, polo tanto, non superaban os límites da provincia ou o ámbito territorial de competencia de cada Deputación. Pola contra, naqueles ámbitos nos que primaba o interese nacional –eleccións, quintas, Milicia, Facenda Real, entre outros sobre os cales interviñeran e interviñan amplamente–, as deputacións limitaríanse a deliberar sobre a mellor forma de cumprir cos mandatos superiores, procederan do legislativo ou do executivo, de modo que nestas cuestións as súas facultades estarían mediatizadas. E, por último, tamén deberían actuar como órganos consultivos, de cooperación ou sinxelamente de información. Cabe reiterar algo xa exposto: “las facultades de las Diputaciones se modifican por necesidad según la naturaleza de los intereses que predominan”¹⁷².

O art. 58 do Proxecto de novembro recolle unha longa lista de atribucións, que se complementaban coas enunciadas nos arts. 60 a 62. Como nos proxectos redactados entre 1838 e 1840 introducíanse expresións como as de “acordar y deliberar, acordar definitivamente” ou similares¹⁷³. Por iso e de acordo co exposto no parágrafo anterior, cabe entender que sobre as materias que enumera tiñan a plena competencia por non exceder do

¹⁷¹ Proxecto do 14 de novembro de 1842, art. 59.

¹⁷² *Gaceta de Madrid*, 25 de abril de 1842, n. 2754. Polo tanto, non estou de acordo coa afirmación segundo a cal o Proxecto do Gabinete de Rodil era “bastante descentralizador: el jefe político no formaría parte de esos organismos, asistiendo a sus sesiones únicamente a título informativo, y las Diputaciones, expresamente consideradas como “corporaciones ejecutivas y deliberantes”, aprobarían definitivamente las cuentas y presupuestos municipales”, De CASTRO, *La Revolución liberal*, páx. 164, n.º 99. Nin coa que mantén que os progresistas elaboraron “un proxecto de organización de las diputaciones en la mejor línea gaudita y descentralizadora, en el sentido de la normativa de 1823. Las corporaciones provinciales reciben amplias facultades en materia de administración de su territorio y en la supervisión y control de los ayuntamientos... y se le reconoce a la corporación provincial el carácter ejecutivo además del deliberante, pudiendo, también aprobar definitivamente las cuentas y presupuestos municipales”, como sostén GONZÁLEZ CASANOVAS, J.A., *Las Diputaciones provinciales en España. Historia política de las Diputaciones, desde 1812 hasta 1985*, Madrid, 1986, páxs. 35 e 36. O seu ámbito non só se limitaba á materia mencionada e, noutras incluídas na normativa desde 1812, non se determinaban as súas facultades, anque parece deducirse o sometemento da súa actuación ás decisións do Legislativo e do Executivo.

¹⁷³ Por exemplo, o art. 60 do Proxecto da Comisión do Congreso de 1838 determinaba que: “Es atribución también de las Diputaciones Provinciales deliberar y acordar...”. Expresión reproducida no art. 46 do Proxecto do 21 de marzo de 1840.

¹⁷⁴ Neste sentido, o art. 166 da Lei do 3 de febreiro de 1823 estableceu que “las Diputaciones prescribirán las reglas más sencillas y metódicas que se hayan de observar en sus respectivas secretarías para el mejor y más pronto despacho de los negocios comprendiendo también la parte correspondiente a las secretarías”. Antes da promulgación desta lei algunhas deputacións contaban cos seus propios regulamentos de réxime interior; e a maior parte delas xa durante a rexencia da raíña María Cristina.

¹⁷⁵ O precepto vixente era o art. 134 da Lei de 1823, de acordo co cal lles correspondería ás deputacións o coñecemento dos cursos e dubidas que ocorreran sobre eleccións dos oficios de concello, e decidiríaaas gobernativamente sen ulterior recurso.

¹⁷⁶ Acerca dos recursos sobre agravios e exoneración de oficios, art. 137 da Lei de 1823.

¹⁷⁷ Correspóndese cos apartados 1º dos arts. 46 do Proxecto de 1840 e 60 da Comisión do Congreso de 1838.

¹⁷⁸ O marco xurídico dos secretarios encontrábase fundamentalmente nos arts. 165 a 168 e 174 da Lei do 3 de febreiro de 1823. Para o resto de oficiais, os arts. 169 a 177 da mesma norma. Con posterioridade, o R.D. do 21 de setembro de 1835 dispoñía, no seu art. 25, que lles correspondía ás deputacións acordar e determinar de maneira definitiva sobre o nomeamento, número e dotación dos demais subalternos e dependentes necesarios para os traballos das súas secretarías, comprendéndose estes gastos no presuposto provincial.

¹⁷⁹ Altéranse as previsións incluídas nos respectivos títulos sétimos do Proxecto da Comisión do Congreso de 1838 e do Goberno de 1840.

territorio/interese provincial. A longa lista de materias encóntrase a medio camiño entre a Lei de 1823 e os proxectos moderados. Isto ponse de manifesto na propia relación de asuntos: uns proceden da Lei do Trienio, mentres que os restantes se recolleron sucesivamente nos textos redactados a partir do Proxecto da Comisión do Congreso de 1838. De acordo co citado precepto do texto de novembro de 1842 corresponderíalles ás deputacións:

■ forma-lo regulamento para o seu goberno interior e o das súas oficinas e dependencias. En canto á organización e funcionamento interior pouco podían innovar as deputacións con respecto ó esquema marcado polas normas emanadas das Cortes, agás en cuestións relacionadas coas comisións existentes ou estrutura orgánica da secretaría¹⁷⁴, por exemplo.

■ resolver sobre reclamacións relativas á nulidade das eleccións para cargos de concellos¹⁷⁵, das pegas e das escusas destes¹⁷⁶. Este era e fora un dos puntos máis controvertidos, por considerarse un negocio político e gobernativo, propio dos xefes políticos e non das corporacións que debían exercer só funcións económicas ou administrativas. Este punto, que xa supuxera unha longa e asañada discusión cando se elaborou a Lei de 1823 e que mantido polos progresistas, desbotaban totalmente os moderados, que llelo encomendaran ós consellos provinciais nos proxectos que redactaron.

■ acorda-lo conveniente para a boa administración das leiras e demais propiedades da provincia. Neste punto incluíase todo tipo de relacións contractuais sobre aquelas¹⁷⁷.

■ nomear e separar libremente o seu secretario e demais empregados retribuídos con cargo ós fondos provinciais¹⁷⁸.

■ aproba-lo orzamento para o ano seguinte, tanto de gastos provinciais como dos medios e arbitrios para cubrilos, pero pedíndolle-la autorización ás Cortes no que fora necesario, de acordo coa Constitución e as leis¹⁷⁹. Neste último suposto encontraríase a aprobación de contribucións extraordinarias.

■ examinar e aprobar cada ano as contas dos fondos de establecementos provinciais, por exemplo de instrucción pública ou beneficencia¹⁸⁰.

■ aprobar, despois de examinadas e glosadas, as contas de propios, arbitrios, pósitos e establecementos municipais, que para iso debían remitir os concellos das vilas¹⁸¹.

¹⁸⁰ Estes gastos incluíanse como obrigatorios na regulación orzamentaria dos arts. 53 do Proxecto de 1840 e 65 do Proxecto do Congreso de 1838.

¹⁸¹ “La aprobación definitiva –manifestaba a exposición previa– que las Diputaciones deben dar a las cuentas de propios, arbitrios, pósitos y establecimientos municipales es una de las novedades que ofrece el proyecto. Considerando el

■ aceptar ou renunciar herdanzas, legados e doazóns que se lle fixeren á provincia ou a establecementos provinciais¹⁸².

■ dispoñer que se demanden ou defendan en xuízo os bens, dereitos e accións que lle correspondan á provincia, e transixir sobre eles¹⁸³. O que non determina este apartado é a qué órgano ou persoa lle correspondía a representación en xuízo.

■ resolve-los expedientes e reclamacións que deberían ou poderían dirixirse á Deputación¹⁸⁴, de acordo co que determinara a Lei de concellos. Na miña opinión, o que aquí se recolle é a vía gobernativa para recorrer-las decisións ou resolucións das corporacións municipais, mediante unha alzada á provincial. Incluso, ó non introducir o precepto ningún matiz, cabería a posibilidade de que os interpuxeran tanto os concellos como os veciños.

■ acorda-lo que conveña acerca das obras públicas que se deban custear con fondos provinciais, coidar que se realizaran, autoriza-las poxas e contratos subseguintes¹⁸⁵.

■ instruír e resolve-los expedientes sobre establecemento de novos concellos, agregación ou segregación dos existentes¹⁸⁶. Sen embargo, calquera outra resolución que afectara a división territorial, ou afectara unha vila ou outro territorio de calquera provincia, debería someterse á aprobación do Goberno, polo que se lles daría conta ás Cortes.

■ dirixirlles representacións e peticións ás Cortes ou ó Rei sobre tódolos obxectos de interese da provincia ou dalgunha das súas vilas. A importancia das autoridades ás que se dirixían as ditas peticións obrigaba a que asinaran o presidente, tódolos deputados e o secretario¹⁸⁷.

Gobierno a semejantes negocios de interés puramente local, y que muy remota e indirectamente pueden afectar al interés general, ha creído que no había necesidad de su intervención ni de la de las Cortes. Los ayuntamientos, corporaciones populares y autorizadas, ofrecen garantías bastantes de rectitud y pureza. Sin embargo, sus cuentas todavía requieren el examen, la glosa y aprobación de las Diputaciones, cuerpos de rango superior y que las leyes no pueden mirar con desconfianza. Si se frustran todas estas cauciones, inútiles serán probablemente otras que se escogiesen".

¹⁸² Correspóndese cos apartados 6º do art. 46 do Proxecto de 1840 e 4º do art. 60 do Proxecto da Comisión do Congreso de 1838.

¹⁸³ Correspóndese cos apartados 4º dos arts. 46 do Proxecto de 1840 e 6º do Proxecto da Comisión do Congreso de 1838.

¹⁸⁴ Con carácter fundamental os arts. 90 a 93 da Lei do 3 de febreiro de 1823 regulaban a resolución de agravios.

¹⁸⁵ Correspóndese cos apartados 7º e 8º do art. 46 do Proxecto de 1840 e 6º e 7º do art. 60 do Proxecto da Comisión do Congreso de 1838.

¹⁸⁶ Os arts. 83 a 87 da Lei do 3 de febreiro de 1823 sinalaban as regras para establecer novos concellos.

¹⁸⁷ Sobre estes puntos, arts. 161 e 164 da Lei do 3 de febreiro de 1823.

■ propoñerlle ó Goberno, para que as aprobara e lles comunicara ás Cortes, as variacións que fora conveniente facer na división de demarcacións e distritos electorais¹⁸⁸.

■ facer efectivas as correccións e multas que puideran impoñerlles ós concelleiros, segundo o que dispuxera a Lei de concellos á que se remitía¹⁸⁹. Tanto para a súa imposición, como para a execución doutros acordos calquera, poderían contar co auxilio da forza coactiva, que deberían prestárilles os xefes políticos e as demais autoridades requiridas por estes.

■ de maneira residual, cumprirían os demais encargos e exercerían as funcións que lles encomendaran outras leis especiais –electoral, de quintas, ordenanza da Milicia Nacional ou outras– e nos decretos e ordes do Rei¹⁹⁰.

■ evacuarían calquera informe que se lles pedira de orde do Rei.

■ remitiríanlle ó Goberno as noticias e os datos que lles esixa, prestando a súa cooperación e auxilio cando se trate da división territorial, da estatística, do censo de poboación, dos camiños e outras obras nacionais, e doutros obxectos semellantes de interese xeral¹⁹¹.

■ evacuarían tamén os informes que lles pidan outras autoridades, auxiliaríanas no que conviñera e gardarían con elas a boa harmonía que lle importara ó servizo público, e proporcionarlle-la debida e máis franca correspondencia¹⁹².

⁶² Un dos últimos está representado pola recente STC 73/1998, do 31 de marzo, na que o tribunal non só renuncia a axuizalo veredicto do órgano cualificador senón que, facendo unha interpretación delirante das esixencias da legalidade dos procedementos selectivos, chega a xustificar e a dar por boas sen entrar en exame as interpretacións, manifestamente incorrectas, que este fai dos requisitos establecidos na convocatoria.

⁶³ E. Desdentado Daroca, *Los problemas del control judicial...*, op. cit., páxs. 91-92.

nexión co 103.3 e non autonomamente a través do 24, que impón efectivamente unha esixencia de control sobre as decisións técnicas da Administración, pero trátase dun control externo ou de legalidade⁶⁴.

Un paso adiante decisivo foi o operado coa STC 353/1993, do 29 de novembro, na que o Alto Tribunal afirmará por primeira vez que non existe exención ningunha de control da discrecionalidade técnica, senón só unha especialidade do dito control. Con iso asestóuselle o golpe definitivo á teoría da soberanía das comisións xulgadoras porque se puxo de manifesto que non gozan de exención ou inmunidade xurisdiccional ningunha, senón que só se benefician dunha aparencia de certeza que vén avalada en boa medida pola dificultade intrínseca de revisa-las súas valoracións, pero iso nada estorba ó carácter fiscalizable destas. Dificultade e imposibilidade non son, e non poden pretender ser, a mesma cousa.

Máis recentemente, e como paso obrigado, a STC 34/1995, do 6 de febreiro, aínda xustificando a "legitimidade do respecto ó que se chamou "discrecionalidade técnica" dos órganos da Administración" e as modulacións que iso introduce na plenitude do coñecemento xurisdiccional, matiza que as ditas modulacións "só se xustifican nunha presunción de certeza ou de razoabilidade da actuación administrativa, apoiada na especialización e na imparcialidade dos órganos establecidos para realiza-la cualificación. Unha presunción *iuris tantum*, por certo, de aí que sempre caiba desvirtuala se se acredita a infracción ou o descoñecemento do proceder razoable que se presume no órgano cualificador..." (f. x. 3º).

Entendo que un pronunciamento deste teor leva en si mesmo, na súa contradición co principio xeral de control limitado, o anuncio dun cambio de orientación cara á extensión do dito control ata a redución á mínima expresión das parcelas de actuación administrativa exentas de fiscalización plena.

b) A doutrina do Tribunal Supremo.

Tal como sinalei máis arriba os pronunciamentos do TS favorables ó control material das decisións dos órganos cualificadores de oposicións, concursos e procesos selectivos análogos, datan dos anos 70. En efecto, a STS do 22 de decembro de 1975 (Arzdi. 4745) constata que:

"o concursante que quedou eliminado presentaba superioridade sobre o gañador do concurso, en tres dos catro apartados (...); sen que poida presentarse como escusa para unha motivación tan sumaria e superficial como a empregada nesta oca-

⁶⁴ Unha análise pormenorizada desta sentenza pode verse en J. M. Peñarubia Iza, "El control de la discrecionalidad administrativa en la función militar (la STC 97/1993, de 22 de marzo)", en *Revista de Administración Pública*, n.º 133, 1994.

sión, o feito do exame conxunto de tódolos factores que se terán en conta, xa que iso non debe interpretarse como a concesión dun poder discrecional (...) por canto pode influír no fin último do acto; porque toda actuación administrativa resulta regrada no seu fin xurídico, e non é certo que no acto discrecional os motivos sexan xuridicamente irrelevantes”.

A sentenza acolle a interpretación que xa mencionei máis arriba segundo a cal a discrecionalidade técnica non é tal discrecionalidade senón dun modo instrumental por canto a decisión final non é un indiferente xurídico que a Administración sexa libre de concretar, senón que a súa decisión non pode ser outra que a de selecciona-lo máis capacitado.

Na STS do 15 de febreiro de 1980 (Arzdi. 545) os termos son aínda máis rotundos, e as implicacións importantes por canto ten en conta tanto o dereito individual a acceder ás funcións públicas de acordo cos principios de mérito e capacidade, como as esixencias de sometemento da actuación administrativa a unha serie de principios que lle dan sentido á súa propia existencia:

“... cando na apreciación dos méritos que aleguen os solicitantes dunha praza non se proceda segundo unha razoable e obxectiva ponderación deses, incorrerase nunha evidente transgresión do ordenamento xurídico, pois no actuar administrativo non se tomaría en conta o interese público ou o ben do servizo, co que incorrería por iso, nunha manifesta desviación de poder, ó faltar ós postulados de ética e moral, ou mesmo á propia razón de ser e actuación das corporacións públicas que non é outra que a recta e debida administración dos intereses da colectividade”.

Outra interesante apreciación é a que efectúa a STS do 2 de abril de 1985 (Arzdi. 2854) que advirte que a autolimitación que os tribunais se impoñen respecto das valoracións dos órganos administrativos vén significa-lo sometemento daqueles a estes, cando en realidade o obxecto da revisión contencioso-administrativa é a fiscalización do acto cualificador, “o que no nivel pragmático implicaría un claro quebrantamento da tutela xudicial efectiva asegurada polo artigo 24.1 da Constitución, ó quedar así de feito inimpugnables as estimacións técnicas do mencionado tribunal cualificador”.

Continuando co acoutamento da discrecionalidade da Administración ós seus reductos máis limitados, a STS do 17 de abril de 1986 (Arzdi. 2795) separa os supostos de valoración dos exercicios de oposicións dos concursos de méritos e establece que:

“aínda que é certo que para cualifica-los exercicios, teóricos ou prácticos, dunha oposición o tribunal goza dunha sobera-

nía e discrecionalidade inevitable, que non consinte obxección, contradicción ou revisión por parte da Administración chamada a aproba-la súa proposta nin por esta xurisdicción contenciosa (...), en cambio, non dispón daquelas –e pode, en consecuencia, ser fiscalizado e revisado o seu proceder en toda a súa extensión– cando se trata da estimación de méritos e de aplicalo baremo correspondente, por ser este un elemento obxectivo e normativo que impón un respecto incluso superior ó que se lles concede ás bases específicas da convocatoria do concurso ou do concurso-oposición, aínda que destas se diga que constitúen a lei da correspondente proba selectiva”.

Máis aínda esta sentenza aclara cál é a natureza do acto de proposta do órgano cualificador: “simple carácter de proposta de selección necesitada para a súa validez da aprobación pola Administración convocante, mediante un acto de efectiva e auténtica comprobación e revisión que, pola súa vez, é comprobable e revisable perante a xurisdicción en que se actúa”.

E é que unha vez máis o propio significado dos termos debería servirmos de guía: ¿por que habería de denominarse “proposta” un acto que vinculara definitivamente non só a Administración que ten a potestade última para seleccionar, senón tamén os tribunais ós cales ha de someterse o conxunto da actividade desta?

Na STS do 28 de xaneiro de 1992 (Arzdi. 110) o tribunal, aínda compartindo e apurando ata as súas últimas consecuencias a doutrina exposta polo TC na súa sentenza 215/1991, ratifica a proposta da Comisión Xulgadora, pero motiva que iso vén dado porque, na revisión efectuada pola de reclamacións, esta non contou cos asesoramentos técnicos de que podía servirse e porque ademais do exame do expediente do reclamante non se deduce que se producira agravio. As consecuencias son obvias: non só a Comisión de Reclamación pode revisalo fondo da proposta da Comisión Xulgadora, senón que a propia resolución da Comisión de Reclamación é fiscalizable pola xurisdicción contenciosa⁶⁵.

Con alcance diverso, este tipo de pronunciamentos comeza a proliferar⁶⁶, de tal xeito que, se ben aínda cunha certa posibilidade de excepcionalidade, o TS foi matizando considerablemente aquela imposibilidade absoluta de fiscalización das decisións técnicas da Administración máis alá do control externo da pura legalidade e/ou do procedemento⁶⁷. É certo que en moitos destes supostos o resultado final é a confirmación da decisión inicial, pero o significativo é que a dita confirmación non se basea xa no carácter non fiscalizable da mesma senón na valoración coincidente que o propio TS verifica.

⁶⁵ No mesmo sentido e con idéntico resultado, a STS do 23 de febreiro de 1993 (Arzdi. 4956).

⁶⁶ Vid., as SSTS do 18 de marzo de 1994 (Arzdi. 2183), 2 de outubro de 1995 (Arzdi. 6992), do 15 de xullo de 1996 (Arzdi. 5704), 19 de xullo de 1996 (Arzdi. 5734), 1 de outubro de 1996 (Arzdi. 7084) ó 24 de abril de 1997 (Arzdi. 3370).

⁶⁷ Así, nalgúns casos o TS matiza que “ese control xudicial, do que non poden exluírse as resolucións administrativas que resolven oposicións ou concursos, ten, pola súa propia natureza, certos límites ou modulacións”. Como exemplo, a STS do 21 de setembro de 1994 (Arzdi. 7100).

c) *A doutrina dalgúns tribunais superiores de Xustiza.*

Algúns tribunais superiores de xustiza amosáronse particularmente activos e comprometidos co desenvolvemento da liña xurisprudencial que veño comentando. Son de destacar, neste sentido, varias sentencias dos TSX de Murcia⁶⁸, de Navarra⁶⁹, Andalucía⁷⁰, Cataluña⁷¹ ou de Castela-A Mancha⁷², así como as sentencias xa comentadas da anterior Audiencia Territorial de Valencia.

Tamén o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia deu mostras deste activismo. Unha das últimas ocasións foi a Sentencia do 22 de outubro de 1997⁷³ na que o tribunal, tras axuizala valoración dos méritos efectuada pola Administración e discrepar desa, estima o recurso, non obstante, en atención a irregularidades procedementais que tamén concorrían no caso. É de sospeitar que o tribunal, pragmaticamente, quixera previr unha casación por parte do TS, como de feito aconteceu en boa parte das sentencias dos TSX antes mencionadas, e fixérao recorrendo formalmente a un motivo de estimación que non é o que en realidade motivara a decisión, á vista dos razoamentos xurídicos que contén a sentenza.

4. Conclusións

O resumo valorativo da sentenza examinada cabe facelo en dúas fronteas: no terreo da cualificación da natureza e funcións da Comisión de Revisión e no da autolimitación operada en razón da suposta discrecionalidade técnica do órgano xulgador e do seu alcance.

a) *Crítica da caracterización que se fai na STSX da Comisión de Revisión.*

A argumentación do TSX a propósito da natureza da Comisión de Revisión prevista, polo que aquí importa, na normativa da Universidade de Santiago de Compostela para a selección do persoal docente contratado e interino, adoece de precipitación e de inconsistencia. O primeiro porque o tribunal non motiva en absoluto o seu razoamento, nin explica cómo chegou á convicción de que a mencionada comisión é un órgano que "exerce exclusivamente un control negativo da actuación da Comisión Xulgadora".

Ningunha dúbida pode caber de que a acertada comprensión da natureza e funcións deste órgano é de transcendental importancia para a resolución do fondo do asunto. Sen embargo o tribunal conténtase cunha definición tópica sen for-

⁶⁸ STSX Murcia, do 20 de xaneiro de 1991.

⁶⁹ A STSX Navarra do 5 de xuño de 1997 (Arzdi. 1184), recolle as apreciacións da STC 353/1993.

⁷⁰ STSX Andalucía/Granada, do 14 de outubro de 1996, n.º 1193/1996 (Arzdi. 1369).

⁷¹ STSX Cataluña, do 6 de maio de 1996, n.º 375/1996 (Arzdi. 796).

⁷² SSTSX Castela-A Mancha, do 28 de maio de 1991.

⁷³ Pode consultarse esta sentenza así como un breve comentario a ela a cargo de L. Míguez Macho, na selección de xurisprudencia da *Revista Xurídica Galega*, n.º 17, 1997, páxs. 262 e segs.

mularse nin a integración analóxica *a contrario*, con base na xurisprudencia constitucional a propósito da Comisión de Reclamación da LRU, nin a integración por vía da eséxese da normativa aplicable. De proceder así chegaría facilmente á conclusión de que, podendo o dito órgano fiscalizar tanto as propostas de provisión como as de non provisión, cabe conferirlle a facultade para revisar, na súa integridade, as resolucións das comisións xulgadoras, sen quedar limitado a un simple control externo. Por outra parte, non debe cinxirse –sempre conforme á normativa aplicable– a propoñe-la ratificación ou a anulación da proposta inicial, e cabe a posibilidade de que substitúa directamente as súas resolucións.

Ámbalas dúas deducións eran, como digo, facilmente realizables por pouco que o tribunal tivera unha mínima vocación fiscalizadora. Polo contrario limitouse a fundamenta-la súa non participación na argumentación, tan débil como socorrida, da suposta discrecionalidade técnica do órgano xulgador.

⁷⁴ Con iso non se quere dicir que os conceptos xurídicos indeterminados sexan en todo caso determinables ata as súas últimas consecuencias. Efectivamente, o “halo do concepto” do que falou F. Sáinz Moreno en *Conceptos jurídicos...*, *op. cit.*, pode constituír, nalgúns casos, un último reducto de apreciación por parte da Administración, pero isto non significa que o resultado final non poida ser fiscalizado con vistas a comproba-la súa adecuación co fin perseguido. Se ese fin puidera lograrse de igual modo recorrendo indistintamente a calquera das opcións en liza, suposto máis ben infrecuente, ningunha obxección podería facérselle á opción dos axentes administrativos. Non recoñecelo así sería admitir simplemente a substitución da discrecionalidade técnica da Administración, pola discrecionalidade técnica dos órganos xudiciais. Pero iso non significa que os tribunais non deban, e menos aínda non poidan, verificar se o concepto foi correctamente integrado. De non ser así, habería que colixir que os tribunais están vinculados polas eleccións administrativas, previamente a toda verificación.

b) *Crítica da postura autorrestrictiva adoptada polo tribunal.*

Xa sinaléi máis arriba cómo as argumentacións a favor da discrecionalidade técnica como “terra de ninguén” dentro do control xudicial da actividade administrativa non me parecen convincentes.

Sexa porque en moitos supostos a discrecionalidade técnica non é verdadeira discrecionalidade senón potestade regulada conforme a criterios técnicos que a Administración debe integrar, sexa porque noutros casos, a chamada discrecionalidade técnica se aproxima, ata confundirse con eles, ós conceptos xurídicos indeterminados; non creo que poida quedar esta parcela da actividade administrativa fóra do control último dos órganos xurisdiccionais, polo menos no que se refire ós elementos fácticos comprobables cun simple recurso a elementos probatorios de que os xuíces poden dispoñer sen problema ningún⁷⁴.

É de lamentar que o TSX de Galicia non seguira aquí a senda da súa Sentencia do 22 de novembro de 1997, á que xa me referín, e que non chegue nin sequera a formularse a procedencia de entrar no exame da resolución atacada, escudándose nun apriorístico entendemento do carácter xudicialmente inmune da actividade discrecional técnica.

Neste caso, ademais, era particularmente sinxelo para o tribunal acolle-la pretensión de exame, por canto se lle ofrecen xa, en autos, dúas valoracións técnicas: a da Comisión Xulgadora e a da Comisión de Revisión. Bastaríalle con ponderar, co


auxilio pericial oportuno en sede probatoria, cá l era máis axustada a dereito á vista das bases, verdadeira lei da convocatoria.

Cuestión distinta, aínda que complementaria e de gran transcendencia dende o punto de vista da efectividade da tutela xudicial efectiva que solicita a parte demandante, é a da procedencia ou non de que o tribunal, ó estima-la demanda, efectuase directamente a substitución do candidato adxudicatario da praza, tal como era a pretensión primeira da demandante.

Como razóns de índole procesual que impedirían esta substitución directa mencionáronse⁷⁵, entre outras, o principio de unidade de acto que impediría que se puidesen modificar os criterios de valoración de méritos dun candidato sen proceder ó mesmo tempo, á mesma operación cos demais concorrentes, o que comportaría unha extensión dos efectos dunha sentenza cara a quen non tomou parte no proceso.

Creo, sen embargo que non pode *a priori* descartarse esa posibilidade⁷⁶, por canto o tribunal contaba cunha resolución na que os candidatos estaban xa xerarquizados. O TC ofreceu algún caso no que, tras estimar que houbera vulneración do dereito contido no artigo 23.2 e, en atención ó principio de economía procesual, anula o acto e concede o dereito a ser nomeado para a praza correspondente⁷⁷.

O que en todo caso podería facer era proceder á retroacción das actuacións, como xa ocorrera noutros casos en que os tribunais acolleron pretensións deste tipo. Na miña opinión, o que o tribunal non podía en ningún caso facer era convocar de novo a provisión da praza porque iso si entra dentro das facultades discrecionais dos órganos administrativos en uso da súa potestade de autoorganización.

Non quero concluír sen mencionar unha cuestión ulterior que, pola súa complexidade e implicacións, merece ser obxecto de estudio á parte, pero sen a cal a análise precedente non estaría completa. Refírome ó tema sempre espiñento das implicacións que esta actitude autolimitadora dos órganos xudiciais pode ter dende o punto de vista da eventual vulneración do dereito á tutela xudicial efectiva. O TC sinalou que o que lles garante o artigo 24.1 CE ós litigantes é "a obtención dunha resposta xudicial *motivada e razoable de contido substantivo ou material*"⁷⁸, ás pretensións que se exerceran cumprindo as condicións e os presupostos procesuais que, para tal efecto, establezan as leis⁷⁹. Creo que paga a pena preguntarse acerca da compatibilidade desta elevación a dogma do principio revisor da xurisdicción administrativa coa efectiva tutela xudicial dos dereitos e intereses lexítimos que a Constitución consagra⁸⁰. 

⁷⁵ G. García Álvarez, *La discrecionalidad técnica...*, op. cit., páxs. 441 e 442.

⁷⁶ Na nosa doutrina amosouse decididamente a favor desta posibilidade T. R. Fernández, "Discrecionalidad y jurisdicción revisora", *Revista Española de Derecho Administrativo*, n.º 2, 1974, páxs. 285 a 289. Tamén en *Arbitrariedad y discrecionalidad*, Madrid, 1991, páxs. 120 a 125.

⁷⁷ STC 193/1987, do 9 de decembro.

⁷⁸ A cursiva é miña.

⁷⁹ STC 98/1992, do 22 de xuño.

⁸⁰ Neste sentido é de grande interese a obra de J. R. Fernández Torres, *Jurisdicción administrativa revisora y tutela judicial efectiva*, Madrid, 1998.



A Xunta ante o Parlamento: as comparecencias e o control da lexislación delegada

Letrado do Parlamento
de Galicia.
Profesor de dereito
constitucional da
Universidade de Vigo

Xosé Antón Sarmiento Méndez

É tradicional no dereito constitucional anglosaxón utilizar a expresión "Goberno ante o Parlamento" para designar dun xeito hiperbólico a dependencia do Executivo fronte ás cámaras. Utilizo aquí a locución citada para poñer de manifesto as coincidencias de dúas situacións heteroxéneas nas que a Xunta rende contas ante o Parlamento: as comparecencias persoais de membros do Goberno e o control parlamentario das potestades lexislativas delegadas pola Cámara.

A primeira das manifestacións adoita dúas modalidades fundamentais segundo a orixe da solicitude. En efecto, a significación política da comparecencia do Executivo ante o Parlamento é moi diferente se se debe á petición do Goberno ou á solicitude da oposición parlamentaria. Estas variantes instrumentanse por distintas canles procedementais contempladas no título VIII do Regulamento do Parlamento de Galicia. En todo caso atopá-

¹ Terminoloxía que tomo de Cavero Lataillade, e que ilustra

monos no ámbito do control moderado¹ ou ordinario que existe dun xeito explícito nalgúns regulamentos parlamentarios ou tamén, noutros casos, se incorporou por vía das prácticas ou dos costumes.

1. As comunicacións da Xunta de Galicia

Este é un medio de grande relevancia política, baste sinalala transcendencia dos coñecidos como "debates sobre o Estado da Autonomía" contemplados no noso dereito no artigo 48 da Lei reguladora da Xunta e do seu Presidente, no que se prevé que o Goberno solicite anualmente do Parlamento, ó comezo dun dos períodos ordinarios de sesións, a celebración dun debate de política xeral². Esta previsión legal sofre a importante matización práctica de non celebrarse nos anos electorais, o que ten a xustificación obvia de verse substituído polo debate de investidura que dá lugar á creación dun novo Goberno. Sen dúbida a causa última da transcendencia política destes debates é a súa retransmisión a través dos medios de comunicación públicos da Comunidade Autónoma, aspecto este que polo demais non resulta insólito no parlamentarismo comparado, no que se puxo de manifesto o importante apoio popular ós debates televisados³.

Distinta transcendencia práctica acadan as comunicacións remitidas polo Goberno autonómico para a súa celebración ante as comisións parlamentarias. Trátase de documentos, de contido habitualmente sectorial, nos que o conselleiro competente expón determinadas liñas de actuación para que a Cámara as coñeza. En ocasións resulta difícil distinguir estas comunicacións dos plans e programas que contempla o artigo 142 do Regulamento do Parlamento de Galicia polo que se fai necesaria unha correcta actuación cualificadora por parte da Mesa do Parlamento⁴.

Unha observación detida da experiencia parlamentaria autonómica nesta materia conclúe nidiamente na finalidade "laudatoria"⁵ da política do Executivo e nas escasas posibilidades de control que por parte da oposición presentan estes instrumentos regulamentarios. De feito a titularidade da iniciativa (exclusivamente governamental) condiciona totalmente o contido da sesión e a súa dimensión política.

O desenvolvemento do debate da comunicación consta dunhas fases claramente diferenciadas.

perfectamente a ausencia de consecuencias traumáticas da substanciación destes instrumentos parlamentarios. Así, no seu manual, *Introducción ó Dereito Constitucional*, Editorial Universitas, S.A, Madrid, 1996, páx. 372.

² Trátase dun engadido feito pola Lei 11/1988 de modificación da Lei reguladora da Xunta e do seu Presidente, do 22 de febreiro de 1983.

³ Recentemente Stephen Coleman sinalaba que o 83% dos votantes británicos mostraba o seu desexo de que os debates parlamentarios fosen televisados. Así "The televised leaders' debate in Britain", *Parliamentary Affairs*, vol. 51, n.º 2., abril, 1998, páxina 194.

⁴ Así ocorreu, por exemplo, coa comunicación, substanciada en xuño de 1998, atinente ó plan de emprego da Xunta, que era consecuencia dunhas partidas presupostarias previstas na Lei anual de presupostos para o ano 1998. Este documento foi cualificado como comunicación fronte a criterios dispares que subliñaban a súa natureza de plan, coas distintas consecuencias procedementais que isto supoñía.

⁵ Nun contexto semellante fala a doutrina de mocións de "felicitación" para referirse ós supostos nos que a Cámara exerce un control positivo sobre o Goberno.

O debate:

a) En primeiro lugar dáse a intervención do membro da Xunta por un tempo que non vén limitado regulamentariamente. A redacción do noso Estatuto parlamentario posibilita que aquel que defenda a comunicación poida ser calquera membro do Executivo, e non necesariamente teña que formar parte do Consello da Xunta de Galicia, o que conduce a que habitualmente as presenten os secretarios ou directores xerais dos distintos departamentos autonómicos.

b) Posteriormente intervén por un tempo máximo de 15 minutos, un representante de cada grupo parlamentario, e farao conforme o criterio xeral do dereito parlamentario galego, en orde inversa á súa importancia numérica.

c) A contestación por parte da Xunta poderase producir de xeito conxunto ou illadamente, e incluso agrupando as respostas por razón da materia. De novo non se limita temporalmente a intervención do Goberno, pero entendo que deberá de gardar proporcionalidade cos 15 minutos que cada grupo parlamentario tivo que respectar como límite.

d) Remata o debate coa réplica dos intervinientes por un prazo máximo de 10 minutos cada un, o que crea a dúbida de se esta última queda inclúe a participación do membro do Goberno ou se a expresión "intervenientes" só se refire ós portavoces dos grupos parlamentarios. O costume parlamentario autonómico posibilita o peche do debate por parte do "representante governamental" que interpretará de xeito amplo a expresión regulamentaria.

As resolucións:

Unha vez celebrado o debate sobre a comunicación establécese un prazo de trinta minutos para que os grupos parlamentarios poidan presentar perante a Mesa propostas de resolución. Este prazo valórase como claramente insuficiente, e para compensalo faise preciso que a comunicación que remita o Goberno autonómico sexa o máis detallada posible e así, os grupos parlamentarios leven á sesión parlamentaria as súas propostas xa perfiladas.

Aínda que o Regulamento galego nada prevé respecto da posible formación dunha ponencia para o estudo das propostas presentadas, este mecanismo si se utiliza excepcionalmente no Congreso dos Deputados, o que recibe a opinión favorable de autores como Mollinedo Chocano⁶, e merecería tamén que se condirase nunha eventual reforma do texto galego.

En coherencia cos principios xerais de funcionamento da Cámara as propostas de resolución débese cualificar a Mesa

⁶ Tanxencialmente referido no seu relatorio sobre "As subcomisións no Congreso dos Deputados", incluído no n.º 3 de *Cuadernos de Dereito Público*, páx. 117.

atendendo basicamente ó principio de congruencia, co que se impide polo tanto a inadmisión daquelas cando atenden a criterios políticos.

As propostas cualificadas como admisibles poderán ser defendidas durante un tempo máximo de 10 minutos, ás que seguirán as roldas en contra, polo mesmo tempo, trala defensa de cada unha delas.

O remate da substanciación das propostas ten lugar coa votación, que se celebrará seguindo dous criterios: un cualitativo e outro de carácter temporal. Neste sentido vótanse primeiro aquelas propostas que impliquen o rexeitamento global do contido da comunicación da Xunta e despois as restantes, segundo a súa orde de presentación perante o Rexistro da Cámara.

2. Exame de programas e de plans

a) *Supostos de feito.*

Unha primeira problemática vén xerada porque o suxeito do programa ou plan sexa a "Xunta de Galicia". Esta expresión suscita dúbidas sobre a Administración institucional e a súa posible aptitude para lle remitir programas e plans ó Parlamento. A vía habitual será que a Administración tutelante do organismo que se trate remita o plan ou o programa, aínda que o encargado material da súa execución sexa o ente instrumental citado.

Resulta especialmente críptico o dicir regulamentario que cualifica os plans ou os programas "que requiran o pronunciamento do Parlamento". Atopámonos ante dúas posibilidades, a primeira delas é que o Estatuto de autonomía esixa a presentación desta clase de plans ou programas, como así ocorre no artigo 30.1. Por outra banda a necesidade de pronunciamento parlamentario pode provir dunha esixencia legal *strictu sensu* ou dun instrumento planificador do Executivo alleo a un texto legal⁷.

b) *Actuación da Mesa.*

Debemos distinguir aquí dúas posibilidades segundo o plan ou programa se tramite perante o Pleno da Cámara ou perante unha das súas comisións.

No primeiro caso a Mesa do Parlamento envíalle á comisión competente o plan de que se trate con independencia de que deba formula-la súa cualificación preliminar sobre aquel e conforme o previsto no artigo 30 apartado 5 do Regulamento autonómico.

⁷ Así leis como a de estradas de Galicia ou a de ordenamento do turismo prevén a revisión de plans ó Parlamento. Distinto suposto é o integrado por plans que remitiu o Consello da Xunta en materias nas que existía unha lagoa legal, supostos como o do Plan de portos ou o Plan de estatística de Galicia, o Plan de financiamento das universidades, o de desenvolvemento do sistema bibliotecario, o do fondo de cooperación local, o de venda e solo e o Plan de drogas de Galicia.

A Mesa da Comisión será a encargada de organiza-la tramitación e de fixa-los prazos desta. Estas facultades atribuídas ás mesas das comisións formulan problemas acerca da natureza normativa dos acordos que estas toman. A práctica parlamentaria autonómica esixe que as normas adoptadas polas comisións respecto disto contén co visado da Mesa do Parlamento para a súa efectividade⁸.

c) *Trámite en comisión.*

A singularidade máis relevante da tramitación dos plans e programas é a posible existencia dunha ponencia que estudie o documento en cuestión. Trátase dun mecanismo perfectamente xustificable posto que a complexidade do texto remitido polo Goberno pode facer insuficiente o seu debate ante a comisión, e polo contrario pode aconsellar que un órgano especializado, como é a ponencia, faga unha análise máis detida.

O debate na comisión axeitárase ó previsto para as comunicacións se ben o prazo de presentación das propostas de resolución será de tres días, o que resulta plenamente xustificable pola complexidade que estes plans e programas adoitan ter. A Mesa do Parlamento pode decidir que as propostas se debatan no seo da comisión e que non as solicite o Pleno, neste caso o prazo para a presentación das propostas fixarano as normas que aprobe a Comisión, e habitualmente é menor dos tres días citados.

d) *A verificación da eficacia.*

Un aspecto sempre delicado é o do contraste da eficacia externa no cumprimento dos plans sen rango legal remitidos pola Xunta de Galicia. Habitualmente a verificación da eficacia sométese a órganos dependentes do Executivo autonómico. O control parlamentario, sen prexuízo da utilización dos instrumentos ordinarios, adóitanos realizar comisións especiais para o seguimento e execución dos plans (como ten ocorrido no caso do financiamento universitario e en materia forestal), que teñen a virtualidade de posibilita-la participación, na Cámara, de persoas alleas ó Parlamento (*hearings*) e a audiencia de grupos de presión atinxidos polo plan de que se trate⁹.

⁸ Procedemento que polo demais, non atopa apoiatura regulamentaria directa, pero que serve para xustificar esta potestade normativa das comisións.

⁹ Cuestión que acaba de estudar, polo miúdo, en Alemaña, Klaus von Beyme, "Interest groups in Parliamentary decisions in the German Bundestag", *Government and opposition*, páxs 38 e segs.

3. Informacións da Xunta

a) *En comisión.*

A vía das sesións informativas atópase prevista no artigo 143 do Regulamento do Parlamento de Galicia, neste caso a solicitude pode provir da propia Xunta ou da Comisión "correspondente", o que presenta problemas de determinación que entendo non lle poden servir de escusa ó Executivo para obviar a comparecencia. Este dereito de solicita-la comparecencia delé-gao, habitualmente, a comisión, na Mesa, a través dun acordo que se adopta en cada unha das comisións permanentes da Cámara, ó comezo da lexislatura.

A expresión "comparecerán", prevista no Regulamento, pon de manifesto a vinculatoriedade da decisión que adopte o órgano parlamentario para o Executivo, de tal xeito que entendo que sería posible que os deputados solicitantes da comparecencia puideran recorrer, ante o Tribunal Constitucional, pola vía do amparo, cando exista unha negación arbitraria para comparecer por parte do Executivo¹⁰, unha vez esgotados os recursos xudiciais oportunos pola vía do artigo 43 da LOTC (así se manifesta De la Peña Rodríguez, cando cita a xurisprudencia do TC respecto disto)¹¹.

A asistencia dos membros da Xunta acompañados de funcionarios ou autoridades das súas consellerías non presenta problemas xurídicos, aínda que en ocasións a configuración escénica das comisións produce dificultades na ordenación dos asistentes a estas comparecencias, pois a situación dos altos cargos ó carón da Mesa das comisións resulta imposible e provoca o seu "desfile" sucesivo e polo tanto unha certa subordinación protocolaria na Cámara.

O desenvolvemento das sesións informativas consta das seguintes fases:

a) Primeiramente o conselleiro expón oralmente a súa información, o que non debe ser interpretado restrictivamente e, polo tanto debe permiti-lo apoio noutros medios expositivos de carácter gráfico ou técnico. A limitación que si está clara é a orgánica. Neste sentido só poden comparecer nas sesións informativas os membros da Xunta (conselleiros) e non os altos cargos que só forman parte do Goberno en sentido amplo¹².

b) Posteriormente prodúcese unha suspensión por un tempo máximo de 45 minutos que atopa a súa xustificación na natureza informativa da comparecencia, e coa finalidade de que os deputados e os grupos parlamentarios poidan prepara-la formulación de preguntas ou observacións. Remata o debate coa con-

¹⁰ A solución é semellante por exemplo no caso navarro, pois o artigo 198 do RPN establece a obrigatoriedade da comparecencia se así o solicitan dez parlamentarios.

¹¹ *Dereito Parlamentario español e Tribunal Constitucional. Un estudio sobre a xurisprudencia do Tribunal Constitucional, ex art. 42 da LOTC (1981-1996)*, Ed. Comares, Madrid, 1998, pág. 487.

¹² O problema práctico preséntase naqueles sectores organizativos nos que non existe un conselleiro encargado da súa xestión. Trátase das coñecidas como secretarías xerais dependentes directamente do Presidente da Xunta. Neste caso a práctica parlamentaria vén admitindo a comparecencia dos secretarios xerais pero non a dos subdirectores xerais deles dependentes.

testación por parte do membro da Xunta, aínda que en ocasións os presidentes aplican o contido do artigo 78 do Regulamento, o que xera unha dobre quenda para o representante governamental e os membros da Cámara.

Distinta natureza ten a coñecida como “información sobre asuntos determinados” prevista no artigo 144 do Regulamento.

A solicitude para a celebración dunha sesión con este contido pode partir da Xunta de Galicia ou ben da Mesa e da Xunta de Portavoces, neste segundo caso a iniciativa para a adopción dos acordos atribúeselles a dous grupos parlamentarios ou á quinta parte dos membros da comisión.

A obrigatoriedade da comparecencia aparece, aquí, mediatizada polo acordo da Mesa e da Xunta de Portavoces, e polo tanto non resulta tan evidente como nos supostos das sesións informativas anteriormente citadas.

O desenvolvemento da comisión parte da exposición dun representante da Xunta que non ten por que ser un conselleiro, posteriormente prodúcese a intervención, por 10 minutos, dos representantes de cada grupo parlamentario ós que contestará o representante governamental, sen que se produza ningunha votación, xa que nos atopamos ante unha función informativa e non decisoria. O costume parlamentario galego atribúelle a primeira das quendas correspondentes ós grupos parlamentarios a aquel que fose o proponente da comparecencia, o que é perfectamente coherente coa dialéctica e co principio de contradición que rexe nos lexislativos.

Unha polémica irresoluta na Cámara autonómica é a do outorgamento dunha segunda ou máis quendas por parte do presidente, xa que nas comisións non está prevista esta posibilidade. Sen embargo a práctica de varias lexislaturas na comisión de Economía e Facenda consolidou esta segunda quenda que aplican discrecionalmente os presidentes das comisións.

b) En Pleno.

Ante a totalidade da Cámara só e posible a substanciación da comparecencia pola vía do artigo 144, isto é, a información sobre asuntos determinados. Nesta sede a relevancia política das comparecencias é moito maior e preséntase en toda a súa crueza o problema da “cantidade”, é dicir, a atribución dun número limitado de solicitudes de comparecencia ós grupos parlamentarios. A cuestión véñse solucionando a través do mecanismo da formación da orde do día na que participan a Mesa e a Xunta de Portavoces, pero que na miña opinión non pode xera-la posición indefinida de certas comparecencias. Interpretación

que se atopa apoiada polo criterio que, por exemplo, se segue na doutrina francesa ó entende-la responsabilidade política como unha manifestación da idea de que os gobernantes están ó servicio dos gobernados¹³.

O desenvolvemento da información para un asunto determinado en Pleno é idéntico ó descrito en comisión, se ben en casos excepcionais a Presidencia poderá de acordo coa Mesa e oída a Xunta de Portavoces abrir unha rolda para que os deputados poidan concisamente formular preguntas ou pedir aclaracións sobre a información facilitada. Para os efectos poderá fixarse un número ou un tempo máximo de intervencións (o que lamentablemente non adoita respectarse).

4. O control das disposicións da Xunta con forza de lei

Trátase dunha cuestión de grande actualidade no dereito comparado, singularmente en Italia, país no que a actividade lexislativa do Executivo se atopa en permanente debate como demostra a recente Sentencia do Tribunal Constitucional n.º 360 de 1996.

Sen embargo o dereito autonómico comparado e a súa práctica demostran a escasa utilización deste tipo normativo no Estado das autonomías, en contraste coa maior tradición con que conta no desenvolvemento do traballo das Cortes Xerais¹⁴.

a) *A delegación lexislativa na Comunidade Autónoma de Galicia.*

A previsión do artigo 10.1 do Estatuto de autonomía para Galicia establece que a potestade lexislativa delegada na Xunta se producirá nos termos establecidos nos artigos 82, 83 e 84 da Constitución para o suposto da delegación lexislativa das Cortes Xerais ó Goberno.

Un primeiro problema é o da posible aplicación do previsto no artigo 85 da Constitución que non aparece citado no texto estatutario. O dereito autonómico galego optou tamén pola denominación de "decretos lexislativos" para as disposicións autonómicas que conteñen lexislación delegada. En todo caso resulta rechamante a técnica lexislativa utilizada polo autor do estatuto que veu ser, en certa medida, corrixida polos artigos 53 a 57 da Lei reguladora da Xunta e do seu Presidente ó explicitar nidamente o procedemento da delegación lexislativa na nosa comunidade autónoma. Neste mesmo sentido, o Tribu-

¹³ Así se manifesta Pierre Avnile en "Pouvoir et responsabilité", en Varios: *Mèlanges offerts a Georges Burdeau*, LGDJ, París, 1977, pág. 9.

¹⁴ Así durante o ano 1996 soamente se aprobaron dous decretos lexislativos, correspondentes á Comunidade Foral de Navarra, e no ano 1997 tres, un deles nesa mesma autonomía, e os outros no País Vasco e en Valencia. Cfr., *Boletín de Información Parlamentaria*, n.º 23 e 24, Asemblea de Madrid.

nal Constitucional ten subliñado a imposibilidade de aplicación supletoria dos procedementos atinentes á organización institucional das comunidades autónomas¹⁵.

Como estudiou L. Pagano¹⁶ en Italia, os gobernos tenden a minusvalora-la utilización da técnica dos textos refundidos para dotar dunha maior coherencia o ordenamento xurídico, e así non é estraño que autorizacións feitas polo Parlamento para a redacción desta clase de textos caducasen por unha ausencia de actuación da Xunta de Galicia¹⁷.

b) Procedemento.

A Xunta deberá remitirlle ó Parlamento unha comunicación cun contido alternativo: ou ben o texto articulado ou o texto refundido obxecto da delegación lexislativa. A Mesa da Cámara ordenará a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Conforme o establecido no artigo 10.1 do Estatuto de autonomía, as leis de delegación poden prever un control adicional por parte da Cámara da lexislación delegada¹⁸. Este control producirase do seguinte xeito: dentro do mes seguinte á publicación, os deputados ou grupos parlamentarios poden formular obxeccións, senón se producen, presúmese que a Xunta fixo un uso correcto da delegación lexislativa.

No suposto de se produciren obxeccións, a Mesa do Parlamento remitirallas á comisión competente para que esta emita dictame no prazo que a Mesa da Cámara sinala. Este texto debaterase no Pleno da Cámara consonte os artigos que regulan o procedemento lexislativo, e formula ante todo o problema dos efectos xurídicos que poida producir o control parlamentario, o que conduce á problemática xeral da "eficacia limitada" do dereito parlamentario en termos sinalados no seu momento por autores como Edmundo Matía¹⁹. **☐**


¹⁵ A aplicación máis rechamante da técnica da supletoriedade do dereito estatal na materia da delegación lexislativa tivo lugar con motivo da modificación da lei autonómica do Servizo Galego de Saúde, posto que a Xunta entendeu de aplicación, a delegación lexislativa existente no caso estatal entre as Cortes e o Goberno, o que parece evidentemente excesivo á vista do noso Estatuto de autonomía.

¹⁶ L. Pagano, "La riforma delle leggi elettorali", *Bollettino di informazioni costituzionali e parlamentari*, n.º 1/3, Camera dei deputati, 1995, páx. 198.

¹⁷ Así ocorreu coa autorización, para refundi-lo texto regulador das caixas de aforros de Galicia, que se outorgara a través dunha lei anual de presupostos.

¹⁸ O texto do Regulamento contén a expresión "lexislatura delegada" que non pode interpretarse senón como un erro tipográfico.

¹⁹ Para un estudio detido dos efectos dos actos parlamentarios pode consultarse o seu traballo, "A eficacia do dereito parlamentario" publicado no volume colectivo *As fontes do dereito parlamentario*, Parlamento Vasco, 1996, páxs 243 e segs.



CRÓNICA

ADMINISTRATIVA

Xornada de estudio sobre Ramón de la Sagra

A Coruña, 1 de abril de 1998

Doutor en Historia.
Corpo Superior da
Administración da Xunta
de Galicia

Xosé Luís Mínguez Goyanes

A Escola Galega de Administración Pública conmemora ó longo de 1998 a figura de don Ramón de la Sagra, o coñecido pensador galego do século XIX, do cal no mes de abril dese ano se cumpriu o bicentenario do seu nacemento. Deste xeito a EGAP continúa co labor de rescatar diversas figuras de xuristas ou pensadores galegos que, se ben no seu tempo gozaron de sona, na actualidade permanecen no esquecemento. En anos anteriores conmemoráronse personaxes como Manuel Colmeiro, Luis López Ballesteros ou Eugenio Montero Ríos.

* * *

O 1 de abril de 1998, a EGAP organizou unha xornada de estudio sobre Ramón de la Sagra, no salón de actos da Delegación Provincial da Consellería de Presidencia e Administración

Pública na Coruña. No simposio participaron especialistas de dentro e de fóra de Galicia, que resaltaron as distintas facetas nas que se centrou a actividade do pensador galego.

Presentou o simposio Manuel Braña Gutiérrez en representación da EGAP. Braña sinalou o descoñecemento en que caeu De la Sagra, motivo polo cal esta institución organizaba esta actividade, a modo de homenaxe a esta egrexia figura galega.

O primeiro relatorio correu a cargo de Asunción Cambrón Infante, profesora de filosofía do dereito da Universidade da Coruña, co título de "Ramón de la Sagra, home ilustrado".

Asunción Cambrón comezou a súa exposición sinalando a orixe burguesa de De la Sagra, nado no seo dunha familia coruñesa relacionada co comercio colonial con América que se viu afectada pola perda das colonias. Polo tempo do nacemento de De la Sagra existía na Coruña un núcleo liberal, dedicado ó comercio coas Américas que se articulaba ó carón do Real Consulado. Esta mesma institución crea a "Escola de Arte e Navegación", na que estudiará De la Sagra ata 1813. Nese ano marcha a Santiago e alí matricúlase na "Escola de Cadetes".

En Santiago, De la Sagra fai amizade con Casiano de Prado fillo, e ámbolos dous parece que apoian unha revolta de tipo antiabsolutista. Con motivo disto vese obrigado a abandonar a cidade en 1919 e marchar a Madrid, onde vive ata 1822. En Madrid traba contacto cos personaxes de ideoloxía liberal. Asunción Cambrón incidiu na dobre vertente, política e económica, destes liberais.

En Madrid, De la Sagra escribe nalgúns revistas como a *Crónica Científica y Literaria*. E amosa unha boa preparación filosófica cando escribe sobre o transcendentalismo Kantiano. De la Sagra é o primeiro que fala en España de Kant, co que contribúe á penetración do pensamento europeo máis novidoso.

A principios do XIX cobra auxe o tabaco en Europa. Hai un proxecto do Goberno español para fabricar rapé na Real Fábrica de Tabacos da Habana. De la Sagra é invitado a sumarse a este proxecto e con este fin marcha á Habana en 1822. Sen embargo, ós poucos meses volve a Madrid pois o Goberno español abandona este proxecto. Ó ano seguinte volve á Habana para deter unha cátedra de Ciencias Naturais nunha nova universidade que se ía formar. Sen embargo o proxecto non segue adiante, e De la Sagra queda encargado da dirección do Xardín Botánico da Habana. De 1823 a 1835 viviu nesa cidade, onde realiza diversos traballos: docencia, dirección dunha escola de nenos campesiños, a realización dun mapa topográfico da illa, a clasificación de especies animais, etc.

De 1825 a 1831, De la Sagra publica a revista *Anales de Ciencia*. Desde esta tribuna posiciónase a favor dunha diversificación de cultivos na illa. De la Sagra é inimigo do monocultivo do azucre, e defende os intereses peninsulares. Sen embargo a súa posición de ataque ó “nacionalismo cubano” ten un custo persoal. A súa postura non é comprendida e o seu prestixio científico vese erosionado.

Por este motivo, en 1830 pretende regresar a España, dado que o seu prestixio está afectado polo seu vínculo co poder colonial. Por esa época a Intendencia da Habana financia un proxecto sobre historia de Cuba ó que se suma Ramón de La Sagra. Vai a Nova York e vivirá durante cinco meses nos Estados Unidos. Alí ten ocasión de visita-las prisións daquel país, e prodúcese un cambio na súa traxectoria persoal. De la Sagra pasa de ser fundamentalmente un naturalista a adoptar unha postura de filántropo.

No ano 1836, vai a París para edita-la súa obra. A fins de 1837 é elixido deputado pola Coruña. Nas Cortes permanece ata 1840, e alterna o seu labor político coa publicación da obra, que se acomete en París. De la Sagra pertence á comisión de reformas sociais do Congreso. O seu traballo céntrase no estudio do sistema penitenciario. Establece, con este motivo, contactos en Bélxica, Holanda, Alemaña e Gran Bretaña, para coñece-los seus sistemas correccionais, industriais e educativos.

A partir de 1842-1843, De la Sagra evoluciona ideoloxicamente: cambia o panorama político e el tamén se vai radicalizando. Publica unha obra sobre a escravitude, na que propuña a súa abolición. Esta postura non é comprendida e tráelle problemas persoais.

De 1843 a 1848 permanece en París, onde establece contactos con axitadores sociais. Denuncia problemas como o paro, a prostitución, e o traballo infantil. Por todo isto chegará a ser acusado de “anarquista”. No ano 1849 expúlsano de Francia, pola súa ligazón co movemento revolucionario, e retorna a España.

De seguido Asunción Cambrón falou da grande incidencia e predicamento que tivo De la Sagra en Galicia. Defendeuna como deputado e fai diversas doazóns ó Concello de Santiago. Alenta tamén os provincialistas, que fracasan en Carral e polemiza con Manuel Colmeiro na *Revista de los intereses materiales y morales*, sobre os principios do librecambismo.

Nas Cortes de 1854 volve ser deputado, esta vez por Lugo. Máis adiante renuncia ó seu cargo de deputado. Nesta decisión parece que influíu o feito de que a publicación da súa historia de Cuba estaba paralizada. En España, De la Sagra non atopa o

apoio que si tiña en Cuba para este proxecto. Parece que influíron tamén, na súa decisión, os ataques que recibe a súa persoa na prensa española, que o maltrata con dureza.

No ano 1855 volve a París e comeza a colaborar con revistas conservadoras. De la Sagra ten un último período idealista, case metafísico. A súa proposta social era polémica fronte ós seus propios contemporáneos. Sorprende que Balmes e Donoso tivesen predicamento na cultura española e en cambio De La Sagra non. Asunción Cambrón asegura que, en realidade, non se comprendeu o seu proxecto. Unha achega importante de De la Sagra será a referente á reforma das prisións, pero, en realidade, esta cuestión afectaba a poucas persoas. Por iso, exceptuados estes colectivos, o seu prestixio está neutralizado.

Nos seus últimos anos, De la Sagra vive en precarias condicións. Solicítalle unha pensión á raíña, que se lle concede ós dous anos, pero unha intervención súa pouco afortunada (reclama unha serie de atrasos) provoca a anulación daquela. Gracias a un irmán seu que vivía en Montevideo, enraizado na burguesía crioula, noméano vicedecónsul de Uruguai en París. De la Sagra dedicárase tamén a traducir do francés diversas obras de física e química.

A principios do ano 1871 desprázase a Suíza. Alí morre o 21 de maio do mesmo ano e, como mostra do seu resentimento cara ó Goberno español, nas súas últimas vontades deixa disposto que non se lle transmita a noticia da súa morte.

Asunción Cambrón establecerá, por último, unha relación de De La Sagra coa Ilustración. O pensador galego aposta pola razón e o progreso, por iso é ilustrado; pero é un ilustrado particular: confía no liberalismo político e económico, pero trata de corrixi-los problemas da forma de produción capitalista, ante o impacto que lle producen os conflitos sociais. Na súa postura final opta por prima-lo fomento do desenvolvemento material e a obediencia ó poder, e isto último non está ben visto por algúns. De la Sagra segue a tradición ilustrada de "todo para o pobo, pero sen o pobo".

O seguinte relatorio correu a cargo de Jordi Maluquer de Motes i Bernet, catedrático de historia e institucións económicas da Universidade Autónoma de Barcelona, que falará sobre "Ramón de la Sagra ante a industrialización".

Maluquer, ó longo da súa exposición, define a De la Sagra como un "observador crítico protagonista". A faceta de De la Sagra como observador da economía xorde a partir do ano 1836, despois do seu regreso a Europa. De la Sagra visita diversas exposicións universais nas capitais europeas e observa a realidade

económica de España. O seu interese polas cuestións económicas fará que se converta en empresario a partir do ano 1845. Combina, con palabras de Maluquer, unha aposta decidida pola industrialización co interese polo benestar material da sociedade. Para De la Sagra, sen industrialización non podía existir progreso económico. Pero esta industrialización tiña que combinarse coa cooperación económica internacional. O pensador galego concibe o progreso material da sociedade como algo que debe estar intimamente unido ós sistemas de mellora de vida, e en concreto a unha forma máis equitativa de distribución da renda e do benestar.

Maluquer sinalou cinco liñas básicas na ideoloxía de De la Sagra: a) Ensinanza e formación industrial; b) Fomento do espírito de asociación; c) Necesidade dun amplo sistema de institucións financeiras; d) Acción pública a través da transformación e mellora dos medios de comunicación; e) Liña de actuación dende un goberno fortemente conservador e proteccionista. De la Sagra é partidario da libre empresa, pero reclama un principio de actuación e organización dende o Estado.

Respecto da industria española do momento, en De la Sagra dáse unha auténtica fascinación pola industria siderúrxica e metalúrxica. Sen embargo a presión do movemento obreiro, que De la Sagra rexeita, está producindo, segundo el, o atraso no proceso de industrialización.

A fins do ano 1845, De la Sagra decide pasar á acción, abandona a actividade intelectual e convértese en empresario, para o que se vale das súas experiencias adquiridas en Cuba e EEUU. Así, centra a súa actividade empresarial no sector azucreiro, e diríxise á rexión mediterránea española. De la Sagra formulará un proxecto para producir azucre de cana nesa rexión, ó entender que é a única zona de Europa capaz de producir tal produto. O seu proxecto ten un carácter de reforma social, non só comercial e empresarial. A posición que el manifesta está orientada cara ó rexeitamento da escravitude e o favorecemento do traballo libre.

Maluquer sinalou que a recuperación da rexión azucreira andaluza se debe a De la Sagra, que introduce novas tecnoloxías na materia e no cultivo da cana de azucre.

O terceiro relatorio correu a cargo do profesor cubano Manuel Moreno Fraginals, do Departamento de Historia do College of Arts and Sciences da Universidade de Park Miami (Florida). O seu relatorio titulouse "Posición de Ramón de la Sagra fronte á escravitude". O autor galego, para Moreno Fraginals, é unha das persoas que máis seriamente estudaron a illa de Cuba.

Cando De la Sagra chega a Cuba cara ó 1818-1820 é un mozo de esquerdas, socialista. Nada máis chegar entra en violenta polémica coa oligarquía crioula cubana.

No ano 1815-1820 prodúcese o levantamento das repúblicas americanas fronte á metrópole. Sen embargo o grupo crioulo cubano apoia decididamente a metrópole. Estaban comprometidos co antigo réxime e sobre todo co grupo de Fernando VII.

Do 1750 ó 1770 Cuba achega persoas pro-españolas para o resto das colonias. Moreno Fragnals indicou que cómpre investigar sobre a defensa de España por parte da clase oligárquica cubana, xa que Cuba estaba profundamente comprometida cos intereses españois. Destacou Moreno o apoio de Cuba a España nos momentos da independencia americana.

A fins do XVIII e principios do XIX hai un grande capital acumulado crioulo. No ano 1830, Cuba é o primeiro país cafeiteiro do mundo, aínda que máis diante o café desaparece completamente da illa. Cuba convértese no primeiro país azucreiro. Tanto o café coma o azucre son dous cultivos de plantación, que esixían importación masiva de man de obra escrava. Isto crea as primeiras diferencias entre os crioulos e o Goberno español. Estes crioulos eran un grupo burgués emprendedor e con sentido moderno da empresa. Foron os primeiros en introduci-la máquina de vapor nos seus "enxeños". É significativo que o ferrocarril cubano fose o terceiro ou cuarto en instalarse no mundo (antes incluso do primeiro da metrópole, que foi o de Barcelona-Mataró). Moreno Fragnals ve, nestes momentos, un grande esforzo de tecnificación azucreira en Cuba.

Ó chegar De la Sagra a Cuba como director do xardín botánico, os crioulos comezan a combatalo. Edita os seus *Anales de ciencia y arte*, considerada, por moitos, a mellor publicación científica cubana. Dende esta publicación faise énfase no desenvolvemento da agricultura cubana e sobre todo do azucre.

De la Sagra representa o interese español, co apoio dunha oligarquía que non buscaba a independencia, pero si o desenvolvemento pleno dos seus obxectivos industriais. No fondo está xurdindo xa o problema da escravitude.

Os escravos constituían o 45-55% do capital investido tanto no café coma no azucre. O interese en moderniza-lo azucre e o café ían fundamentalmente contra a escravitude.

No 1800-1815 chegan a Cuba máis de 130.000 escravos. O escravo determina a españolización do Goberno, cada vez máis forte. O crioulo advirte que o escravo é un instrumento de dominio español. O crioulo quere "liberarse" do escravo. Pensa que o escravo imposibilita a tecnificación do azucre. Os esca-

vos véndense a través de grupos españois. Nestes momentos os sucesivos capitáns xerais establecidos en Cuba fomentan a chegada de escravos. No ano 1849 faise un censo e descóbrese que hai máis escravos en Cuba que libres: máis negros ca brancos.

Moreno Friginals falou dun grupo, aglutinado ó redor do intelectual cubano José Antonio Saco, que trataba de evitar que Cuba se convertese nunha xigantesca plantación. Saco propuxo facer plantacións pequenas e despraza-los negros de Cuba. Na opinión de Moreno Friginals, esta contradicción entre mecanización e escravitude acaba con esta última.

De la Sagra, que é decididamente antiescravista, ve a escravitude coma unha barbaridade productiva, dado que co tempo a mecanización será a que domine o panorama productivo. O autor galego quere unha agricultura científica en Cuba e pensa que hai que transforma-lo modo de produción cubano. É absurdo que o valor dun enxeño sexa o que valen os seus homes. Por iso cando morre un negro desaparece un capital.

De la Sagra enrédase en polémicas con Saco, que era un crioulo con grande forza e prestixio. Saco tentará poñer a De la Sagra como ignorante; chega mesmo a insultalo pero non logra derrota-las súas ideas. De la Sagra non entendía a razón do odio que lle tiña Saco. De Saco dise que era o revolucionario, o moderno, mentres que o pensador galego pasa por se-lo antigo, o colonial. A historia, segundo Moreno Friginals, é exactamente ó revés.

Para Moreno Friginals non é casual que o primeiro historiador que utiliza técnicas cuantitativas sexa De la Sagra. Este traballa con censos de poboación; estudia o custo do transporte da man de obra escrava, o seu tempo de vida, e incluso o número de fillos que teñen. Pon, por primeira vez, a demografía ó servizo da historia. De la Sagra, na opinión de Moreno Friginals, foi un adiantado no seu tempo e un dos máis grandes homes que enviou España a Cuba.

O cuarto relatorio correu a cargo de Francisco Díaz-Fierros Viqueira, catedrático de edafoloxía e química agrícola da Universidade de Santiago de Compostela. O seu relatorio titulouse "Achea de Ramón de la Sagra ás ciencias".

A principios do século XIX a ciencia estaba recompilando os froitos do século XVIII. É a época das grandes sínteses da ciencia. Xorde a ciencia romántica, con Humboldt como destacado protagonista. Para Díaz-Fierros, De la Sagra é debedor desta síntese.

Con Carlos III hai un grande desenvolvemento das ciencias en España. Ás veces dise que coa súa morte se frustraron estes proxectos, pero a realidade non é así. Godoy crea as escolas de

veterinaria, de camiños, etc. Fomenta tamén as axudas para o estudo, e promove, por exemplo, o Consulado do Mar.

En Galicia, ata o século XVII faise a ciencia na universidade. No XVIII realízase fóra dela, na Mariña, no Real Consulado, na Sociedade Económica. Como consecuencia do anterior hai unha grande polémica na universidade polas novas teorías.

Na Universidade de Santiago de Compostela xurdían os colexios prácticos: o de cirurxía, o de farmacia, o militar (que intentaba forma-los galegos que ían a Madrid ás academias). No ideario político había tres eixes. O primeiro eran os afrancesados (na Coruña ligados ó comercio e en Santiago de Compostela á universidade), que eran personaxes relevantes dende o punto de vista científico). O segundo grupo eran os liberais e os absolutistas o terceiro.

O desenvolvemento científico no primeiro tercio do XIX en Galicia foi distinto ó do resto de España, segundo Díaz-Fierros. Ó seu parecer algo tivo que ver con isto este foco liberal e progresista.

En canto á formación que tivo De la Sagra, ata os 14 anos fórmase no Consulado da Coruña, no que estudia matemáticas, física e debuxo. Ós 15 anos vai para Santiago de Compostela, ó colexio militar, no medio dun ambiente liberal, no que a figura de Newton non era descoñecida. Alí estaban figuras importantes como Fontán ou Suárez Freire. De la Sagra recibe na Universidade compostelá formación en matemáticas e química, e chega a ser discípulo de Fontán. Estudia tamén institucións médicas e anatomía. De la Sagra tiña grande afección polas ciencias naturais, aínda que non recibiu ensinanzas reguladas sobre estas. Cultivounas mesmo como afección.

En Madrid, De la Sagra participa na creación do Ateneo, xunto ó matemático Rodríguez, director do Observatorio Astronómico. Sen embargo, segundo Díaz-Fierros, na citada cidade De la Sagra realiza sobre todo unha actividade política e literaria, máis que propiamente universitaria.

De la Sagra marcha a Cuba como profesor de historia natural dunha universidade que non se chegaría a crear. Díaz-Fierros sinalou que a historia natural se concibía, naquela época, dunha maneira ampla: botánica, xeoloxía, química, matemáticas, física (que se aplicaban ós arados, á terra, etc.). Ó fracasa-la súa designación como profesor, De la Sagra será nomeado director do xardín botánico da Habana, cargo no que permanece nove anos.

De la Sagra percorreu a illa acompañado por Felipe Poy e Pedro Augué, recollendo plantas, animais e minerais. Para a súa

clasificación entrou en contacto con científicos europeos, entre eles o mesmo Humboldt. É tamén membro de diversas sociedades científicas de Europa e de América. Crea a "Estación Agronómica", na que desenvolve as súas teorías destinadas á produción de cultivos aplicados.

Existían, segundo Díaz-Fierros, tres modelos de estacións agronómicas: a "Granxa escola", cunha finalidade educativa; a "Estación experimental", que é puramente científica e a "Fazenda modelo", que era unha especie de extensión agraria dirixida fundamentalmente ós agricultores.

No ano 1877 en Connecticut créase a que pasa por se-la primeira estación experimental. Sen embargo na opinión de Díaz-Fierros antes desa, pódese considerar como primeira a patrocinada por De la Sagra na Habana.

De la Sagra estudiou o clima, a xeoloxía, os pozos de auga, a flora e a fauna. Preocupouse tamén das técnicas de cultivo e do aproveitamento dos produtos agrarios, e chegou a publicar diversos programas. De la Sagra é probablemente o primeiro agrónomo americano que existiu, aínda que, ó abandona-la illa, o seu labor non ten continuidade.

No que se refire á súa produción intelectual Díaz-Fierros destacou a historia natural da illa de Cuba, magna obra que lle deu sona de naturalista. En realidade De la Sagra foi o coordinador intelectual, do mesmo xeito que Diderot na *Enciclopedia*, e soubo recrutar-los científicos de máis sona para a confección desta obra. No que se refire á súa achega persoal, Díaz-Fierros distinguiu dúas vertentes: a) recolleita de series naturais (animais, plantas..) das que logo en Europa emprende a súa catalogación; b) desenvolveu o capítulo dos mamíferos: morcegos, roedores, sobre os que fai un traballo importante.

A epistemoloxía científica de De la Sagra, a súa idea da ciencia, pódese resumir en catro puntos: a) Harmonía entre tódolos elementos da natureza (idea moi hamboltiana); b) Importancia que lles dá ás matemáticas e á física como fonte de suxestión de formulacións científicas; c) División das ciencias, nas que hai dous grandes grupos para el: as apriorísticas ou fundamentais (matemáticas, metafísica e tamén a moral) e as que estudian a materia orgánica e inorgánica (non di cáles son: serían a botánica, xeoloxía, etc.); d) Importancia que lle dá á ciencia como motor do progreso humano.

Finalmente Díaz-Fierros sinalou que De la Sagra en Galicia foi un personaxe próximo e ó mesmo tempo afastado. Foi incomprendido en Cuba e admirado en Galicia, pero tamén esquecido.

De seguido tivo lugar a mesa redonda, que comezou cunhas palabras de Domingo Bello Janeiro, o director da EGAP. Bello indicou que a maioría das actividades da EGAP se desenvolven fóra de Santiago de Compostela, co fin de descentralizalo maior número posible dos actos que organiza esta escola. Neste caso o simposio tiña lugar na Coruña como homenaxe á cidade que viu nacer a *De la Sagra* en 1798. Segundo Bello Janeiro, Ramón de La Sagra preocupouse de mellora-la situación da cidadanía, e realizou, para iso, unha análise dos problemas sociais que aínda hoxe resulta válida en moitos aspectos.

Baldomero Cores Trasmonte, letrado xubilado do Parlamento galego e escritor, interveu a continuación. Ó seu dicir, De la Sagra é unha figura contradictoria, mesmo desconcertante dende o punto de vista ideolóxico. Non entraba no xogo dos partidos dominantes. Era un axente de cambio social. Era partidario dunha transferencia de coñecementos entre países atrasados e adiantados. De la Sagra era consciente de que facía falta unha revolución social. En realidade era un "buscador de préstamos". Resaltou Cores, o uso, por parte de De la Sagra da publicística, como un dos instrumentos preferidos para divulgar as súas ideas.

Despois interveu o director de *El Ideal Gallego*, Valentín Alejandro Martínez. Para el De La Sagra é unha figura que transcende o ámbito propiamente galego. De la Sagra tiña unha visión universal dos problemas. Participaba dun espírito aberto, liberal. Neste sentido non é casual que De la Sagra nacesse na Coruña, cidade caracterizada precisamente por este espírito. Os xornais do seu tempo estaban destinados ás elites. A influencia da prensa periódica desenvolvíase precisamente neses ámbitos. Valentín Alejandro Martínez sinalou que De la Sagra sabe utilizar a prensa, co obxecto de divulgar as súas ideas.

Despois falou José Vázquez Gómez, xefe de documentación de *La Voz de Galicia*. En liñas xerais coincidiu coas apreciacións do anterior conferenciante no referido ó tema da prensa. De la Sagra, indicou Vázquez Gómez, nace e vive nunha etapa crucial para o periodismo. Na súa época prodúcese unha triple revolución: demográfica, intelectual e sociopolítica, como sinalan varios autores. Estas tres revolucións do mundo contemporáneo fortalecen o periodismo. De la Sagra dáse de conta da importancia das publicacións periódicas, xa dende a súa xuventude. Non é un periodista no sentido actual. Concibe o periodismo como un medio para expoñer as súas ideas e sobre todo para polemizar dende un punto de vista ideolóxico. Vázquez indicou que a infraestrutura editorial da época se carac-

terizaba polo seu minifundismo. Había unha auténtica “diarrea” de periódicos, unha especie de “periodicomanía”, que levaba a unha eclosión deste tipo de publicacións, a maioría das cales tiveron unha vida efémera.

De la Sagra utilizaba a prensa sobre todo para polemizar. Era un polemista nato, segundo Vázquez Gómez. Tamén un “grande solitario” como dicía Emilio González López. De la Sagra pasou de radical a moderado, para rematar finalmente no conservadorismo. Foi un home solitario e polémico, tamén un grande utópico.


De seguido interveu Diego Bernal López, delegado para Galicia da Axencia Efe. Segundo Bernal, a figura de De la Sagra está no maior frontispicio galego. Foi un intelectual inquieto, que amosa contradicción no seu pensamento. Pero iso é, segundo Bernal, a cerna da creación intelectual. En Santiago de Compostela chocará coas ideas reaccionarias da Inquisición e en Norteamérica descubrirá o capitalismo e sorpréndese da mecanización do seu campo. A súa postura persoal pasa da defensa do capitalismo ata o socialismo, para terminar no conservadorismo. Bernal sinalou a importancia de figuras como De la Sagra, cara ó renacer de Galicia.

Despois falou Ramón García-Malvar Mariño, fiscal xeral de Galicia. Sinalou que De la Sagra era unha figura sorprendente. Non é un home do seu tempo. Arrastraba unha ideoloxía do século XVIII. Era un intelectual profundo, inquieto. Introdúcese de cheo en tódalas ideas do seu tempo e entra en contacto con tódolos movementos europeos. García-Malvar pediu que se fagan traballos biográficos dos grandes representantes da nosa terra. Neste sentido apuntou que cómpre facer unha grande biografía deste galego egrexio e reeditar tódalas súas publicacións.

Na quenda de intervencións houbo unha dobre pregunta sobre a relación de De la Sagra coa masonería e sobre a suposta desvinculación súa respecto de Galicia. Vázquez Gómez contestou que De la Sagra era un ilustrado que non tiña sitio para traballar aquí. Bernal López abundou nos problemas de De la Sagra coa Inquisición. Un dos presentes asegurou que está documentado que no ano 1820 De la Sagra en Madrid pertence á masonería. Valentín Alejandro Martínez dixo que vivira en momentos de convulsión, pero que non hai unha formulación de fuxida de De la Sagra respecto de Galicia. Dixo tamén que non hai que estudar esta figura dende un punto de vista localista, senón universal. Cores Trasmonte opinou que quizais De la Sagra non era tan masón como se dicía. Puxo en dúbida tamén que estivese perseguido pola Inquisición, cousa que non ocorreu co

seu amigo Casiano de Prado. Os presentes opinaron que o que é certo é que estivo vinculado a destacados masóns. Cores Trasmonte dixo que De la Sagra foi protector dos provincialistas. Asegurou tamén que, nalgunha ocasión dirá que se sente abandonado polos galegos. En definitiva, segundo Cores, os culpables deste suposto desvencellamento pódense atopar polas dúas partes.

Asunción Cambrón dixo, a continuación, que non se entende a figura de De la Sagra sen a ligadura das sociedades secretas. A súa vida profesional hai que vela ligada a estas tramas. Sufriu persecución en Santiago de Compostela porque apoiou o levantamento do capitán Aldea. Ata que vai a Cuba está ligado á masonería. Na súa opinión si que tivo relación con Galicia, aínda que era un cosmopolita. Vía a Galicia como a Cuba. Mesmo en ocasións enviou contribucións económicas ante catástrofes ocorridas en Galicia. Como ilustrado que era, interpretaba que a promoción de Galicia estaba ligada á do resto do Estado español.

Finalmente, Domingo Bello Janeiro fixo unha recapitulación final do simposio e agradeceulles ós conferenciantes e ó público asistente o esforzo por difundir-la figura deste galego universal que foi Ramón de la Sagra. 

I Congreso hispano-italiano de dereito penal económico

A Coruña, do 20 ó 24 de abril de 1998

Avogado | José Ricardo Pardo Gato

¹ AUGER LIÑAN, Clemente, *El Derecho penal de la economía problemática*, en *Cuadernos de Derecho judicial*, C.X.P.X., Tomo XXII, *La nueva delincuencia I*, Madrid, 1993, páxs. 31 a 55.

A posibilidade da existencia ou configuración dun dereito penal económico inclúese no núcleo dos problemas de maior actualidade e relevancia do dereito penal, posto que a existencia e presenza particular do dereito penal da economía pode supoñer importantes e transcendentais repercusións no ámbito do dereito penal estrictamente considerado.

A intervención do Estado na economía provocou a aparición de novas formas xurídicas destinadas á súa regulación. Xurdiu así o chamado dereito económico que entrou en pugna co dereito clásico, feito que afectou á economía contractual e redimensionou a noción de orde pública. Paralelamente, a reforma económica produciu a irrupción de normas de dereito penal económico, que se entendeu como a norma máis aguda de intervención do Estado na economía¹.

Revista Galega de
Administración Pública.
Núm. 19 maio-agosto 1998

O prestixio que segue atribuído ó dereito penal propiamente dito, singularmente ó dos códigos, cos seus aceptados valores de censura e prevención xeral, incita á súa utilización como instrumento ó servizo dos imperativos económicos do momento. É certo que, a pesar da evidencia de realidades comprobadas, non se desiste de someter ó dereito penal fenómenos da vida económica, da ciencia e conciencia dos máis espectaculares e reiterados fracasos, atenuados notablemente coa aprobación da Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal (CP).

* * *

Entre os días 20 e 24 de abril de 1998 tivo lugar na Coruña, no Rectorado da Maestranza, o "I Congreso hispano-italiano de dereito penal económico" que, organizado pola Área de Dereito Penal da facultade de Dereito da Universidade da Coruña, contou coa colaboración do Ilustre Colexio Provincial de Avogados desa capital e da Escola Galega de Administración Pública. Neste importante congreso, no que participaron eminentes xuristas, tratouse, dende o punto de vista do dereito español e italiano, un tema do máximo interese como é o do dereito penal económico, tendo en conta as importantes modificacións introducidas neste campo e en España coa entrada en vigor do Código penal de 1995.

Coa presidencia de Jorge Teijeiro Vidal, vicerrector de Relacións Institucionais da Universidade da Coruña, a inauguración do Congreso correu a cargo de Domingo Bello Janeiro, director da Escola Galega de Administración Pública, Ramón García-Malvar y Mariño, fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e Carlos Martínez-Buján Pérez, catedrático de dereito penal na Universidade coruñesa.

Nas palabras de apertura o profesor Martínez-Buján destacou a presenza hoxe do dereito penal económico como unha auténtica ciencia autónoma de carácter diferencial con respecto ó dereito penal nuclear ou común e subliñou que o reto actual do dereito penal económico consiste en acomodarlos principios penais de imputación ós novos delitos e, en particular, ós delitos empresariais.

Pola súa parte, o profesor Bello Janeiro puxo de manifesto que a aprobación e conseguinte entrada en vigor do Código penal de 1995 supuxo unha enorme repercusión no ámbito da Administración pública, especialmente nas administracións autonómicas, froito da descriminalización de determinadas con-

ductas, conforme a moderna tendencia europea, como ocorre en Alemaña, xa que a actual tipificación dos delitos require ser integrada en case tódolos casos con normas de carácter administrativo, coa complicación engadida de seren moitas delas regulamentarias e co risco consecuente de deslegalización.

Como principais novidades introducidas polo referido código, o director da EGAP resaltou a esixencia de responsabilidade civil subsidiaria á Administración do Estado, á Comunidade Autónoma, á Administración local (provincia ou concello), e ós demais entes públicos, que, cada un no seu caso, responderán subsidiariamente dos danos ocasionados polos penalmente responsables dos delitos dolosos ou culposos, cando estes sexan autoridade, axentes e contratados da mesma ou funcionarios públicos no exercicio dos seus cargos ou funcións, sempre que a lesión sexa consecuencia directa do funcionamento dos servizos públicos que lles confíansen.

Esta responsabilidade establécese sen prexuízo da responsabilidade patrimonial derivada do funcionamento normal ou anormal dos ditos servizos esixible conforme coas normas do procedemento administrativo, e sen que, en ningún caso, se poida dar unha duplicidade indemnizadora.

A responsabilidade civil das administracións públicas parte, no Código penal de 1995, do principio de que a execución dun feito descrito pola lei como delito ou falta obriga a reparar, nos termos previstos nas leis, os danos ou perdas ocasionados, onde se mesturan as pretensións posibles de carácter civil acumulables ó proceso penal coa obriga de responsabilidade civil derivada do feito delictivo.

Outro tema de especial transcendencia para a Administración pública ó que se referiu o profesor Bello, productivo do novo sistema de penas, é o correspondente á novidosa competencia do Tribunal do Xurado para coñecer do xulgamento dos delitos cometidos polos funcionarios públicos no exercicio dos seus cargos, que no último Código penal aprobado figuran baixo a rúbrica dos "Delitos contra a Administración de Xustiza", "Infidelidade na custodia de documentos", "Suborno", "Malversación de fondos públicos", "Fraudes e exaccións ilegais", e "Infidelidade na custodia de presos"; e son encomendados os anteditos preceptos ó coñecemento do xurado, composto por xuíces legos.

Entrando xa a comenta-lo contido específico do Congreso, na primeira das sesións abordouse o tema da "Responsabilidade penal das persoas xurídicas", que foi obxecto de reflexión, dende o punto de vista italiano, por Carlo Enrico Paliero, ordi-

nario de dereito penal da Universidade de Pavía, e dende a óptica española, por Mercedes García Arán, catedrática de dereito penal da Universidade Autónoma de Barcelona.

Enrico Paliero articulou o seu relatorio en tres puntos, dous relativos ás teses que, en relación coa materia, poden sosterse actualmente e un terceiro relativo ás hipóteses de traballo que neste ámbito se poden formular.

Respecto das teses, tratou en particular os presupostos de feito da criminalización do ente (a *fenomenoloxía* da responsabilidade) e o cadro xeral das opcións normativas (a *nomoloxía* da responsabilidade).

En canto á *fenomenoloxía* da responsabilidade, o ordinario entende que se trata de sinalalos principais presupostos de feito da “necesidade de pena”, aceptada actualmente para a persoa xurídica pola xeneralidade da doutrina. Na súa opinión, estes son:

1. A globalización dos mercados e a conseguinte democratización do dereito penal.

2. O investimento das relacións de “visibilidade” entre vítimas individuais e vítimas colectivas.

3. A conseguinte preponderancia, na emersión social dos comportamentos criminais, do autor colectivo sobre o autor individual.

En canto á *nomoloxía* da responsabilidade, considera que se trata de botar unha ollada sobre as opcións normativas que xurdiron en relación co tratamento da criminalidade do ente.

As respostas dos diversos ordenamentos a estes *inputs* fácticos son principalmente de dous tipos, que deron lugar actualmente, en termos iuscomparatísticos, a dúas familias xurídicas, as cales poden analizarse como un corte transversal da clásica dicotomía dos sistemas comparados².

Esta gran división de nova creación concéntrase en dous paradigmas, cada un dos cales está dotado da súa propia “razón práctica”:

a) O paradigma da responsabilidade penal.

b) O paradigma da responsabilidade non penal ou administrativa.

Deste cadro de opcións ou posibilidades nacen, segundo o relator, as experiencias e as dificultades que se desenvolven no ámbito das dúas familias aludidas.

Así, na familia que opta pola responsabilidade non penal³ verifícase unha *criminalización servil* da entidade, consecuencia, en substancia, do coñecido fenómeno consistente na “fraude de etiquetas”.

² *Civil law vs. common law.*

³ Familia á que pertence o Ordenamento italiano, ademais do español.

⁴ Familia representada na actualidade, en particular, polos ordenamentos francés e estadounidense.

Na familia que opta pola responsabilidade penal⁴ observouse a concreción de dous puntos problemáticos principais, que son os relativos ó catálogo de delitos “comisibles colectivamente” e ós criterios de imputación da responsabilidade colectiva.

Respecto da hipótese, Enrico Paliero detívose especificamente nos perfís estruturais e nas aporías dogmáticas do feito xurídico-penal do ente, isto é, a *criterioloxía* da responsabilidade.

Neste sentido, os problemas presentados pola esixencia de crear unha “nova dogmática” da responsabilidade orientada ás persoas xurídicas (“artificiais”), que non se limita xa, polo tanto, ás persoas físicas (“naturais”), son de índole diversa, e en particular dan lugar a tres cuestións:

1. A construción dun modelo autónomo de imputación: a culpabilidade da persoa xurídica.

2. A individualización da esfera dos “autores” persoas físicas, a través da actuación dos cales, o feito se lle imputa directamente á persoa xurídica (o denominado problema do autor exponencial).

3. As relacións entre a responsabilidade colectiva clásica (o concurso de persoas no delito) e a responsabilidade colectiva exponencial (a responsabilidade directa da entidade colectiva).

Por último, e a modo de recapitulación, Enrico Paliero sinalou que a demanda actual vai na dirección de saír do terreo do equívoco e abandonar definitivamente o dogma antihistórico “*societas delinquere non potest*”, para lle aplicar tamén ó ente, cando se converte en reo, as garantías da “*Magna Charta del reo*”, é dicir, do Código penal.

Isto só pode ter lugar, segundo a súa opinión, mediante a construción dunha nova dogmática da responsabilidade penal, orientada exclusivamente sobre o ente, e capaz de resolver de forma político-criminalmente aceptable os tres problemas fundamentais individualizados como hipóteses.

Neste sentido, a visión do tema que da “responsabilidade penal das persoas xurídicas” ten o ordinario coincide en moitos dos seus aspectos coa da profesora García Arán, quen abordou a cuestión de maneira moi semellante a como o fixo o seu colega italiano.

A profesora iniciou a súa exposición cunha problemática de partida baseada na fenomenoloxía e atomización no ámbito das persoas xurídicas, e indicou que é case imposible encontrar responsabilidades individuais.

Segundo o seu criterio, confrontando a actuación das persoas xurídicas cos criterios clásicos do dereito penal chégase á conclusión de que as regras de autoría e participación non serven

porque as actividades executivas e decisivas están individualizadas, e non serven tampouco os fins clásicos da pena (a prevención diríxese a suxeitos individuais).

Así, ante isto caben dúas opcións opostas:

1. Como non se poden incluír nas categorías subxectivas do dereito penal, non se lles pode imputar responsabilidade⁵.

2. Como non se lles pode imputar responsabilidade penal, a imputación debe realizarse por procedementos distintos dos utilizados para as persoas físicas.

Respecto da primeira destas perspectivas, no Código penal existe a regra do "actuar por outro" (artigo 31)⁶, que non ten que ver coa responsabilidade de persoa xurídica. Trátase de buscar unha responsabilidade individual para operar⁷.

⁵ Sistema de orixe romano-xermánica.

⁶ Artigo 31 CP: "O que actúe como administrador de feito ou de dereito dunha persoa xurídica, ou en nome ou representación legal ou voluntaria doutro, responderá persoalmente, aínda que non concorran nel as condicións, cualidades ou relacións que a correspondente figura de delicto ou falta requira para poder ser suxeito activo daquel, se tales circunstancias se dan na entidade ou persoa en nome ou representación da cal obre."

⁷ Aínda que o Código penal anterior contiña, como o de 1995, preceptos illados en relación coa responsabilidade dos que actúan en nome dunha persoa xurídica, carecía dunha regulación xeral, que se introduciu, con inspiración no Código alemán, por Lei orgánica 8/83, do 25/06, mediante o artigo 15 bis, que con lixeiras modificacións lle corresponde ó artigo 31 do actual, que á actuación en nome dunha persoa xurídica une a realizada en nome doutro. A súa incorporación ó código, "non veu en modo ningún a introducir unha regra de responsabilidade obxectiva que tería que actuar indiscriminada e automaticamente, sempre que, probada a existencia dunha conducta delictiva cometida ó abeiro dunha persoa xurídica, non resulte posible averiguar quén ou os que, de entre os seus membros, foron os auténticos responsables da dita conducta, pois iso sería contrario ó dereito á presunción de inocencia e ó propio teor do precepto. O que este persegue, polo contrario, é obvia-la impunidad en que quedarían as actuacións delictivas perpetradas baixo o manto dunha persoa xurídica por membros desta perfectamente individualizables, cando, por tratarse dun delicto especial propio, é dicir, dun delicto, a autoría do cal esixe necesariamente a presenza de certas características, estas unicamente concorreren na persoa xurídica e non nos seus membros integrantes. A introducción do artigo 15 bis CP tivo o sentido de lle conceder cobertura legal á extensión da responsabilidade penal en tales casos, e só neles, ós órganos directivos e representantes legais ou voluntarios da persoa xurídica, pese a non concorrer neles, e si na entidade en nome da cal obraren as especiais características de autor requiridas pola concreta figura delictiva..." (STC 253/93, do 20 de xullo, con cita da STC 150/89).

Tal precepto "contempla o que se denominou "actuacións en nome doutro" e que, polo demais, en adecuada hermenéutica, impón a distinción entre os comportamentos realizados polo órgano da persoa xurídica dos efectuados aproveitando tal condición e a título puramente persoal, utilizando en fraude de lei unha titularidade formal para finalidades desconectadas da simple estrutura da persoa xurídica; por encima de calquera sutileza tanto antes da lei citada en 1983 como agora, cómpre distinguir necesariamente entre delitos cometidos polo ente social (a través naturalmente dos seus órganos) e delitos cometidos utilizando tal condición representativa como simple forma" (STS do 14 de maio de 1991).

Ademais, o actual Código penal inclúe no seu artigo 129⁸ consecuencias accesorias aplicables a persoas xurídicas. Non se trata de penas senón de simples consecuencias accesorias, xa que non responden ás características das penas, e aplícanse só se hai responsabilidade individual.

Por iso a profesora García Aran mantén a opción de que non existe responsabilidade penal para as persoas xurídicas no Código penal.

No referente á segunda perspectiva, que parte do suposto de que se as categorías clásicas non serven para imputarlles responsabilidade ás persoas xurídicas, haberá que buscar outras formas de imputación⁹.

A cuestión é que as persoas xurídicas interveñen en reclamacións económicas e, polo tanto, poden lesionar intereses, pero ó ser distintas das persoas físicas necesitan dun dereito especial. Así, a imputación directa de feitos ás persoas xurídicas é algo innegable en dereito civil e en dereito administrativo, pero en dereito penal non pode ser obxecto de negación xa que o feito de que un acto sexa típico ou non depende simplemente dunha decisión lexislativa (por exemplo, quebra fraudulenta ou infracción administrativa, especialmente as fiscais).

Aínda que os problemas son menores no referente ós compoñentes obxectivos do feito, as dificultades seguen aparecendo nos compoñentes subxectivos.

⁸ Artigo 129 CP: "1. O xuíz ou tribunal, nos supostos previstos neste código, e trala audiencia dos titulares ou dos seus representantes legais, poderá impoñer, motivadamente, as seguintes consecuencias:

a) Clausura da empresa, os seus locais ou establecementos, con carácter temporal ou definitivo. A clausura temporal non poderá exceder de cinco anos.

b) Disolución da sociedade, asociación ou fundación.

c) Suspensión das actividades da sociedade, empresa, fundación ou asociación por un prazo que non poderá exceder de cinco anos.

d) Prohibición de realizar no futuro actividades, operacións mercantís ou negocios da clase daqueles, no exercicio dos cales se cometese, favorecese ou encubrirose o delicto. Esta prohibición poderá ter carácter temporal ou definitivo. Se tivese carácter temporal, o prazo de prohibición non poderá exceder de cinco anos.

e) A intervención da empresa para salvagarda-los dereitos dos traballadores ou dos acredores polo tempo necesario e sen que exceda dun prazo máximo de cinco anos.

2. A clausura temporal prevista no subapartado a) e a suspensión sinalada no subapartado c) do apartado anterior, poderaas acordar o xuíz instructor tamén durante a tramitación da causa.

3. As consecuencias accesorias previstas neste artigo estarán orientadas a prever a continuidade na actividade delictiva e os efectos desta.

⁹ Mostras desta tendencia son a Recomendación do ano 1988 do Consello de Ministros de Europa e o Código penal francés (as persoas xurídicas son responsables xuridicamente).

A influencia recíproca entre dereito penal e dereito administrativo queda patente na STC do 19 de decembro de 1991, sobre culpabilidade das persoas xurídicas no ámbito administrativo. Nesta sentenza o Alto Tribunal fai un esforzo por aplicarles conceptos penais (capacidade de infracción) ás persoas xurídicas no marco do dereito administrativo. Trátase dunha capacidade de infracción obxectiva, non subxectiva, e que isto é así demostrano as expresións ás que recorre o Tribunal Constitucional sobre os reproches que fundamenta en elementos obxectivos.

Esta segunda liña argumental é a seguida pola doutrina actual, que adecúa as teorías clásicas á realidade.

A opinión da profesora García Arán é a de que nos atopamos ante un proceso que está en marcha. Segundo o seu entender, é posible imputarlles feitos ás persoas xurídicas pero hai que levarlo a cabo a través de formas distintas a como o fai o dereito penal tradicional. Esas formas están máis preto do dereito administrativo, o que se demostra na influencia recíproca á que alude a sentenza mencionada.

Agora ben, cabería preguntarse se nos encontramos ante un caso de responsabilidade penal. Para a relatora tal interrogante non ten solución ningunha pois levaríanos a un inevitable círculo vicioso. Así, segundo o seu criterio, é dereito penal porque se trata dun novo dereito penal que se está construíndo agora, todo depende do concepto de responsabilidade penal que se estea utilizando. Trátase dunha cuestión eminentemente terminolóxica. É un novo dereito penal próximo ó dereito administrativo, polo menos na súa estrutura, e é unha nova expresión dun fenómeno novidoso que consiste na perda da fronteira entre o dereito penal e o dereito administrativo.

Na xornada do 21 de abril Vincenzo Militello, profesor asociado de dereito penal da Universidade de Palermo, e Miguel Bajo Fernández, catedrático de dereito penal da Universidade de Alacante, afondaron nun dos temas nucleares do congreso que foi o da "Responsabilidade penal nos grupos de empresas".

Na súa intervención, Vincenzo Militello deixou claro dende o principio que dende as primeiras investigacións penalísticas do fenómeno dos grupos se veu individualizando a duplicidade fundamental dos seus ámbitos de relevancia, tanto como posible marco de ilícitos, como, pola contra, como posible marco de licitude. Neste sentido, tal dobre encadramento mostrouse insuficiente para abarcar por completo as diversas formas de emerxión penal dos grupos, como demostra de forma particularmente clara o específico recoñecemento deles como posibles

víctimas de ilícitos; sen embargo, a necesidade de enriquece-lo mencionado cadro non diminúe o seu valor como base imprescindible para calquera investigación sobre a materia.

Aínda hoxe, segundo o relator, no ordenamento italiano, como nalgúns outros países occidentais, falta un estatuto xeral dos grupos, entendido como sistema-marco que sistematice e regule de modo coherente e exhaustivo os diversos perfís societarios, fiscais, xurídico-laborais e penais referibles ós grupos. Non obstante, dende hai algún tempo agroman no ámbito normativo partes cada vez máis importantes desta realidade, e iso con referencia non só a normas de relevancia penal directa, nas cales aparecen como evidentes as necesidades de tutela conexas ás agrupacións empresariais e ás súas actividades correspondentes, senón tamén en relación cun círculo máis vasto de normas nas cales as actividades do grupo reclaman unha disciplina xa no plano administrativo.

Existe a necesidade de acomoda-lo recoñecemento fundamental do fenómeno examinado como expresión da liberdade de iniciativa económica, e ademais en moitos casos como factores de racionalización do mercado, cos riscos que comporta para estes últimos bens e para outros de relevancia aínda maior, que por iso son expresamente sinalados como límites á propia liberdade de iniciativa económica polo artigo 41, alínea 2, da Constitución italiana.

Para Vincenzo Militello un exemplo interesante do modo en que este equilibrio se regula positivamente, ofréceo o artigo 6, número 1, letra h, do Decreto legislativo do 23 de xullo de 1996, número 415, sobre os servicios de investimento mobiliario ("*Eurosim*")¹⁰. Entre as condicións necesarias para obter a autorización para o exercicio dos servicios de investimento mobiliaria requírese expresamente que "a estrutura do grupo do cal é parte a SIM¹¹ non prexudique o efectivo exercicio da vixilancia sobre a propia sociedade". A norma deixa translucir nitidamente que a concreta articulación da estrutura do grupo pode obstaculizar as actividades de vixilancia confiadas ás autoridades competentes¹².

Por outra parte, que o grupo poida funcionar como "factor de ocultación" das realidades económicas agregadas e dos correspondentes casos é un dato que dende hai tempo se tivo en conta no ámbito normativo: non por casualidade un dos sectores nos que se advertiu antes e con maior intensidade a esixencia de "levanta-lo velo da persoa xurídica", de transcende-los compartimentos estancos entre as diversas sociedades do grupo, é a materia da información societaria, coas obrigas conexas de re-

¹⁰ O Decreto *Eurosim* privatizou en Italia o acceso ó mercado dos instrumentos financeiros, e liberalizou o acceso a tal mercado por parte dos intermediarios comunitarios, consentindo que os bancos desenvolvesen unha actividade de xestión de sumas pecuniarias, recoñecida antes só ás sociedades de intermediación mobiliaria. Esta intervención, sen embargo, superpuxérase sobre a lexislación preexistente, dando así lugar á conformación dun cadro normativo non homoxéneo, que reclamaba un maior grao de coordinación e de racionalización. Este foi o principal obxectivo do Decreto legislativo número 58 do 24 de febreiro de 1998.

¹¹ Sociedade de Investimento Mobiliario.

¹² Entre outras, CONSOB (nota do traductor: equivalente italiano da nosa Comisión Nacional do Mercado de Valores -CNMV-) e Banco de Italia.

dación de balances consolidados, co fin de asegurar unha maior "transparencia". Pola súa vez, a realización de tales intereses, necesarios para o correcto funcionamento dun mercado de valores mobiliarios, recibe tutela penal no artigo 2621 do Código civil (CC) italiano, tamén respecto dos mencionados documentos contables específicos do grupo, que están comprendidos entre as outras comunicacións sociais que conteñen informacións sobre as condicións económicas da sociedade¹³.

O grupo pode aparecer tamén como "factor de coñecemento". E, posto que o coñecemento é un aspecto do poder, especialmente nunha "sociedade da información" como a actual, a última proposición podería ser transformada noutra, de contido substancialmente equivalente: o grupo como "factor de poder", que, de acordo co relator, quizais sexa máis adecuada para poñer de manifesto a lexitimidade dunha regulación coidada do mesmo, nos casos máis graves incluso coa intervención do arsenal penal.

Na súa opinión, non se debe entender que con tal recoñecemento se está incorrendo nunha especie de contradición co papel *supra* sinalado do grupo como factor de ocultación, tratándose máis ben de dous aspectos que poden considerarse complementarios: ó exterior, a complexidade do grupo xera unha dificultade de individualiza-las relacións entre as actividades das diversas sociedades agregadas; ó interior, unha posición de vértice permite, en cambio, unha posición cognoscitiva privilexiada en relación coas actividades dos diversos suxeitos controlados.

Sen prexuízo do exposto ata o momento, Vincenzo Militello entende que, máis que da análise dos datos normativos menos recentes, non sempre adecuados ás novas formas de agresión a bens xurídicos correspondentes á afirmación dos grupos como protagonistas do actual escenario económico, as reais capacidades criminais que se desenvolven no interior do grupo poden emerxer mellor á luz da experiencia xurisprudencial.

Así, a xurisprudencia penal italiana en materia de delitos cometidos por grupos de empresa representa o punto de partida máis fructífero se se desexa supera-lo atraso da reflexión criminolóxica sobre o tema. Os anos noventa foron os que contemplaron unha emersión xeneralizada en sede xurisprudencial de actividades ilícitas conectadas con estruturas grupais. Mentres que ata os anos setenta a ausencia de pronunciamentos xurisprudenciais significativos obrigaba a quedar na simple conxectura cando se trataba o tema da criminalidade nos grupos de empresa, a enorme cantidade de material actualmente dispoñible esixe unha certa selección e un encadramento adecuado.

¹³ Ulteriores e significativas confirmacións do dato indicado encóntranse tamén en sectores máis limitados, como, por exemplo, o das participacións relativas a entes crediticios.

Se se considera a fase extintiva como aquela na que se produciu a emerxión máis ampla da criminalidade relacionada cos grupos, a existencia de relacións entre diversas sociedades en situacións de quebra ou crise económica pode ter aspectos penais; en particular, a xurisprudencia reconece que a política de grupo, entendida como actividade de dirección e de coordinación, pode comportar que os eventuais feitos de bancarrota cometidos en relación coas singulares sociedades do grupo sexan reunidas a través dunha relación de continuidade. E unha forma interesante de "escurecemento" da situación real, que era de insolvencia substancial, foi revelada nun suposto análogo de dominio absoluto de sociedades que se aproveitou para obter novos créditos, presentándose en cada caso como un suxeito formalmente distinto daquel que antes obtivera xa un financiamento similar. No ámbito dos delitos de insolvencia punible agroman, ademais, hipóteses nas que os abusos se ocultan mellor nunha concreta xestión patrimonial: trátase dos casos en que os administradores dunha sociedade dispoñen dos bens da mesma a favor doutra sociedade pertencente ó mesmo grupo. Nestes supostos, a ausencia de contrapartidas serias e a expresa previsión da conducta de distracción entre as que integran o tipo de bancarrota conduciron claramente a reconece-la ilicitude de tales prácticas, sempre que as sociedades administradas fosen declaradas en quebra.

Se non se produciu a quebra, as condutas deste tipo asumen no ordenamento italiano un relevo moito máis problemático: entre a represión do conflito de intereses en materia societaria e a incriminación clásica da apropiación indebida queda un amplo espazo para os máis variados traslados da riqueza no seo dun grupo.

As condutas relativas artículanse nun amplo abano que, segundo Vincenzo Militello, non é facilmente abarcable en tódolos seus posibles aspectos concretos: dende condicións de favor para empresas do grupo en relación con operacións de adquisición de bens ou servizos ou de concesión de garantías ou financiamento, que serían máis lucrativas se se efectuaran nas condicións normais do mercado, ata casos nos que os bens se ceden sen ningunha contraprestación; incluso se pasa das transferencias só ficticias de elementos patrimoniais, para obter beneficios¹⁴ ou para evitar cargas fiscais ou situacións de insolvencia dunha das sociedades do grupo, á xestión polos administradores da sociedade controlante de sumas ocultas pertencentes ás sociedades controladas.

A indubidable gravidade substancial de tales prácticas e o

¹⁴ Tales como o financiamento bancario ou a admisión a concursos públicos.

papel central que tiveron na consolidación progresiva do carácter sistémico da corrupción italiana non debe facer esquecer a necesidade de respecta-los límites de ilicitude sinalados polas normas penais vixentes.

Así, a modo de conclusión, Vincenzo Militello sinalou que ós novos interrogantes que formula o fenómeno dos grupos sobre o plano dunha tutela penal moderna hai que responder con pleno coñecemento do notable potencial criminolóxico que supoñen, pero sen traspasa-lo limiar de licitude dos ditos comportamentos.

A continuación, o profesor Bajo Fernández, que foi presentado por Inma Valeije Álvarez, profesora de dereito penal da Universidade da Coruña, como "o pai do dereito penal económico en España", afirmación que deixa moi ás claras a relevancia e transcendencia da súa figura no campo do dereito penal español, comezou a súa exposición manifestando que cando no noso país un estudioso se achega á cuestión da "responsabilidade penal nos grupos de empresas" a súa primeira impresión é que se trata dun tema que non é suxestivo *per se*, que non supón un problema, nin constitúe unha figura delictiva, senón que só suxire un ámbito de intervención.

Primeiramente detívose na ampla problemática que orixina a actividade delictiva dos grupos de empresas. Para o profesor Bajo Fernández "grupos de empresas" son un conxunto de grupos empresariais con personalidade xurídica, é dicir, múltiples persoas xurídicas (suxeitos de dereito) nunha única unidade económica¹⁵. Este concepto comparouno graficamente o relator como o "conxunto de cereixas que colgan dunha personalidade xurídica nai"¹⁶.

Estes grupos de empresas provocaron nas últimas décadas unha xurisprudencia penal notable, suficiente para soste que as súas actividades non escapan na actualidade ó Código penal (principio xurisprudencial actual).

Bajo Fernández referiuse tamén ó concepto de "caixa chinesa", que xa utilizara Vincenzo Militello na súa exposición, describíndoo como unha "manobra de ocultación que trata de agocha-lo becho dentro da caixa"; noutras palabras, "que o becho non se descubra por aburrimiento e quede libre de responsabilidade". Con estas expresións o profesor Bajo Fernández explicou metafóricamente o obxecto de creación de moitos dos grupos de empresas existentes, posto que en moitos destes casos o que se pretende é agocha-lo feito delictivo e o delincuente ("o becho") dentro da nebulosa que supón a estrutura do grupo de empresas ("a caixa").

¹⁵ En linguaxe coloquial o concepto de "grupo de empresas" é o que comunmente se entende por *holding*.

¹⁶ As SSTs do 30 de decembro e 29 de maio de 1995 estableceron xurisprudencialmente o concepto de "grupo de empresas". Se ben na primeira delas se describiu un concepto bastante difuso, na segunda o Tribunal Supremo estableceu unha definición concreta, e así sinalou que para que exista "grupo de empresas" é necesaria a concorrencia dunha serie de requisitos: unidade de dirección, unidade económica e que o traballador prestase servizos para as empresas que conforman o grupo de forma sucesiva ou simultánea.

Seguindo esta liña de descrición de conceptos, o relator definiu a expresión “enxeñería financeira” como a construción dun conxunto de empresas vinculadas entre si que se colgan unhas das outras co obxectivo de oculta-la persoa física detrás dese corpo con personalidade xurídica denominado “grupo de empresas”.

Os conceptos descritos supoñen intrinsecamente unha serie de problemas que o profesor Bajo Fernández dividiu en tres:

1. A dificultade de localiza-lo autor do ilícito, posto que a armazón que constitúe o grupo de empresas se crea para ocultalo.

2. Cando existen restriccións públicas á actividade, estas convértense en condicións non rendibles. En palabras do profesor, e retomando o símil por el utilizado, “a última cereixa lúcrase a favor de todo o grupo”; por iso o problema está en encontra-la sociedade correspondente.

3. O grupo de empresas que se crea para realizar operacións que enriquecen os seus directivos habitualmente oculta manobras con aparencia de licitude. No fondo están cometendo auténticos delitos fiscais contra a Facenda Pública.

Por outra parte, o sistema xurídico-económico presenta, en certo modo, unha construción “esquizofrénica”: dende unha persecución hostil representada polas bolsas de fraude fiscal, déixanselles, por outro lado, bolsas de protección ós autores destas actividades delictivas. Así, o relator non se explica cómo existen en Europa “paraísos fiscais”¹⁷, o manexo pola Facenda Pública dos balances consolidados (a súa concesión ou non), ou cómo os sindicatos ou os partidos políticos non contribúen ó gasto público. Tendo presente isto, resulta estraño que logo se pretendan perseguir con tanto tesón os delitos fiscais dos grupos de empresas.

No outro lado da balanza, existen mecanismos de loita contra os delitos fiscais dos grupos de empresas, como os instrumentos utilizados pola Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV), que existe, en determinadas circunstancias, que se lle comuniquen os datos das persoas físicas que compran ou venden accións en certos momentos (mecanismo que a doutrina denomina como de “levantamento do velo”¹⁸), ou a prohibición da autocarteira de máis do cinco por cento¹⁹.

Por último, e en referencia ó Código penal de 1995, o profesor Bajo Fernández sinalou que se excede na punidade e no castigo dos delitos económicos, e pon como exemplo o artigo 285²⁰. Así, de acordo co seu criterio, quizais o dereito penal non sexa o instrumento máis idóneo para intervir nos proble-

¹⁷ En España pódense sinalar como auténticos “paraísos fiscais” os casos de Andorra e Xibraltar.

¹⁸ A doutrina do “levantamento do velo” nace no dereito mercantil, e úsase tamén no dereito laboral e no dereito penal. Vid., BOLDO RODA, Carmen, *Levantamiento del Velo y Persona Jurídica en el Derecho Privado Español*, 2ª Edición, Editorial Aranzadi, Carlos III, Pamplona, 1997.

¹⁹ Prohibición orientada a clarifica-la actividade mercantil, para evitarlle prexuízos á Facenda Pública.

²⁰ Artigo 285 CP: “Quen de forma directa ou por persoa interposta usare algunha información relevante para a cotización de calquera clase de valores ou de instrumentos negociados nalgún mercado organizado, oficial ou recoñecido, á que tivese acceso reservado con ocasión do exercicio da súa actividade profesional ou empresarial, ou a subministrare obtendo para si ou para un terceiro un beneficio económico superior a setenta e cinco millóns de pesetas ou causando un prexuízo de idéntica cantidade, será castigado coa pena de prisión dun a catro anos e multa de tanto ó triplo do beneficio obtido ou favorecido”.

mas que se derivan dos grupos de empresas, que en España xa estarían suficientemente protexidos cos tipos tradicionais, sendo os novos innecesarios.

Na terceira das sesións coas que contou o congreso foron obxecto de estudio os "delictos societarios", a través de dúas leccións maxistras impartidas polo *ricercatore* de dereito penal da Universidade de Catania, Luigi Foffani, e polo catedrático de dereito penal da Universidade de Alacante, Bernardo del Rosal Blasco.

Para Luigi Foffani actualmente o dereito penal societario deixou de ser un corpo normativo inerte, para mostrarse, polo contrario, vivo e vital, en particular en relación coa aplicación xurisprudencial. E, se é certo que semellante vitalidade alcanza soamente un número limitado de tipos penais, iso só evidencia que as funcións de tutela de tal sector normativo as pode cumprir un grupo seleccionado de figuras delictivas, debidamente reconsideradas en canto ó seu contido lesivo e en canto á súa efectiva resposta a fenómenos patolóxicos manifestados na praxe societaria.

Dun tempo a esta parte aumentou o grao de coñecemento da materia por parte dos órganos chamados a aplicala e por parte da opinión pública. Un factor importante que se debe ter en consideración, dende esta perspectiva, é o do nacemento, xunto ó tradicional núcleo de delictos societarios, dun novo dereito penal dos *mercados financeiros*.

Sobre os contidos da materia penal societaria descrita polo lexislador italiano, aparece como evidente o papel central do tipo incriminador das *falsidades nos balances e nas comunicacións sociais*, previsto polo artigo 2621, número 1, do CC italiano. Este tipo veu pouco a pouco emancipándose dos orixinais confíns hermenéuticos, que mostran unha inusitada vocación expansiva, así como unha especial capacidade de adaptación ás mutacións do contexto normativo e institucional de referencia.

De acordo con Luigi Foffani, nos últimos tempos existe unha tendencial e silenciosa recondución da ilicitude penal cara á ilicitude civil do balance. Unha tendencia que sufriu unha ulterior acentuación coa adecuación da disciplina do balance de exercicio ás prescricións comunitarias²¹, que conduciu á codificación dos "principios de redacción do balance" (artigo 2423 bis CC italiano) e á afirmación do criterio guía da "representación veraz e correcta" (artigo 2423 CC italiano).

Así, o novo cadro normativo italiano parece favorecer unha progresiva e sensible aproximación entre as medidas de valoración penalística e civilística do balance: unha situación que, por

²¹ D. legs. 127/1991.

unha parte, evita o risco de incongruentes diverxencias entre tutela penal e civil, pero que, por outra parte, debe impulsa-lo intérprete a volver delimitar para o tipo incriminador un espacio autónomo e exclusivo de valoración.

Neste punto o relator aventurouse, segundo as súas propias palabras, a establecer unha telegráfica confrontación co correspondente tipo español de falsidade en balance, e deixaba subliñado que, respecto do modelo italiano, o adoptado polo lexislador español distínguese pola busca dunha capacidade ofensiva máis notable sobre o terreo económico-patrimonial. O proceso de "desmaterialización" e "institucionalización" do obxecto de tutela, que levou á doutrina italiana, seguindo o modelo da alemana, a elevar ó rango de ben penalmente protexido o interese supraindividual na veracidade e na totalidade dos balances e da información societaria en xeral²², encontra no código español unha certa redimensión: a punibilidade vincúlase á verificación dunha "idoneidade para causar un prexuízo económico", coa previsión dunha agravación da pena cando tal prexuízo se causase efectivamente.

Por outra parte, se a tutela da información societaria representa hoxe, en Italia, o "motor propulsor" da intervención penal en materia de dereito de sociedades, o grupo de incriminacións máis conspicuo de todo o sector é, sen embargo, o relativo á "salvagarda do capital social e das reservas dispoñibles". A tutela deste ben xurídico representou sempre, segundo Luigi Foffani, un dos principais filóns de intervención do lexislador penal societario italiano; e hoxe éo aínda máis, debido á influencia de numerosas directivas comunitarias²³, que estableceron o reforzamento de tal tutela xurídica como un dos puntos principais do proceso de harmonización da normativa societaria a escala europea²⁴.

A tutela do capital social artículase en dous momentos, lóxica e conceptualmente distintos: na "fase xenética do capital"²⁵ trátase de garanti-la "efectividade" do capital, é dicir, a súa inicial correspondencia co valor real das achegas; na sucesiva "fase do exercicio da xestión social" imponse a ulterior esixencia de mante-la "integridade" do capital social (e das reservas obrigatorias).

A tutela na fase xenética tradúcese, para a sociedade de capital, na garantía da efectividade das achegas dos socios: tómase en consideración, ante todo, o tipo que incrimina a emisión de accións ou a atribución de cotas por unha suma inferior ó seu valor nominal, así como a emisión de novas accións ou a atribución de novas cotas antes da integral liberación das que foron subs-

²² Cfr., por todos, TIEDEMANN, PEDRAZZI.

²³ Sobre todo a partir da II Directiva Comunitaria do 13 de decembro de 1976.

²⁴ Cfr., sobre este punto en particular, PEDRAZZI.

²⁵ O que Luigi Foffani entende como "fase xenética do capital" é a que se corresponde co momento da constitución ou transformación da sociedade e do aumento do capital social.

critas anteriormente (artigo 2630, parágrafo primeiro, número 1, CC italiano).

Ás achegas en especie, e ós enganos que estas poden presentar co perfil da garantía da efectividade do capital social, dedícase o tipo que incrimina a fraudulenta sobrevaloración dos bens en especie conferidos á sociedade ou daqueles bens que a sociedade adquirira dos propios socios ou administradores (artigo 2629 CC italiano).

Outros tipos incriminan a violación da prohibición de subscripción das accións ou cotas propias por parte da sociedade emitente, ou ben das accións ou cotas da sociedade controlante por parte da sociedade controlada (artigo 2630 bis CC italiano).

Co fin de salvagarda-la integridade do capital social na sucesiva fase do exercicio da xestión social, o lexislador italiano no seu Código civil procede a castigar con sancións penais, no seu particular, comportamentos como a indebida restitución das achegas ou a liberación dos socios da obriga de realizalas, exceptuando o caso de redución de capital (artigo 2623, número 1); a ilegal repartición dos beneficios ou dos dividendos en conta (artigo 2621, números 2 e 3); as manobras indebidas sobre as accións ou cotas propias por parte da sociedade emitente e dos cruzamentos de capital entre sociedade controlante e controlada (artigo 2630, parágrafo primeiro, número 2, e parágrafo segundo, número 4); a irregularidade no procedemento de redución do capital, fusión e escisión da sociedade (artigo 2623, número 1).

Neste ámbito, e sen entrar na análise das concretas figuras delictivas, Luigi Foffani resaltou a radical diverxencia das opcións político-criminais acollidas respectivamente polo lexislador italiano e polo español, por causa da necesidade de intervir penalmente para tutela-la efectividade e a integridade do capital social. Na definición do contido da materia penal societaria, este é para o relator o punto de maior diverxencia entre os dous ordenamentos.

A esixencia de salvagarda do capital social e das reservas indispoñibles non é completamente estraña ó ordenamento español²⁶, pero lévase a cabo esencialmente a través dos instrumentos sancionadores administrativos; podería recorrerse ás sancións penais só cando a lesión da integridade do capital social se realizase a través dun abuso dos bens sociais con prexuízo inmediato dos socios ou dos outros suxeitos pasivos mencionados no artigo 295 do CP español²⁷, a norma incriminadora da "administración desleal ou fraudulenta" do patrimonio social. Sen embargo, hipótese como a repartición dos beneficios

²⁶ Como ó résto dos ordenamentos, ó español impónselle polas directivas comunitarias.

²⁷ Os administradores de feito ou de dereito ou os socios de calquera sociedade constituída ou en formación, que en beneficio propio ou dun terceiro, con abuso das funcións propias do seu cargo, dispoñan fraudulentemente dos bens da sociedade ou contraían obrigas a cargo desta que lles causen directamente un prexuízo economicamente avaliable ós seus socios, depositarios, contapartícipes ou titulares dos bens, valores ou capital que administren, serán castigados coa pena de prisión de seis meses a catro anos, ou multa do tanto ó triplo do beneficio obtido.

ficticios ou a adquisición de accións propias con sumas solicitadas dos fondos sociais indispoñibles, mentres que danan directamente a garantía dos acredores, non agriden necesariamente nin o interese da sociedade, nin o dos socios singulares, os cales poderían resultar beneficiados pola operación ilícita, mentres que os acredores sociais, por outra parte, non figuran no círculo dos titulares dos intereses protexidos polo tipo de "administración infiel" introducido polo novo Código penal español.

Seguidamente, e respecto da regulación dos delitos societarios no dereito español, o profesor Bernardo del Rosal sinalou que tales delitos constitúen a novísima estrela do Código penal de 1995, respondendo ó criterio maioritario da doutrina sobre a necesidade político-criminal de tal tipificación. Segundo a súa opinión, o lexislador español incorreu en erros, decantándose pola codificación en contra da postura mantida por outros países. Así, del Rosal defende que a eficacia dun delito non depende da súa inclusión en lei xeral ou en lei especial, senón da persecución que pola Axencia Estatal se faga dos mesmos.

En canto á natureza dos delitos societarios, o lexislador español outórgalles unha natureza confusa: declara taxativamente que a través destes delitos se pretenden protexer dos bens xurídicos diferentes: patrimoniais (individuais) e socio-económicos (colectivos). Ó seren dous bens xurídicos tan distintos a tipificación dos delitos contra tales bens resulta moi complicada²⁸.

Despois de referirse a estas cuestións de carácter máis xenérico, o profesor Bernardo del Rosal desenvolveu especificamente os tipos de delitos societarios contemplados no Código penal español:

O artigo 290 establece que "os administradores, de feito ou de dereito, dunha sociedade constituída ou en formación, que falsearen as contas anuais ou outros documentos que deban reflectir a situación xurídica ou económica da entidade, de forma idónea para causar un prexuízo económico á mesma, a algúns dos seus socios, ou a un terceiro, serán castigados coa pena de prisión dun a tres anos e multa de seis a doce meses.

Se se chegare a causa-lo prexuízo económico imporanse as penas na súa metade superior".

O relator considera que existe consenso ó entender que este precepto supón un reforzo das esixencias de veracidade e transparencia. Así mesmo, sobre o ben xurídico protexido polo artigo, entende que protexe intereses diversos, tales como os destinatarios da información social e os intereses patrimoniais de sociedades, socios e terceiros.

²⁸ Como exemplo desta problemática, para a aplicación da agravante de reincidencia habería que coñecer se os dous delitos posúen a mesma natureza; e o mesmo respecto dos problemas de carácter concursal.

A continuación referiuse ós artigos 291 e 292, que considerou como dous dos preceptos de maior inutilidade. Segundo estes preceptos, “os que, prevaléndose da súa situación maioritaria na Xunta de Accionistas ou no órgano de administración de calquera sociedade constituída ou en formación, impuxeren acordos abusivos, con ánimo de lucro propio ou alleo, en prexuízo dos demais socios, e sen que lle reporten beneficios á mesma, serán castigados coa pena de prisión de seis meses a tres anos ou multa do tanto ó triplo do beneficio obtido” (artigo 291); “a mesma pena do artigo anterior imporáselles ós que impuxeren ou se aproveitaren para si ou para un terceiro, en prexuízo da sociedade ou dalgún dos seus socios, dun acordo lesivo adoptado por unha maioría ficticia, obtida por abuso de sinatura en branco, por atribución indebida do dereito de voto ós que legalmente carezan del, por negación ilícita do exercicio deste dereito ós que o teñan recoñecido pola lei, ou por calquera outro medio ou procedemento semellante, e sen prexuízo de castiga-lo feito como corresponde se constituíse outro delito” (artigo 292).

O artigo 293 protexe os dereitos do socio recoñecidos na 4ª Directiva Comunitaria: “Os administradores de feito ou de dereito de calquera sociedade constituída ou en formación, que sen causa legal lle negaren ou impediren a un socio o exercicio dos dereitos de información, participación na xestión ou control da actividade social, ou subscrición preferente de accións recoñecidas polas leis, serán castigados coa pena de multa de seis a doce meses”. Este precepto, de amplísima aplicación, será de maior tratamento no futuro, segundo o relator.

O artigo 294 contempla o único delito autenticamente socio-económico: “Os que, como administradores de feito ou de dereito de calquera sociedade constituída ou en formación, sometida ou que actúe en mercados suxeitos a supervisión administrativa, negaren ou impediren a actuación das persoas, órganos ou entidades inspectoras ou supervisoras, serán castigados coa pena de prisión de seis meses a tres anos ou multa de doce a vintecatro meses.

Ademais das penas previstas no parágrafo anterior, a autoridade xudicial poderá decretar algunhas das medidas previstas no artigo 129 deste código”.

Pola súa parte, o artigo 295 regula o delito de Administración fraudulenta. De acordo co profesor Bernardo del Rosal, trátase dun precepto inzado de erros dende o punto de vista técnico. Así, criticou a súa restricción ó ámbito en que se aplica, só ás sociedades anónimas, o que para el supón unha serie de pro-

blemas. Neste sentido, segundo o seu parecer, o precepto inclúe o prexuízo á sociedade, non só ós socios; dentro del protéxense intereses patrimoniais alleos á sociedade e ós socios; e no mesmo non se inclúen os negocios de risco.

A modo de recapitulación, o profesor Bernardo del Rosal, a pesar do mantido ó inicio do seu relatorio, considerou beneficiosa a regulación dos delitos societarios por parte do lexislador, aínda que tecnicamente sexan preceptos que en breve necesitarán reforma, posto que en certos supostos suporán unha intervención penal excesiva e noutros a dita intervención será case inexistente.

A xornada do día 23 de abril tivo como tema de fondo a “Protección penal do mercado financeiro”, aspecto que desenvolveu Sergio Seminara, ordinario de dereito penal económico da Universidade de Pavía, e Juan Terradillos Basoco, catedrático de dereito penal da Universidade de Cádiz.

Sergio Seminara centrou a súa intervención no “texto único das disposicións en materia financeira” (Decreto lexislativo número 58, do 24 de febreiro de 1998), que modificou profundamente a normativa italiana de referencia, incluída a materia penal²⁹.

Sen entrar nas específicas novidades introducidas polo novo texto único, o relator limitouse a poñer de manifesto que ese reflicte de forma máis clara e evidente a vontade lexislativa de regula-lo mercado dos instrumentos financeiros, no entendemento de que este –nunha economía integrada no ámbito europeo– debe desenvolverse do modo máis eficaz posible, tanto para garanti-la estabilidade das institucións nacionais, como para resistir adecuadamente a concorrencia internacional.

Con respecto ós contidos do novo texto único en materia sancionadora, Sergio Seminara subliñou a ampla presenza de sancións pecuniarias de natureza administrativa. Esta opción lexislativa constitúe unha imposición da Lei delegataria do 6 de febreiro de 1996, número 52, que permitía o recurso ás sancións penais só para conductas lesivas de rango especialmente elevado, e admitía para o resto exclusivamente sancións pecuniarias de natureza administrativa cun límite de arredor de vinte millóns de pesetas.

Estas sancións imponas o ministro do Tesouro por proposta da CONSOB ou da Banca de Italia, as cales proceden tamén á fixación dos feitos e á valoración das alegacións presentadas.

Outra característica significativa da nova normativa á que aludiu o ordinario constitúe a natureza simplemente sancionadora de numerosos tipos³⁰, é dicir, que resulta sancionada a

²⁹ Unha reforma verdadeiramente revolucionaria introducírase xa en Italia co Decreto *Eurosim*.

³⁰ Entre os cales se encontran aqueles que prevén sancións pecuniarias de natureza administrativa.

simple inobservancia das obrigas ou prohibicións impostas por outras normas. Sen embargo, numerosas obrigas e prohibicións están formuladas de modo excesivamente xenérico e remiten a unha integración futura por medio de posteriores regulamentos emanados da CONSOB.

Sergio Seminara referiuse a continuación á tutela da información no mercado financeiro contemplada polo novo texto único, para o que distinguíu entre a conducta dos intermediarios, os emitentes e outros suxeitos.

Polo que afecta ós intermediarios, existe un interese público no control da súa composición e da súa actividade. Este control pretende non só preservar-lo interese económico dos investidores que puxeron a súa confianza nos intermediarios do mercado, senón tamén trata de evitar conductas de branqueo de capitais ou outras conductas ilícitas conexas.

Para que a CONSOB poida levar a cabo o seu labor de vixilancia, prevese unha comunicación obrigatoria para quen pretenda adquirir ou ceder, ou modificar de calquera forma, unha participación cualificada no capital dun intermediario; prevese ademais que a CONSOB poida pedir-lles ós intermediarios información respecto dos seus socios. A falsidade destas comunicacións sanciónase no artigo 169 con penas de prisión de seis meses a tres anos e multa de dez a cen millóns de liras.

O tipo penal máis significativo respecto disto é, non obstante, o contido no artigo 171.1, o cal ameaza cunha pena de prisión dun a cinco anos e multa de dous a vinte millóns de liras os dirixentes de "suxeitos habilitados para levar a cabo actividades de investimento" que, nas comunicacións presentadas ó Banco de Italia ou á CONSOB, "co fin de obstaculiza-lo exercicio das funcións de vixilancia", expoñan feitos que non respondan á verdade, acerca das condicións económicas dos ditos suxeitos ou sobre as actividades realizadas por conta dos investidores, ou ben gochan feitos que deberían comunicar.

O artigo 117.2 sanciona con pena de prisión de ata un ano e multa de vinte cinco a cen millóns de liras os mesmos suxeitos que, fóra dos casos previstos no número 1, obstaculicen as funcións de vixilancia.

Trasladándonos ó plano das ofertas de investimento do aforo público, Sergio Seminara sinalou que se produce unha ampliación da tutela da información, no sentido de que comprende tanto as comunicacións á CONSOB como as comunicacións ó público.

Respecto das primeiras, o artigo 174.2 establece que, fóra dos casos incluídos no número 1, os dirixentes das sociedades

emisoras que obstaculicen o exercicio das funcións da CONSOB serán sancionados con pena de prisión de seis meses a tres anos e multa de vinte e cinco a cen millóns de liras: unha sanción máis grave, polo tanto, cá prevista no artigo 171.2.

O artigo 174.1 castiga con pena case idéntica (prisión de seis meses a tres anos e multa de dez a cen millóns de liras) o feito de facer constar informacións falsas no prospecto enviado á CONSOB relativo a unha futura oferta pública de investimento ou de adquisición ou troco, no prospecto relativo a unha futura cotización da sociedade, nas comunicacións enviadas á CONSOB por petición súa ou sobre a base de obrigas establecidas con carácter xeral, ou nas comunicacións ó público realizadas polas sociedades emisoras sobre feitos relativos a elas mesmas e idóneas, coa súa publicación, para influír sensiblemente sobre o prezo dos instrumentos financeiros.

Por último, o artigo 181 sanciona con pena de prisión de ata tres anos e multa dun a cincuenta millóns de liras “a quen divulgue noticias falsas, esaxeradas ou tendenciosas, ou ben realice operacións simuladas ou outros artificios idóneos para provocar unha sensible alteración do prezo dos instrumentos financeiros ou a alteración dun mercado activo destes”.

Outros dous tipos penais que mereceron a atención por parte do relator foron a Administración infiel e a confusión de patrimonios, ambas sancionadas con pena de prisión de seis meses a tres anos e multa de dez a douscentos millóns de liras.

A primeira –prevista no artigo 167– sanciona a quen, durante o desenvolvemento de servizos de investimento, con violación das normas sobre conflito de intereses, realice unha operación que lles cause un dano ós investidores co fin de lograr para si ou para outro un beneficio inxusto. A norma aseméllase bastante ó artigo 295 do CP español, pero, a diferenza deste, que se dirixe a suxeitos encargados da xestión social, o artigo 167 vale exclusivamente no ámbito da intermediación financeira, sen que exista un tipo correspondente nos delitos societarios.

O segundo tipo –previsto no artigo 168– sanciona, sen embargo, a quen, durante o desenvolvemento de servizos de investimento, co fin de procurar para si ou para outros un beneficio inxusto, non mantén o diñeiro ou os instrumentos financeiros dos seus clientes como patrimonio distinto do seu e dos demais clientes. A punibilidade do feito subordínase, non obstante, á interposición dunha denuncia por parte dos investidores.

Por último, dedícaselle un apartado á disciplina do *insider trading*, que o novo texto único procedeu a reformular de maneira

máis restrinxida en comparación coa lei anteriormente vixente. Sobre a base do artigo 180, sanciónase coa pena de prisión de ata dous anos e multa de vinte a seiscentos millóns de liras, por unha parte, a quen, estando en posesión dunha información privilexiada obtida gracias á súa participación no capital dunha sociedade ou ó exercicio dunha función, profesión ou oficio, se vale dela en operacións bolsistas ou ben, sen motivo xustificado, llela comunica a outros ou aconsella a outros baseándose no dito coñecemento privilexiado; por outro lado, a quen realiza operacións bolsistas obtendo información privilexiada dos suxeitos anteriormente citados.

Dende a perspectiva española, o profesor Terradillos Basoco afrontou inicialmente o tema da "protección penal do mercado financeiro" dende un punto de vista eminentemente terminolóxico. Así, o termo "mercado financeiro" posúe un maior ou menor alcance segundo a tipoloxía que se manexe. De acordo co concepto seguido pola Real Academia da Lingua, o "mercado financeiro" é o mercado das actividades relacionadas coa Facenda Pública, as sociedades mercantís e, en xeral, o bolsista.

A protección bolsista é tratada polo Código penal de 1995 no seu artigo 285, e indirectamente nos seus artigos 284³¹ e 442³².

Segundo o profesor Terradillos, para a interpretación do artigo 285 cómpre ter en conta a súa cuádruple orixe, de política económico-criminal, que implicou a súa inclusión no Código penal español. A súa introducción foi esixida por unha doutrina non pacífica: o Código penal de 1995 foi obxecto de debate doutrinal e político dende o ano setenta e nove. Durante este longo período de discusión estimouse, por un lado, que só consideracións morais poderían servir de pretexto para a inclusión do precepto, posto que tales consideracións son as únicas que criminalizan comportamentos onde non existen vítimas.

Por outro lado, a postura dos escépticos ía encamiñada a regular-lo que se quixera. Para eles o mercado financeiro é o ámbito natural da CNMV, así o dito mercado é a rede arterial a través da que flúe a actividade mercantil e financeira.

Finalmente se impuxo a doutrina maioritaria partidaria da inclusión do precepto no novo Código penal, e tómase como fundamento o feito de que permiti-lo uso de información privilexiada suporá a ruptura da rede arterial da economía, e posto que se debe ter sempre presente a defensa dos intereses do investidor prexudicado.

Un segundo empurrón á introducción do precepto veu dado pola incorporación de España á Comunidade Ecomómica Eu-

³¹ Artigo 284 CP: "Imporase a pena de prisión de seis meses a dous anos, ou multa de seis a dezaioito meses, ós que, difundindo noticias falsas, empregando violencia, ameaza ou engano, ou utilizando información privilexiada, intentaren altera-los prezos que haberían de resultar da libre concorrencia de productos, mercadorías, títulos valores, servicios ou calquera outras cousas mobles ou inmobles que sexan obxecto de contratación, sen prexuízo da pena que puidera corresponderlles por outros delitos cometidos."

³² Artigo 442 CP: "A autoridade ou funcionario público que faga uso dun segredo do que teña coñecemento por razón do seu oficio ou cargo, ou dunha información privilexiada, con ánimo de obter un beneficio económico para si ou para un terceiro, incorrerá nas penas de multa do tanto ó triplo do beneficio perseguido, obtido ou facilitado e inhabilitación especial para emprego ou cargo público por tempo de dous a catro anos. Se obtivere o beneficio perseguido imponse as penas na súa metade superior."

Se resultara grave dano para a causa pública ou para terceiro, a pena será de prisión dun a seis anos, e inhabilitación especial para emprego ou cargo público por tempo de sete a dez anos. Para os efectos deste artigo, enténdese por información privilexiada toda información de carácter concreto que se teña exclusivamente por razón do oficio ou do cargo público e que non fose notificada, publicada ou divulgada."

ropea (CEE). Así, a Directiva 582/89 estableceu a necesidade de homoxeneiza-las condicións en tódolos mercados dos países comunitarios e estipulou a obrigación de sanción ante tales conductas.

Outro impulso proporcionouno o dereito comparado, que opta pola vía sancionadora penal. En Alemaña tendeu a potencia-las vías de control establecendo limitacións.

Como último antecedente, a Lei do Mercado de Valores de 1988 (LMV) pretendeu asegura-la transparencia e a lealdade por actuar sobre a negociabilidade do mercado. As decisións tómanse non polas relacións persoais (confianza nos suxeitos intervenientes), senón polas características globais do mercado. É de obrigatoria mención, de acordo co relator, os seus artigos 82 (deberes de información de emisores), 81.1 e 83 (garantía, sixilo), e 81.2 (prohibicións de información en materias reservadas)³³.

Para asegura-los fins da LMV creouse a CNMV, as facultades máis importantes da cal son as de control, inspección e sanción. Da actividade desta comisión deriva a determinación do que constitúen as conductas tipificadas no artigo 285 CP.

Seguidamente, o profesor Terradillos Basoco procedeu á análise metódica do artigo 285 CP.

Nos delitos socioeconómicos os bens xurídicos protexidos son de difícil determinación (mercado, lealdades...). De conformidade coa doutrina, o artigo 285 defende un concepto social e democrático da propiedade social ou, incluso, o bo funcionamento do Mercado de Valores.

Por outra parte, o artigo 285 esixe a provocación dun determinado efecto económico con beneficiarios ou prexudicados individualizables. Así require de dous elementos: intereses patrimoniais individualizables de titularidade concreta e efectos económicos tanxibles (para patrimonios de titularidade individual). Atopámonos, en opinión do relator, ante un delito contra o patrimonio que vulnera normas do Mercado de Valores: a lealdade e a igualdade nese mercado.

Respecto do suxeito activo do delito, este é o que ten acceso a información secreta. O artigo 81.1 LMV completa a definición: o que na estrutura societaria desempeña funcións que o poñen en contacto directo con esta información e que ademais dispón de capacidade de decisión, é dicir, o que de forma directa ou por persoa interposta ten acceso á información secreta con ocasión do exercicio da súa profesión. Esta información debe ser "relevante", isto é, se pode incidir na cotización.

³³ A regulación do artigo 285 CP é a consecución natural do artigo 81.2 LMV.

O artigo 285 CP contempla un delito de resultado, así é necesario introducir unha condición obxectiva de punibilidade, porque a pena do delito (multa) se adecúa ó beneficio ou ó prexuízo; desta forma, o tipo consúmase no momento da obtención do beneficio ou do prexuízo.

Pola súa parte, o artigo 286 CP castiga tipos agravados cando o beneficio obtido sexa de notoria importancia, é dicir, cando se producise un resultado que implique unha gratificación de antixuridicidade³⁴. Tamén cabería apreciar este tipo agravado por conductas reiteradas do artigo 83 LMV.

Polo que se refire ó artigo 286 en concurso co artigo 442 CP, na opinión do relator sería defendible o concurso de delitos. O artigo 442 confórmase coa actividade abusiva sobre a información, non require beneficio ou prexuízo, e contempla a agravante se afecta á Administración de modo grave, isto é, cando se produce un notorio prexuízo. Por iso, na opinión do profesor Terradillos Basoco, a apreciación dun concurso de delitos non só non se dirixe contra o principio *non bis in idem*, senón que se encontra totalmente fundamentada.

O encontro internacional dende aquí comentado pechouse coa participación inestimable de Lorenzo Picotti, ordinario de dereito penal da Universidade de Trento, vicepresidente do Centro de Dereito Penal Tributario e avogado, e de Adán Nieto Martín, profesor asociado da Universidade de Castela-A Mancha, que, dende a súa particular visión do dereito penal económico italiano e español, disertaron sobre un tema de tanto interese e actualidade como é o da "fraude fiscal e de subvencións á Comunidade Europea".

A exposición de Lorenzo Picotti versou fundamentalmente sobre a explicación empírica do fenómeno comunitario e o control dos delitos comunitarios, para confronta-la situación do delito penal italiano nese ámbito.

A tutela penal do patrimonio comunitario é, ó seu entender, independente e autónoma á tutela penal dun Estado individual.

Para o ordinario existe unha complicidade do réxime xurídico de subvencións, de producións, de limitacións á importación en toda a CEE, que crea a posibilidade de abusar do procedemento de tránsito dos produtos europeos. Así, o propio funcionamento da CEE propicia a posibilidade de que os estados membros non aboan ou deixen de aboar determinados impostos relativos ó tránsito de mercadorías, en función do interese financeiro da comunidade.

Isto trae consigo a aparición dunha serie de delitos fiscais,

³⁴ Artigo 286 CP: "Aplicarase a pena de prisión de catro a seis anos e multa de doce a vinte catro meses, cando nas conductas descritas no artigo anterior concorra algunha das seguintes circunstancias:

1^a Que os suxeitos se dediquen de forma habitual a tales prácticas abusivas.

2^a Que o beneficio obtido sexa de notoria importancia.

3^a Que se cause grave dano ós intereses xerais.

como a falsificación da certificación de orixe dos produtos por países extracomunitarios, o que provoca graves prexuízos económicos para a CEE, así como o perigo de non poder controlalo produto, co risco sanitario que supón.

De acordo con Lorenzo Picotti, sería correcto afronta-lo fenómeno de modo unitario, porque, como se dixo, o sistema comunitario posúe unha regulamentación complexa que favorece a aparición destes delitos de corrupción e criminalidade organizada.

Respecto do control destes delitos, o relator aludiu á utilización de métodos preventivos e represivos a través de medidas de policía e sancións administrativas. Pese a iso, tales medidas poden non ser suficientes, polo que sería necesario ver sobre qué presupostos se deberían aplicar sancións penais, que deberían estar reservadas a un órgano supremo, como o Parlamento Europeo electo, e tutelarían dereitos fundamentais.

Esta potestade penal comunitaria estaría por riba do dereito penal dun Estado membro, que debería aplicar sancións penais baixo o criterio da comunidade. Neste sentido, o Tratado de Maastrich introduciu o principio de cooperación dos estados membros en materia xudicial e penal e promoveu a unificación do delito penal. Por outro lado, a aplicación da sanción penal do Estado membro, baixo o interese comunitario, debe supoñer un resultado certo e unha tutela efectiva.

Respecto do problema deste delito penal no ámbito do ordenamento italiano, o dereito penal italiano introduciu a partir do ano noventa o concepto de delito penal con relación ó ámbito comunitario (artigo 340 CP italiano), e non se limitou só ó aspecto estritamente patrimonial senón que protexeu un ben xurídico diverso. No ano 1992 o lexislador italiano incidiu en maior medida sobre a regulación deste tipo de delitos que afectan directamente ó interese da CEE (un exemplo clarificante constitúe o delito de malversación).

A continuación, o profesor Nieto Martín afrontou inicialmente o tema da súa intervención baixo a cuestión de quen leva as rendas do proceso de unificación do dereito europeo. Segundo o seu criterio, a discusión tradúcese en dous piares: se son os estados os que levan as rendas, decantaranse polo piar intergubernamental: a participación das institucións comunitarias é mínima; se os que levan as rendas son as institucións comunitarias, preferirán o dereito clásico.

Entre ámbolos dous piares, o gubernamental é o máis eficaz, porque pola vía do convenio hai que esperar a que tódolos estados o ratifiquen para que entre en vigor.

Por outra parte, o relator puxo de manifesto que o artigo 209.a) do Tratado de Ámsterdan, no seu parágrafo cuarto, parece querer excluír do ámbito comunitario a loita contra a fraude. Dende o ano 1989 a comisión estivo interesada en que a Comunidade Europea utilizara sancións administrativas contra a fraude, ó incluílas ás furtadelas a través de sancións *sui generis* e sen que se soubese exactamente se se trataba de sancións civís ou administrativas (en palabras do relator, "sancións de zona gris"). Non obstante, estas sancións fóronse introducindo, ata que Alemaña formula a cuestión de se a comisión ten realmente competencias para promulgarlas. Xorde así a STCE do 27 de outubro de 1992, na que o tribunal se pronuncia positivamente sobre tal competencia e decide a partir de entón estende-lo cadro das súas sancións administrativas. Pero o Tribunal das Comunidades Europeas dáse conta de que non vai ser posible lograla homoxeneización posto que cada Estado aplica estas sancións de acordo co seu ordenamento, polo que no ano noventa e cinco se crea o Regulamento 88.

Na opinión do profesor Nieto Martín, este polémico parágrafo cuarto do artigo 209.a) intenta clarifica-la competencia da Comunidade Europea para introducir sancións administrativas. Tralo Tratado de Ámsterdan todo o que é dereito penal encóntrase regulado no título VI e en materia de fraude a comunidade pode adoptar medidas de protección e sancións administrativas.

Respecto da fraude fiscal, toda a anterior normativa non se comprende se non se teñen en conta tres aspectos da fraude que veñen explica-la política lexislativa:

En primeiro lugar, nun informe da Comunidade Europea do ano noventa e seis sobre a loita contra a fraude, esta ascendía a mil trescentos millóns de euros, e detectáranse catro mil catrocentas irregularidades. Detrás disto encontrábase a criminalidade organizada e a grande preocupación da comunidade na súa loita contra ela.

En segundo lugar, as deficiencias no control da fraude: a Comunidade Europea ten delegados os poderes de inspección nas autoridades nacionais e os funcionarios nacionais son pouco celosos no control dos fondos comunitarios. Este factor explica un conxunto de regulamentos comunitarios que lles indican ós estados membros cómo teñen que inspeccionar. Todo isto leva á comunidade a decidir que sexan os seus propios axentes os que vaian ás empresas inspeccionar. Así, de regula-los controis *in situ* encárgase un Regulamento Comunitario do ano noventa e seis baseado en equipara-lo status do axente comunitario ó

do nacional, o que pode chegar a formular problemas en relación co proceso penal que se poida promover.

En terceiro lugar, a mala técnica legislativa das normas comunitarias que outorgan subvencións ou conceden beneficios fiscais. Esta deficiente técnica podería chegar a provocar fraude de lei, polo que para loitar contra esta se estipula o artigo 4 do Regulamento 2988/95. Tal solución resolveu as cousas só no ámbito administrativo.

Respecto da cuestión de cómo debería realizarse a harmonización do dereito penal, de acordo con Nieto Martín os convenios que de agora en adiante se ocupen de harmonizalo dereito penal deberán prestarlles especial atención ós elementos normativos do tipo. Ata agora a harmonización realizábase a través da parte especial e non era necesario tocar elementos da parte xeral. Pero, segundo o relator, isto non debería de ser así³⁵, polo que sería conveniente converte-los problemas de parte xeral en problemas de parte especial: a través das técnicas de parte especial resolveríanse os problemas de parte xeral.

A modo de conclusión, e respecto de cómo debería realizarse a transposición ós respectivos ordenamentos, o profesor Nieto Martín propuxo a creación dunha lei penal especial a través da cal en cada país se regule todo o que teña que ver coa fraude fiscal á Comunidade Europea, a prol da seguridade xurídica.

Como colofón a este interesante congreso, o bolseiro da Área de Dereito Penal da Universidade da Coruña, José Ángel Brandariz García, agradeceulles ás institucións colaboradoras, entre elas a Escola Galega de Administración Pública, a súa contribución á organización e ó desenvolvemento deste, e felicitou os ilustres participantes polas súas brillantes achegas, felicitación que fixo extensible a toda a Área de Dereito Penal da Universidade da Coruña, organizadora e artífice do encontro.

Por outro lado, gustaríame resalta-lo interese que espertaron as mesas redondas e os coloquios abertos ó final de cada unha das sesións e que contaron igualmente coa inestimable achega de prestixiosos avogados, profesores e especialistas na materia, que coas súas disertacións e comentarios viñeron enriquece-lo contido xa por si relevante do evento.

Como inciso final, quixera significar, aínda co risco de ser reiterativo, a relevancia e a transcendencia deste "I Congreso hispano-italiano de dereito penal económico", que serviu como marco de estudio e de confrontación das experiencias que nesta materia tiveron lugar en España e en Italia nos últimos anos, tendo en conta que estes países deben afrontar unha elección se-

³⁵ Como exemplo o concepto de dolo non é o mesmo en todos os países. Consecuentemente, os convenios deberían establecer-los prazos de prescrición, o tema da regularización fiscal, etc.

mellante dado o espectro global da Comunidade Europea no que se atopan inmersos e os seus comúns intereses na persecución dos delitos económicos. Estas experiencias, que se puxeron de manifesto dende os coñecementos particulares que sobre o tema posúen os eminentes conferenciantes, servirán de base e como punto de referencia para a realización de futuros encontros internacionais que sobre a materia teñan lugar.

Por último, e a modo de breve apuntamento recompilatorio, desexaría destaca-las que, ó meu modo de ver, constitúen as novidades máis importantes que o Código penal español de 1995 introduciu con relación á corrupción e ós delitos contra o patrimonio e a orde socioeconómica, regulados no título XIII (artigos 234 a 304), e que foron obxecto de estudio e de desenvolvemento no congreso aquí comentado:

■ Modificáronse os delitos de información privilexiada e de tráfico de influencias de funcionarios públicos para poder castigar tales condutas cando perseguen o beneficio económico, anque non cheguen a alcanzalo.

■ Tipificouse correctamente a defraudación de acredores na quebra ou suspensión de pagos.

■ Aparece regulado o delito de quebra fraudulenta nas subastas xudiciais, que peculiariza unha conduta delictiva dos chamados "poxadores".

■ Anímouse a posibilidade de prevaricación xudicial non só en sentencias e autos, senón tamén en calquera outra resolución.

O noso ordenamento urbanístico sufriu nos últimos anos tal cúmulo de cataclismos que sumiu os operadores xurídicos nun grao notable de inseguridade e de confusión. O profesor González Pérez vén sendo quen, con admirable celeridade e rigor, nos orienta no proceloso mar dos cambios lexislativos e xurisprudenciais que sucesivamente se producen neste ámbito. Nesta ocasión, a tarefa foi probablemente máis difícil e, ó tempo, máis urxente e necesaria polas consecuencias e secuelas da Sentencia 61/1997 do Tribunal Constitucional que alterou de maneira substancial o marco normativo urbanístico. Sería de desexar que, dunha vez por todas, este novo marco se consolidase como sólida referencia básica para a creación lexislativa das comunidades autónomas e o sufrido operador xurídico gañase polo menos un pouco de sosego e de orientación. En todo caso, e aínda que así non fose, estou seguro de que

a pluma de González Pérez nos volvería ilustrar oportunamente neste continuo tecer e destecer da regulación urbanística.

Na obra que agora nos ocupa, o autor abandona en certa medida o ton acendidamente crítico que cualificou os seus comentarios á Lei 8/1990. Predomina aquí a análise comparativa da sucesión normativa na materia e un profundo e detallado estudio xurisprudencial de tódolos aspectos da nova lexislación (Lei 6/1998).

Para González Pérez, a incorporación ó proceso urbanizador de todo aquel solo no que non concorran razóns para a súa preservación constitúe un esquema lóxico. Elimina, ademais, a necesidade de que políticos ou técnicos decidan se unha determinada superficie é apta ou non para converterse en solo urbano, co que se aparta esta decisión da formulación, e resultan determinantes só factores obxectivos, como a protección do dominio público, ben por concorreren factores que han de prevalecer, ben pola súa incompatibilidade cun desenvolvemento urbano racional.

Elimínase así un exceso de discrecionalidade que, tanto cuantitativa como cualitativamente, propendía á controversia entre os representantes políticos nos órganos da Administración, coa consecuencia non dunha desexable profesionalización da tarefa, senón dunha desmesurada politización, con demérito da obrigada referencia do interese xeral.

A análise do capítulo II da Lei 6/1998 céntrase primordialmente no artigo 19: “deberes legais de uso, conservación e rehabilitación”. A aposta franca de González Pérez é polo urbanismo “constructor” en lugar do urbanismo “destructor”. E en verdade que non hai máis remedio que concordar con el. Todos somos conscientes do “apresurado e cego desenvolvemento” que presidiu o proceso urbanizador en España e, particularmente, en Galicia. Todos somos testemuñas de auténticas aberracións urbanísticas en paisaxes paradisíacas da nosa terra ou da substitución, en nome da “posmodernidade”, de edificios decimonónicos de singular beleza por auténticos “pastiche” que firen as pupilas menos sensibles. Por iso, cómpre eliminar os vicios dun urbanismo expansionista e potenciar, na medida dos posible, un urbanismo conservador que permita, por unha parte, revitalizar aquelas zonas das cidades que foron perdendo protagonismo como consecuencia da progresiva deterioración dos edificios que as compoñían e, por outra, preservar todo o acervo cultural que conservan entre as súas pedras esas, polo habitual, entrañables “zonas vellas” das nosas cidades e vilas. Se ben a regulación deste concreto aspecto normativo reitera as previsións contidas en regulacións anteriores, o autor desenvolve un completo percorrido pola xurisprudencia dictada en relación cun dos mecanismos previstos para levar á práctica este tipo de ur-

banismo: as ordes de execución de conservación e de obras de intervención.

Máis extenso se cabe resulta o estudio realizado sobre o estado de ruína das edificacións (en concreto, as páxinas 307 a 397), do que cómpre destacar a valoración da declaración de ruína como a verificación dunha situación de feito que, como tal, os tribunais han de valorar apoiándose nos informes que lles subministren aquelas persoas que, polos seus coñecementos e especialización técnica, poidan percibir mellor as circunstancias determinantes, aínda que non seguíndoos necesariamente de forma literal. Con iso o autor incide nun aspecto moi importante como é o da proba pericial urbanística. Tal proba réxese, neste ámbito, polo principio da libre valoración, polo que non existen regras taxadas para os efectos, sendo soberano o criterio da sala sentenciadora, na apreciación da devandita.

Non obstante, dicir que a proba pericial é unha proba libre no noso proceso non significa que o xuíz poida segui-lo seu capricho ou entregarse á conxectura ou á sospeita. Supón unha dedución racional que ha de partir duns datos fixados con certeza. O bo facer do perito consiste en persuadi-lo xulgador da exactitude das apreciacións contidas no seu informe. Polo tanto, o decisivo é que os razoamentos ofrecidos neste reúnan a suficiente forza de convicción como para que o xulgador se sinta convencido de que apoia-la súa decisión sobre o informe pericial é a mellor das opcións posibles.

A partir da páxina 469 comeza o estudio dun punto no que as achegas do autor son especialmente valiosas: as valoracións. As valoracións urbanísticas foron, tradicionalmente, obxecto de regulacións que provocaron non poucos problemas á hora de encamiñalas funestas consecuencias ás que se viu sometido o dereito de propiedade. Como afirma o autor, “la expropiación urbanística supone que unos cuantos –los menos–, los afectados, reciben por su terreno un precio muy inferior al valor del mercado, mientras otros, los más, los que no han tenido aquella desgracia, conservan íntegro el valor del mercado de sus terrenos. Existen, por tanto –y aquí radica la tremenda injusticia que supone un trato desigual–, dos clases de ciudadanos propietarios de terrenos: los sacrificados –en considerable cuantía– y los que permanecen intocables”.

Parece inevitable deterse, sequera superficialmente, na análise do sistema de valoracións da LRRU, de tan radicais consecuencias para o dereito de propiedade. Neste sistema, a dependencia da valoración respecto da consolidación gradual que faga o propietario das facultades urbanísticas supuxo –como afirma o autor– un paso máis no proceso de conversión da institución expropiatoria nunha auténtica confiscación. O propietario do solo –continúa comen-

tando o autor— carecía de facultades de aproveitamento urbanístico, que iría adquirindo sucesivamente na medida en que fora cumprindo os deberes que a lei lle impoñía. Logo, no momento da expropiación, unicamente se privaba do que tiña, isto é, do que adquirira de acordo co sistema da lei. Iso supoñía:

A vulneración da garantía constitucional que consagra o artigo 33.3 da Constitución, garantía do dereito de propiedade “na medida en que con ela se asegura a xusta compensación económica. A expropiación forzosa implica a obriga dos poderes públicos de indemnizar a quen resulte privado dos seus bens ou dereitos por lexítimas razóns de interese xeral cun equivalente económico que ha de establecerse conforme a criterios obxectivos de valoración prefixados pola lei”. Criterios, por moi obxectivos que sexan, que han de responder ó valor real do ben ou do dereito.

E na medida en que se afastaba do valor real, infrinxíase así mesmo o principio de igualdade, igualdade ante a lei e ante as cargas públicas, que así mesmo consagra a Constitución (arts. 14 e 31), en canto que:

1º. Mentres uns propietarios de solo habían de soporta-la potestade expropiatoria, outros —os que se vían libres dela— podían dispoñer libremente do solo e percibían o valor de mercado.

2º. Os que sufrían a expropiación urbanística contribuían ás cargas públicas en maior medida cós demais cidadáns, ó verense desprovistos dos terreos da súa propiedade a cambio dunha indemnización que non reflectía o valor real.

3º E, dentro do sistema da LRRU, o trato desigual era evidente, dado que a clasificación do solo —decisiva á hora da valoración— se facía na marxe de criterios obxectivos, coa máxima arbitrariedade.

Pero, como nesta vida tódolos problemas teñen solución salvo “un”, a Lei 6/98 parece, *a priori*, dar mostras dun cambio de rumbo que definitivamente adapte a normativa á realidade, e que evite configuracións teóricas totalmente afastadas dela e de tan penosas consecuencias como as antes descritas.

Hai que concordar co autor cando sinala que se perdeu unha grande oportunidade de plasmar no texto definitivo desta norma o principio xeral de que “o solo se valorará de acordo co seu valor real”, principio que si se encontraba no proxecto de lei do Goberno e que, en última instancia, foi substituído por un sistema, o obxectivo final do cal non é outro que acomodar, no posible, o valor do solo ós dictados do mercado. En definitiva, tratouse de enmascarar innecesariamente un obxectivo anhelado, pero non recoñecido. Como consecuencia da introducción deste sistema de valoración, todos somos conscientes dalgunhas dificultades na súa aplicación. Así, a valoración por comparación coa doutras “fincas”

análogas esixe a existencia de “valores comprobados”, o que inevitablemente dará lugar a unha ardua tarefa de interpretación que, ¡como non!, se encargará de realizar a xurisprudencia, co que se lle engade así un plus de dificultade á xa de por si receosa, xurisprudencia de acordo coa aplicación do método de valoración por analogía con outros terreos. Unha xurisprudencia que, se ben coincide en afirmar que o valor do solo calculado a través deste método é un valor indiciario, non vinculante, sen embargo é vacilante ó interpreta-lo concepto de “finca análoga”. Do mesmo modo, outro problema fórmase coa aplicación do “valor básico de repercusión máis específico recollido nos informes catastrais”, naqueles casos nos que os valores catastrais perdesen vixencia, tanto polo simple transcurso do prazo estipulado para a súa modificación, como por determinarse para unha proposta anterior e non ser rectificadas baixo a vixencia do novo.

O título IV “Expropiacións” recibe un extenso tratamento a partir da páxina 555, e resulta de peculiar interese, entre outros aspectos, a referencia ás delimitacións competenciais estatal e autonómica con ocasión do artigo 33; así mesmo a referencia ó prezo xusto e, por último, a análise da expropiación forzosa por incumprimento da función social da propiedade. En canto a esta última, a LRSV supuxo a introducción de substanciais modificacións.

Chegados a este punto resulta imprescindible realizar algunhas precisións sobre o que a Lei 8/90 entendeu por función social da propiedade no ámbito urbanístico. A configuración deste principio na citada norma supuxo unha clara desviación do obxectivo constitucionalmente buscado a través do mesmo. É evidente que non é o mesmo impedirlle ó propietario a realización de utilidades privadas, sen que simultaneamente se satisfagan necesidades públicas, que esixirle a utilización empresarial da súa propiedade ó impoñerlle o cando e o como ha de facer uso dela. O propietario ten o dereito inalienable de poder exercer-lo seu dereito ou non facelo, e a lei non pode substituílo ó amparo do disposto nos artigos 33 e 38 da CE. Se ben o TC ratificou a constitucionalidade da imposición de deberes positivos sobre a explotación da propiedade, non creo que se lle poida impoñer calquera tipo de deberes ó propietario e, en particular, deberes positivos de explotación. A función social da propiedade non permite obrigar a unha actuación empresarial que como tal transcende do dereito de propiedade, e si permite, en cambio, impedirle ó propietario unha utilización –ou non utilización– antisocial dese dereito. O que conseguiu o lexislador foi establecer unha férrea disciplina e un alto nivel de intervención administrativa sobre o solo, mantendo, á vez (o que non deixa de resultar incongruente) o sector urbanístico dentro do ámbito do privado. Desta maneira conseguiuase a cuadratura do círculo: que o

sector público reservase o control da actividade urbanística sen asumilo custo que lle representaría a reserva do elemento material sen o cal aquela non é factible. Esta situación é a causa da actual redefinición do modelo urbanístico que o fai compatible coa garantía constitucionalmente establecida do dereito de propiedade, porque se ben resulta evidente que o propietario de certos bens non pode subtraelos á función social á que están sometidos, non o é menos que, en ningún caso, debe verse obrigado á explotación privada dun ben co obxectivo de satisfacer necesidades públicas, ó substituírse a súa libre iniciativa para o uso pola iniciativa administrativa.

Afirma González Pérez que de acordo coa normativa prevista na LS de 1992 se establecía un réxime de expropiación-sanción a tódolos supostos de incumprimento dos deberes urbanísticos. O artigo 207, LS, contemplaba dous casos de expropiación por incumprimento social da propiedade, de natureza ben distinta: mentres os do apartado a) consistían na inobservancia dos prazos no cumprimento dos deberes urbanísticos, o apartado b) contemplaba os supostos de auténtica transgresión xurídico-administrativa. En realidade –continúa o autor– non se sometían estes supostos a un réxime expropiatorio distinto dos demais. Todos se reconducían ó mesmo ríxido sistema de reducir drasticamente a indemnización, ó tomar en consideración unicamente “o valor correspondente ó grao de adquisición das facultades urbanísticas”. Ó mesmo tempo, o artigo 217 excluía destas expropiacións a posibilidade do pago por adxudicación de terreos, o que supoñía unha auténtica sanción, sen as garantías esixidas para o exercicio da potestade punitiva. Sen embargo, esta situación de auténtica confiscación para os propietarios resolveuna a Lei 6/98, ó incluílo seu artigo 23 unha cláusula xenérica, que engloba tódolos supostos de expropiación e a súa conseguinte valoración e, na que non se distingue a finalidade que a motivase e a lexislación que a lexitime. Con esta formulación dáse un paso máis na loita contra a especulación urbanística que se derivaba das expropiacións que tiñan como fundamento a función social da propiedade, xa iniciada pola doutrina do Tribunal Supremo na Sentencia do 29 de xaneiro de 1994, que excluía a aplicación do valor inicial no caso de expropiacións de solo de inmediata incorporación ó proceso urbanizador e edificatorio.

Os “supostos indemnizatorios” previstos na Lei 6/98 reciben un tratamento que se centra nun estudio profundo da teoría da responsabilidade das administracións públicas como consecuencia da actuación urbanística. De particular interese resulta a análise da responsabilidade concorrente derivada da alteración da formulación (páx. 721 e segs.) a través da Sentencia do TS do 15 de no-

vembro de 1993. O fundamento xurídico noveno desa sentenza establece unha doutrina realmente innovadora sobre responsabilidade solidaria, que fundamenta nas esixencias da boa fe e da seguridade xurídica que han de inspira-las relacións da Administración pública co cidadán. A alteración da formulación antes de transcorrer-lo prazo previsto no plan para a súa execución ou antes do prazo razoable para iso que ha de estimarse implícito en todo plan, supón defrauda-la confianza que nel depositara o administrado, que, precisamente por esta confianza, comezara a realiza-los traballos –cos gastos consecuentes– dirixidos á súa execución. E a modificación prematura da formulación supón, ademais, un funcionamento anormal do servizo, ó elabora-la formulación sen preve-las circunstancias que ían determina-la necesidade da modificación. Se as circunstancias non foran previsibles, podería cualificarse de normal o funcionamento do servizo, pero iso non suporía unha exención da responsabilidade.

Unha vez máis a obra periódica e puntual de González Pérez, da que outras moitas cuestións poderían comentarse, achéganos á realidade lexislativa e práctica do noso urbanismo, con inxente acumulación, ademais, de imprescindible xurisprudencia. Hai que darlle as grazas polo seu estudo, sobre todo neste difícil ámbito urbanístico. E tamén pola súa constancia admirable. Se se me permite, e apelando a Tirso, diría:

“No cobra valor ni medra
la ociosidad regalada
que una gota continuada
rompe la más dura piedra”.

Pablo González Mariñas

Profesor titular de dereito administrativo.
Universidade de Santiago de Compostela

III Simposio de historia da Administración pública

Varios autores

EGAP, Santiago, 1997

En maio de 1997, celebrouse na EGAP o III Simposio de historia da Administración, ó que asistiron coñecidos especialistas nesta materia. O simposio estaba dedicado á figura do facendista galego Luis López Ballesteros (1782-1853) e algúns dos relatorios versaban directamente sobre el, aínda que a maioría se referiron á temática xeral da historia da Administración. A presente obra recolle seis relatorios que se presentaron naquelas xornadas e inclúe ademais dúas comunicacións. Imos referirnos brevemente a todos estes traballos.

O primeiro relatorio é de Alejandro Nieto García e titúlase “As retribucións dos funcionarios nos primeiros anos do Estado constitucional”. O autor enfoca o seu estudo dende a “angustia económica xeral” que caracteriza a Administración da primeira metade do século XIX, e que loxicamente influirá na función pública. O traballo céntrase fundamentalmente nos anos seguintes á morte de Fernando VII (1833).

O primeiro apartado versa sobre as incompatibilidades orzamentarias e políticas. O autor baséase en distintos reais decretos promulgados despois da morte de Fernando VII, nos diarios de sesións do Congreso dos Deputados e nas actas do Consello de Ministros. Noutro apartado analízase a ausencia de vacantes e a prohibición de crear outras novas, froito da escaseza do Estado que provoca o que o autor denomina “conxelación de provisións”. Pero non só había conxelación de vacantes senón que incluso se chegou ás rebaixas dos soldos dos funcionarios. É significativo neste sentido o texto do Real decreto do 19 de setembro de 1836 que establece a necesidade de que “os empregados de tódalas carreiras do Estado contribúan ós gastos da presente guerra cunha parte dos haberes dos que gozan”. Sobra dicir que se refire á primeira guerra carlista.

Alejandro Nieto sinala o atraso e a irregularidade que caracterizaba o pagamento dos empregados públicos. Proporciona varios exemplos da demora no pagamento de soldos e nas xubilacións e pensións, que sen dúbida crearían circunstancias dramáticas entre os que o sufrían. De seguido Nieto analiza o importe dos soldos dos funcionarios de diferentes departamentos (Ministerio de Facenda, Ministerio de Gracia e Xustiza, Consello Real de España e Indias). A conclusión de Nieto é que estes soldos eran inferiores ós proporcionados no ámbito privado, o que motivaba que algúns funcionarios públicos abandonasen o servizo atraídos por outras ofertas superiores. As restriccións presupostarias facían que se atrasase a idade da xubilación, que nun principio se estableceu ós cincuenta anos. A contía da pensión de xubilación establecíase en función do maior soldo percibido e dos anos de servizo. As pensións pagábanse coa mesma demora cós soldos dos funcionarios en activo.

En definitiva, Nieto realza a penuria económica que tivo o nacente Estado constitucional á morte do rei Fernando VII, que loxicamente incide nos emolumentos dos servidores públicos.

Pegerto Saavedra presenta a continuación o traballo titulado “A Administración señorial”. Saavedra céntrase fundamentalmente no século XVIII. O autor sinala que en Galicia a Administración señorial ten un interese especial, pois segundo os diversos padróns do século XVIII (1752, 1760, 1787) só un 10% da poboación vivía en territorio de reguengo, o que quere dicir que a grande maioría caía baixo a xurisdicción de institucións eclesiásticas e casas da nobreza. As xurisdiccións señoriais atopábanse no ámbito xudicial e económico subordinadas a un centro (único para unha casa, por exemplo a de Altamira, ou varios correspondentes a antigas casas logo agregadas). Este centro situábase normalmente nunha cidade ou vila. Alí residían, entre outros, un alcalde maior ou administra-

dor xeral, os contadores, o arquivista, o escribán da audiencia e o alguacil maior. Nas xurisdiccións residen os xuíces ordinarios, escribáns, procuradores de casas, e mordomos. Pegerto Saavedra analiza no seu traballo distintos casos de xurisdiccións (a casa de Lemos, a de Altamira, entre outros).

Co paso do tempo a evolución da Administración señorial viuse condicionada polas disposicións da monarquía, que limitaban certas facultades das xurisdiccións. Resulta interesante a apreciación de Saavedra sobre a evolución das matrículas dos estudos de leis na Universidade compostelá, nas que se ve un grande aumento polas oportunidades que se lles abrían ós xuristas no mundo da Administración real e señorial.

O seguinte relatorio titúlase “Caciquismo e funcionariado en Galicia no século XIX” e redactouno Xosé Ramón Barreiro Fernández. Para Barreiro unha das características do novo Estado implantado pola revolución liberal é a “despatrimonialización” do mesmo como contrapunto ó que ocorría durante o antigo réxime. O empregado público xa non será un servidor do rei senón da nación, e isto supón unha concepción impersoal do servizo público. A aparición do Estado liberal supón o deseño dunha nova organización administrativa en España. Os lexisladores optarán por un modelo unitario e centralista, que aseguraba máis o control da sociedade.

Barreiro sinala que durante o século XIX, os funcionarios públicos careceron dun estatuto que garantise a súa estabilidade e independencia. “A revolución liberal –con palabras de Barreiro– irrompeu no contexto da modernidade liberal: unha nova filosofía política, unha nova semántica, unha inédita representación política, unha nova Administración”.

A aparición dunha nova Administración atopou boa recepción nas cidades galegas, que as dotaba de máis poderes e de orzamentos máis altos. Pero no mundo rural non ocorreu o mesmo, e isto non por oposición á ideoloxía liberal senón por descoñecemento. A nova situación non encaixaba no mundo rural tradicional. Precisamente aquí ve Barreiro a razón da aparición do caciquismo. O cacique era a ponte que unía a nova Administración co campesiñado. O cacique coñece os mecanismos do mundo funcional e convértese nunha figura primordial para os gobernadores civís, pezas fundamentais da Administración decimonónica. Establécese así o que Barreiro denomina “convivencia fructífera para ambos”. O cacique asegura o éxito nas eleccións e a cambio asume poderes e influencia, xa que teñen capacidade para designar-los alcaldes, os secretarios, os escribáns, etc.

O seguinte capítulo é de Pablo González Mariñas e titúlase “Don Luis López Ballesteros e a Administración española”. O au-

tor define a Ballesteros como personalidade “complexa e senlleira”. Ministro durante moito tempo no reinado de Fernando VII, é autor dunha grande obra política e lexislativa. Para Mariñas é no ámbito da Facenda pública onde “a súa pegada foi máis forte”.

O primeiro tercio do século XIX son anos de paso do antigo ó novo réxime. Hai unha transición ideolóxica, que loxicamente repercute na Administración. De tódolos xeitos, perviven as antigas xurisdiccións cos seus particularismos e resiste aínda o sistema de consellos; o sistema económico segue a ser precapitalista. É unha etapa de confusión. No ámbito burocrático sucede algo semellante. O cambio burocrático tarda moito tempo en callar en España. Permanece durante tempo a imaxe do funcionario absolutista.

Ballesteros é unha personalidade polémica para os estudiosos (Mariñas proporciona diversos xuízos, sobre a súa figura, de Federico Suárez, Ramón Carande, Raymond Carr ou Josep Fontana). Para este último autor Ballesteros propuña unha vía intermedia entre o absolutismo e o liberalismo, “un despotismo ilustrado posto ó día”.

Mariñas incide no pragmatismo de Ballesteros e no seu afán de conciliación. Deste xeito pódese entender que fora ministro de Facenda durante dez anos (1823-1833), mentres que durante case outros dez (1814-1823) houbo doce ministros do ramo.

O primeiro que destaca Mariñas do labor de Ballesteros é a creación da “Real Xunta Consultiva de Goberno” en 1825. Este zórgano tivo curta vida, pero recibiu numerosos eloxios entre eles os de Pi y Margall. Acababa de crearse o Consello de Ministros (1823) e a figura do Consello de Estado estaba esvaecida. Esta Real Xunta Consultiva debía aconsella-las grandes medidas do Estado, sobre todo as de tipo económico e tributario.

Mariñas destaca, a continuación, a reforma administrativa da Facenda pública, que emprende López Ballesteros cun certo tecnocratismo. Mariñas sinala a importancia da “Instrucción xeral para a dirección, administración, recadación, distribución e conta da Real Facenda” do 3 de xullo de 1824, que define o sistema administrativo da Facenda.

O 10 de outubro de 1830 restablécese o Ministerio do Interior por obra de Ballesteros. A súa creación era conflictiva debido ós antecedentes gaditanos e bonapartistas que tiña esta institución. Segundo Mariñas, Ballesteros tivo “unha decisiva influencia na creación deste ministerio, que non vai xa desaparecer, e que terá un preponderante papel na consolidación do chamado *Estado administrativo*”.

O último punto que trata Mariñas é o da reforma burocrática, que na súa opinión é quizais o máis destacable de Ballesteros. Mariñas cita diversas ordes e circulares (con doses de obxectividade,


racionalidade e modernización) dos anos 1824, 1825, 1827 e 1828, que non se cinguen só ó ámbito da Facenda pública, por máis que este departamento era o que tiña o persoal máis numeroso de toda a Administración pública naquela época.

O seguinte capítulo titúlase “A selección dos funcionarios públicos de 1808 a 1964”, e elaborouno José Ignacio Morillo-Velarde Pérez. Este autor estudia os factores de mérito e capacidade como criterios de acceso ós empregos públicos durante eses anos. Durante boa parte do período, estes factores “enténdense como unha pauta, máis orientativa que vinculante, para o exercicio da potestade de nomeamento e ascenso dos funcionarios”. Será a fins do século pasado e principios do presente cando comezan a establecerse mecanismos que fan efectivos os principios de mérito e capacidade para o ingreso na función pública. De seguido, Morillo estudia a evolución dos sistemas de selección dos funcionarios dende principios do XIX ata a reforma de 1963-64. Fala primeiro da selección dos funcionarios dos corpos especiais. A continuación estudia brevemente os diversos estatutos de funcionarios: o Estatuto de López Ballesteros do 19 de agosto de 1825 (no que ve un claro intento de profesionalizalo persoal ó que se dirixe, fundamentalmente o da Real Facenda), o Estatuto de Bravo Murillo do 10 de xuño de 1852, e o Estatuto de O’Donnell do 4 de marzo de 1866. De seguido fala da función pública e do Exército e da Armada. O último apartado está dedicado a unha breve síntese do período que vai do Estatuto de Maura do 22 de xullo de 1918 ata a Lei de funcionarios civís do Estado, xa na época de Franco, da que o seu marco xurídico de selección dos funcionarios públicos, coas modificacións dos anos oitenta, aínda pervive.

O último relatorio é de Jesús Lalinde Abadía e titúlase “Responsabilidade de oficiais e funcionarios (Tipoloxía procedementa histórica)”. Este capítulo trata do réxime disciplinario dos funcionarios, fundamentalmente na época medieval.

O primeiro dos procedementos que estudia Lalinde é a denominada *pescuda*, que debeu aparecer no século XIII e é propia dos reinos de León e Castela. A *pescuda* “supuxo a conciencia da necesidade de controlar, o poder público, a actuación dos seus axentes”. Estudia despois a *inquisición* como principio procedementa xeral. Con este carácter aparece no século XIII no Reino de Aragón e sobrevive ata o mesmo século XVIII. Despois trátase da *residencia*, que ten a súa orixe nas *Partidas* e que se suprimirá no ano 1799. A denominada *purga de taula* é un procedemento do que Lalinde Abadía foi un dos seus primeiros estudiosos. Era un medio de esixencia de responsabilidade dos oficiais reais en Cataluña, que aparece, na práctica, en 1283 e desaparece con tal denominación en 1716. Despois Lalinde trata da *visita*, que presenta analogías coa

residencia e a purga de taula, e aparece na idade moderna co fin de conseguilo bo funcionamento dos órganos colectivos da Administración. O seu principal defecto foi o grande custo que supuxo para a Real Facenda. Elixíanse visitadores entre xuristas notables, co fin de frear abusos das autoridades periféricas. O seguinte procedemento que estudia Lalinde é a reparación de *agravios*, que constituía o recoñecemento por parte do rei e dos seus oficiais da posible lesión de dereitos subxectivos. Lalinde Abadía analiza tamén o *expediente disciplinario*, figura xa da nosa época.

No final desta obra inclúense dúas comunicacións. Na primeira (“As reformas de López Ballesteros na función pública”, de Ignacio López-Chaves Castro) estúdiáanse fundamentalmente dúas disposicións de López Ballesteros (a “Real orde que prescribe a instrucción e circunstancias dos aspirantes a empregos da Real Facenda”, do 19 de agosto de 1825, e o *Estatuto* de López Ballesteros de 1827). Na segunda comunicación (“O funcionariado na doutrina galeguista: ¿Visión fondamente social ou interesadamente política”, de Álvaro X. López Mira) analízanse, os distintos enfoques sobre a Administración e os seus funcionarios, en diversos textos de personalidades galeguistas, no programa do Partido Galeguista e no Estatuto de Galicia de 1936. Como resumo final cabe dicir que na presente obra se recollen un conxunto de traballos de temática dispar, aínda que todos eles interesantes, que axudarán a comprende-la influencia que tivo na sociedade a función pública e, por extensión, a Administración, ó longo da nosa historia. 

Xosé Luís Mínguez Goyanes

Doutor en historia.
Corpo Superior da Administración
da Xunta de Galicia

La justice constitutionnelle en Europe

Dominique Rousseau

Montchrestien, 2ª ed., París, 1996, 158 páxinas.

O prestixioso autor desta obra é profesor da Universidade de Montpellier I e director do Centre d'Études et Recherches comparatives, constitutionnelles et politiques. Nesta ocasión trata de ofrecer, dun xeito sumario, unha visión global do que é, e do que supón a xustiza constitucional no noso continente. Acode, para iso, tanto a reflexións de corte xeral como a datos concretos referidos a ordenamentos determinados. Así as cousas, fai unha visión histórica do tema, aborda a súa xustificación, ofrece os trazos organizativos e funcionais dos tribunais constitucionais europeos na actualidade, e dá conta dalgunha das liñas xurisprudenciais que poden predicarse comúns dos ditos órganos.

O recurso ó método do dereito comparado está presente ó longo de todo o traballo, ofrecéndonos datos, tanto lexislativos como xurisprudenciais, de Alemaña, Austria, Bélxica, Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, España, Estados Unidos, Francia, Gran Bretaña, Grecia, Hungría, Italia, Irlanda, Xapón, Polonia, Portugal, Roma-

nía, Suecia e Suíza. En ocasións, estes datos resultan demasiado amoados, co que afastan o lector do fío argumental que nese momento se estaba seguindo. Quizais iso se puidera resolver cun maior emprego de notas ó pé, moi escasas, ou coa utilización de cadros comparativos das diversas regulacións nacionais. Por outra parte, é evidente que o recurso ó iuscomparativismo non significa unha simple acumulación de datos positivos senón unha análise simultánea das distintas previsións nun aspecto dado, co que se pretende extraer unha serie de tendencias e conclusións útiles para o fin que se persegue, que non pode ser comparar por comparar. Isto si que o fai con especial corrección e coidado o autor.

Para situa-lo tema, abórdanse dúas cuestións con afán introductorio. Por un lado, alúdese á historia da xustiza constitucional, para o cal se acode tanto á orixe da institución como ó desenvolvemento desta. Isto efectúase seguindo os patróns clásicos, é dicir, diferencia-lo modelo americano, nado baixo a égida do xuíz Marshall, e o modelo europeo, producto da obra de Kelsen. Bótase en falta algunha referencia a algo que parece evidente na actualidade: a superación destes dous tradicionais modelos e a confluencia das súas pretendidas características. No desenvolvemento da xustiza constitucional distínguense tres etapas, correspondentes, unha, ó momento posterior á Primeira Guerra Mundial, outra, ó momento posterior á Segunda Guerra Mundial, e a terceira, ós anos setenta. Tamén se fai unha especial referencia ó nacemento desta institución en Europa Central, onde o impulso se produce dende o ano 1990.

A outra cuestión que pretende ter carácter introductorio é a referida á lexitimidade da xustiza constitucional. Hoxe, a súa xustificación parece un tema superado por motivos da máis variada índole. Non obstante, o autor cre conveniente entrar nel. Non hai que esquecer que o ambiente xurídico do que procede, o francés, foi un dos máis reticentes en aceptar que a lei só pode valer dentro dos límites constitucionais, e que resulta necesario garantir, a través da xustiza constitucional, a supremacía da norma básica. Son diversos os razoamentos que utiliza para sustenta-la lexitimidade do control da constitucionalidade por un órgano xurisdiccional, entre os que destaca o respecto dos dereitos fundamentais, o presuposto do cal é a disociación entre gobernantes e gobernados (se hai diferenza entre a vontade duns e doutros, o control da lei votada por aqueles non é contrario ó principio democrático), e o control dos poderes, que é o trazo esencial da democracia, dado que a idea de sufraxio universal non é, nin moito menos, suficiente. A eles poderíaselles engadi-la garantía das minorías, a defensa da propia supremacía da Carta Magna, e a integración con base en valores que teñen lugar a través da xurisprudencia constitucional.

A análise do estado actual da xustiza constitucional en Europa faise partindo da organización desta. Neste sentido, o estudio comparado das regras de designación revela a existencia de distintos sistemas de elección ou de nomeamento dos xuíces constitucionais, que deben cumprir unha serie de condicións, referidas xeralmente á súa formación profesional, para que teña lugar a dita designación e, tamén deben respectar un conxunto de incompatibilidades co fin de que a súa función non se vexa cuestionada. Sen dúbida, asegura-la autonomía e a independencia do xuíz constitucional é condición *sine qua non* para o éxito das altas tarefas que ten encomendadas. Na marxe da asistencia xurídica da que acostuman dispoñer os xuíces constitucionais, o funcionamento dos tribunais constitucionais ofrece distintas posibilidades na medida en que adoitan estar divididos en cámaras ou seccións, ademais de actuar, noutros casos, en sesión plenaria.

A análise dos aspectos adxectivos que ofrece o presente traballo responde, de novo, a un esquema clásico e suficientemente coñecido. Deste xeito, diferencia entre control *a priori* e control *a posteriori*. Este resulta o máis adecuado, por non dici-lo único adecuado, malia que o autor non o ve con tanta claridade (de novo encontramos outro reflexo do ambiente xurídico francés, no que o control é *a priori*). Só cun control *a posteriori* se pode ir adaptando a interpretación constitucional á realidade do momento histórico en que ten lugar, co fin de que se cumpra, así, a elemental finalidade xurídica de disciplinar con corrección e xustiza a realidade social. Ademais, a lei interpretada pode contemplarse de moi diferente forma en función do contexto histórico no que ten lugar a operación hermenéutica, de forma tal que o que agora se entende como constitucional, ó mellor é visto como inconstitucional no futuro, e viceversa. Para maior abastanza, cabe indicar que o control *a priori* xera dúbidas en canto ó carácter xurisdiccional do mesmo, posto que o principio de contradicción é difícil que se cumpra.

Pero esta non é a única clasificación das modalidades de control que se recolle no traballo. Tamén se alude á diferencia entre control abstracto, concreto (pártese, a diferencia do suposto anterior, dun caso xudicial ordinario e determinado, que presenta carácter subxectivo en tanto en canto os lexitimados defenden intereses propios) e con base nunha demanda individual. Os dous primeiros eran os únicos que se adoitaban ter en conta, pero a aparición do que poderíamos chamar accións populares, é dicir, da posibilidade de que calquera persoa incoe un procedemento de inconstitucionalidade desligado dun caso concreto, fai que teña pleno sentido introducir un ítem máis. En canto ó obxecto do control é subliñable que non só se faga referencia ós actos positivos se-


nón tamén ás omisións do lexislador. Se a Constitución é auténtica norma xurídica, a súa vulneración pode provir tanto por acción como por unha inacción. Do mesmo xeito aténtase contra a súa supremacía tanto realizando un acto contrario a ela como non desenvolvendo un precepto constitucional que conteña tal obriga de desenvolvemento. O fin do proceso constitucional vai máis alá do binomio sentenza estimatoria da inconstitucionalidade-sentencia desestimatoria. A práctica ofrécenos outras modalidades de sentencias (de inconstitucionalidade parcial, de simple inconstitucionalidade, apelativas, constructivas ou manipulativas, interpretativas...) o estudo das cales é un dos temas máis complexos que a actualidade ofrece no campo do dereito público. Neste traballo déixase ver con corrección a punta dese iceberg.

O último bloque do libro dedícase a mostrar algunhas das liñas xurisprudenciais que, nun ou noutro sentido, son comúns ós distintos órganos de xustiza constitucional no noso continente e que afectan ó sistema político do país en cuestión. Neste sentido a xustiza constitucional cumpre un papel tanto protector como innovador. Respecto do primeiro hai que destaca-la protección dos dereitos fundamentais, articulada esta a través dunha serie de ideas que o autor cualifica de dereito común: protección dos principios da economía social de mercado e da sociedade pluralista. De igual forma, estes órganos protexen as competencias das distintas entidades estatais, xa no sentido da distribución territorial do poder (sería o conflito de competencias español), xa respecto das atribucións dos entes centrais (o conflito de atribucións no noso país). Pero como tamén dixemos, o labor da xustiza constitucional aparece cun forte sentido innovador, que se deixa sentir con forza, por exemplo, na mutación que tivo a idea da lei como expresión da vontade xeral o que provocou unha transformación do sistema constitucional que se coñecía anteriormente. Iso resulta en Francia especialmente significativo. Así as cousas, o autor aventúrase a apuntar unha nova configuración política que xira ó redor da figura do xuíz constitucional e que evoluciona cara a unha democracia continua que vaia máis alá da democracia representativa. Por certo, o tema da democracia continua xa o investigara con anterioridade este profesor galo, posto que coordinou un libro colectivo con ese título un ano antes de que saíse á luz a obra por nós comentada.

Estamos, en definitiva, ante un traballo que persegue dar conta con sinxeleza da situación actual da xustiza constitucional en Europa, anque, iso si, renuncia a entrar en análises exhaustivas que, sen dúbida, lle darían unha complexidade da que parece fuxir o autor. Non obstante, non podemos esquecer que unha verdadeira percepción cun fundado coñecemento de causa do que é o auténtico papel dos órganos de xustiza constitucional no continente,

BIBLIOGRAFÍA E RECENSIÓNS

só se pode lograr cunha investigación máis densa e reflexiva, en canto ó fondo, cá ofrecida neste traballo. Hoxe, na maioría dos países europeos, os tribunais constitucionais desempeñan un papel esencial no discorrer do sistema político e revélanse como un compoñente básico na forma de Estado democrática. Deste xeito, parafraseando o propio Domenique Rousseau, o control de constitucionalidade convértese nun elemento distintivo e característico dun réxime democrático, no mesmo nivel cá separación de poderes, a independencia do poder xudicial, a liberdade de voto e o pluralismo dos partidos políticos e dos medios de expresión.

Sexa como for, a finalidade informativa xenérica que buscaba o autor si que a consegue sobradamente. Neste labor non só permanece no terreo descritivo e expositivo, tanto dos aspectos normativos como das achegas doutrinais, senón que tamén cruza de maneira exitosa en diversos momentos o campo da sistematización e da explicación. 

José Julio Fernández Rodríguez

Profesor de dereito consitucional.
Universidade de Santiago de Compostela

Normas para a presentación de orixinais

1. Os traballos serán orixinais, non publicados nin total nin parcialmente, nin enviados a outros medios de publicación.
2. Presentaranse en follas DIN-A4 mecanografadas a dobre espacio nunha soa cara e numeradas, incluíndo, de se-lo caso, e como máximo, 15 gráficos ou táboas.
3. As ilustracións serán numeradas segundo a súa orde de aparición no texto, co seu listado e lenda ou pé en folla á parte.
4. O título do traballo será breve (como máximo oito palabras) e poderáselle engadir un subtítulo. Non conterà abreviaturas nin notas.
5. Inclúiranse co título do artigo catro ou cinco descritores a través dos que se poida clasifica-lo artigo.
6. Baixo o título colocarase o nome do autor ou autores, e incluírase ó pé da páxina a profesión ou cargo principal co que desexan ser presentados.
7. O traballo irá precedido obrigatoriamente dun sumario ou resumo inferior a 150 palabras, sobre o contido e conclusións, sen notas ó pé. Acompañarase a versión inglesa do sumario.
8. Os traballos completos enviaranse por triplicado.
9. A numeración dos apartados farase só con caracteres arábigos ata tres díxitos.
10. As notas a pé de páxina recolleranse ó final do manuscrito en folla á parte.
11. As referencias bibliográficas (e soamente as citadas no texto e nas notas) situaranse ó final do traballo e en

orde alfabética de apelidos, do seguinte xeito:

Libros:

AUTOR (ano): Título do libro, número de edición, editorial, lugar.

Artigos:

AUTOR (ano): Título do artigo, título do libro ou nome da revista, volume e número, paxinación, editorial, lugar. Nos casos de máis dun traballo do mesmo autor e ano, a este engadiráselle unha letra ordinal (1986, a; 1986, b; etc.).

As citas, nas notas de páxina, remítiranse á bibliografía final indicando o autor, ano (con a, b, etc.), volume e páxinas interesadas.

12. Se se utilizan abreviaturas ou siglas (organismo, revistas, etcétera), incluírase o seu listado detrás da bibliografía.
13. Achegaranse o enderezo postal e o teléfono dos autores e a data de remisión do orixinal.
14. Os traballos asinados expresan a opinión dos autores e son da súa exclusiva responsabilidade, para tódolos efectos.
15. Os autores comprométese a corrixi-las probas de imprenta nun prazo de sete días, e enténdese que, noutro caso, se outorga a conformidade co texto que aparece nelas. Non se poderá modificar substancialmente o texto orixinal a través desta corrección de probas.
16. Os traballos enviaranse a:

*Revista Galega de
Administración Pública*

EGAP

Pol. das Fontiñas, rúa Madrid, 2-4
15707 Santiago de Compostela.
Galicia. España.



CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA



ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA